- Todas as aulas e locais do centro foron dotadas de wifi, de conexión con cable para internet e intranet do centro, de ordenador e de pantallas dixitais interactivas táctiles. Diariamente 600 alumnos e profesores traballan con dispositivos persoais conectados á wifi do centro.

- Esta infraestrutura é necesaria para poder levar a cabo correctamente e dun xeito eficiente o control e o estilo de traballo diario nas 56 aulas comúns e específicas, así como rexistrar por parte do profesorado e outros traballadores do centro os datos, incidencias, comunicacións, seguimento da programación de aula...
- Así é posible a comunicación a través de internet entre profesores, alumnos e familias. Todos eles poden consultar a diario as tarefas, recordatorios, controis, incidencias, circulares, convocatorias de reunións, solicitudes de entrevistas co titor e profesores, posibilidade de xustificación de ausencias, consulta de cualificacións, mensaxería interna, noticias, axenda, horarios, etc. relacionados co día a día da tarefa educativa que se leva a cabo no centro.
- A plataforma é modular e está en constante mellora e ampliación de funcións. Os módulos de xestión económica, de secretaría, de avaliación, de orientación e titoría, do profesorado e de comunicación están coordinados entre si e dependen uns doutros para poder prestar o servizo sen fisuras.
- O prezo deste servizo contempla rebaixas en caso de irmáns e gratuidade a partir do terceiro irmán. Tamén, segundo criterio salesiano, préstase o mesmo servizo para familias con dificultades económicas que o soliciten.
- Os prezos son aprobados polo Consello Escolar e comunicados en tempo e forma á Xefatura Territorial.

6.3.5. Servizo complementario “Proxecto chromebook”

- A partir de 5º de Primaria o centro traballa cun dispositivo persoal chromebook e licencias dixitais. O dispositivo é unha ferramenta educativa, polo que debe ter asociada a conta corporativa que se lle asigna. Está prohibido o acceso ás páxinas que non son axeitadas para **menores (contido sexual, apostas, ...)** nin necesarias para o traballo escolar (xogos, redes sociais, etc.). O centro pon os medios que estas ferramentas lle permiten para evitar estes accesos, pero é responsabilidade do alumnado respectar a norma.
- O dispositivo no pode saír da aula en horario escolar, polo que está prohibido no recreo, como calquera outro dispositivo (móbil, etc.).
- O servizo inclúe, entre outros conceptos: configuración do dispositivo persoal, xestión e carga de licencias dixitais dos libros, xestión da consola Google, licencias e xestión da plataforma Blocksí para xestión dos dispositivos por parte do profesorado, a presenza dun informático no centro durante todo o horario escolar para resolver no momento as posibles incidencias ou problemas que xurdan, a infraestrutura wifi do centro, etc. Os prezos son aprobados polo Consello Escolar e comunicados en tempo e forma á Xefatura Territorial.

7. ASOCIACIONISMO

7.1. Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA)

Actualmente a xunta directiva da ANPA está formada por:

— Presidente	Enrique García
— Vicepresidenta	María José Alonso (actividades culturais)
— Secretaria	Ana Igea
— Vicecretaria	Lorena Lois
— Tesoureira	Magalí Botti
— Vogais	Marian González (pastoral)
	J. Emilio Souto (Consello Escolar e deportes)
	Gerard Prieto (comunicación)
	Yolanda Gómez (comunicación)
	María Ángeles Cortés (actividades culturais)
	María Rosa Cougil (actividades culturais)
	Carmen Pérez (actividades culturais)

Asemblea Xeral Ordinaria de socios/as: 21 de novembro de 2024

7.2. Asociación Xuvenil Amencer

O Centro Xuvenil está aberto ao alumnado do colexio e tamén a outros mozos/as da cidade. Secretaria: De luns a sábado pola tarde está aberta a sala aberta, biblioteca, ludoteca, sala de exposicións e a sala de apoio educativo.

Durante a fin de semana organiza actividades educativas no tempo libre.

En tempos de lecer (vacacións, pontes...) organiza campamentos e actividades de conciliación no colexio.

— Director: Xulio C. Iglesias

— Coordinador: Julio Vilar

■ Asociación Xuvenil Amencer

- É unha asociación de xente miúda e xente moza onde se desenvolven actividades de todo tipo: música, solidariedade, deportes, informática, acampadas, festas, saídas, obradoiros, curso de monitores, información xuvenil...
- É un lugar de encontro para mozos e mozas, a través da sala aberta. A través dos centros de interese xuvenís, realízanse proxectos e actividades que axudan a medrar como persoas en clave de fe.
- De luns a sábados pola tarde e en fin de semana de xeito intensivo.

En colaboración coa pastoral do colexio e a parroquia temos os seguintes grupos formativos integrados no IEF (Itinerario de Educación na Fe):

■ Saltimbanquis

- Para nenos e nenas de 1º a 3º de Primaria. Trátase de que medren como persoas cun horizonte de fe, a través de actividades lúdicas.
- Xúntanse os sábados de 11:00 a 13:15 horas.

- Andaina
 - Trátase de rapaces e rapazas de 4º a 6º de Primaria. A través do xogo ofréceselles a posibilidade de medrar como persoas e cristiáns.
 - Xúntanse os sábados de 11:00 a 13:15 horas.

- ADS
 - Para rapaces e rapazas de 1º e 2º da ESO. O obxectivo é fomentar a dimensión humana desde valores cristiáns a través de experiencias e actividades en grupo.
 - Xúntanse os sábados de 11:00 a 13:15 horas.

- Grupos Xuvenís de Catecumenado
 - Para mozos e mozas desde 3º da ESO ata 1º de Universidade que queiran facer un proceso de maduración persoal a través da experiencia de grupo e de acordo cunha opción de fe. O horario establécese en cada grupo.

7.4. Asociación Deportiva Bosco

Os seus obxectivos son o fomento e a práctica de actividades deportivas, sen ánimo de lucro, entre os alumnos do colexio, aínda que non exclusivamente. Complementa a formación da persoa a través dos valores do deporte.

A asociación traballa nas seguintes disciplinas:

- Minibásquet e Baloncesto
- Fútbol 8 e fútbol 11
- Badminton

- Xerente: Manuel Blanco
- Coordinador fútbol: Tomás Rodríguez
- Coordinador baloncesto: José Antonio "Sonny" Vázquez

7.3. Asociación de Antigos Alumnos Salesianos

Os alumnos e alumnas que estiveron no colexio en anos anteriores poden formar parte da Asociación de Antigos Alumnos de Don Bosco.

- Presidente: Valentín Valeiras
- Vogais: Luis Meiriño
Cristina Fernández
Francisco J. Gómez
Guillermo
- Delegado: Iván Vilar

8. PLAN DE COMUNICACIÓN DO CENTRO

Unha relación harmoniosa entre as familias e o colexio é imprescindible para acadar que os alumnos e alumnas medren persoal e academicamente. Para acadar isto cómpre garantir o fluxo de información bidireccional entre as familias e o centro educativo.

A continuación se indican as canles de comunicación do centro, internas e externas.

1. Plataforma “educ@mos”

É a vía de comunicación oficial do centro coas familias. Accédese mediante unha clave persoal. Ten diferentes perfís de acceso: alumno, pai/nai, profesor e outros con funcións específicas. Insistimos en que as claves dos pais non sexan coñecidas polos seus fillos para garantir que a información chega correctamente.

As principais informacións que subministra a plataforma son: cualificacións, ausencias ou retrasos, incidencias, avisos, recordatorios, exames, tarefas, horario de clases, axenda, correos do profesorado, circulares, xustificación das ausencias (só para perfil de pai/nai), ...

Tamén dispón dunha mensaxería de correo para comunicacións áxiles e sinxelas, co titor e co profesorado. Para outro tipo de informacións é aconsellable a entrevista.

URL para a aplicación móbil: <https://mariaauxiliadora-salesianos-orense.educamos.com/>
(código de centro: 749)

2. Web e redes sociais do colexio: www.salesianosourense.com

A web contén información xenérica e noticias relacionadas coa actividade do centro, blogs do centro, acceso ás redes sociais, etc.

As redes sociais fanse eco fundamentalmente das actividades que se desenvolven no día a día do centro, con publicación de fotos e vídeos ilustrativos, dirixidas tanto á comunidade educativa como ao público en xeral.

Actualmente contamos coas seguintes redes sociais: Facebook, Twitter (X), Instagram e Youtube.

3. Taboleiros de anuncios

Atópanse en portería e no pórtico de entrada. Para informacións de interese xeral (proceso de admisións, anuncios, etc.).

4. Reunións coas familia

Ao longo do ano escolar convócanse por plataforma as reunións de pais coa dirección e titores. Unha das máis importantes ten lugar ao comezo do curso. Nela observamos o seguinte esquema xeral:

* A primeira parte consiste nunha reunión conxunta no salón de actos, na que se da a benvida, se presenta o lema do curso, o plan de pastoral, as actividades extraescolares e de tempo libre. Interven o director, o administrador, o coordinador de pastoral e da xefa de estudos.

* A segunda parte ten lugar nas aulas, cos respectivos titores.

Tamén hai outras convocatorias para tratar asuntos específicos: programas de inmersión lingüística, intercambio con Francia, excursións, materias optativas na ESO, información sobre o bacharelato, ABAU...

5. Circulares e programas de festas colexiais

As circulares e comunicados dirixidos ás familias publícanse na plataforma.

Os programas de festas colexiais de Don Bosco e María Auxiliadora aparecerán na plataforma, na web e nas redes sociais do centro.

6. Boletín informativo de notas

O boletín informativo das avaliacións publícase na plataforma, agás o da avaliación final, que tamén se entrega en papel por ter carácter oficial.

7. Entrevistas cos titores

As titorías son momentos privilexiados para facer un intercambio de informacións e puntos de vista en orde á mellora educativa dos alumnos. As entrevistas pódense solicitar a través da plataforma, tanto a iniciativa dos titores coma dos pais. Hai uns días establecidos para estas entrevistas con carácter xeral, pero sempre hai que acordar previamente cos titores o día e hora (ver punto 2.4.7.).

A QUEN DEBO ACUDIR...?

- TITOR/A

É a persoa de referencia para tratar calquera cuestión referente aos vosos fillos e fillas. Os titores reciben periodicamente información dos vosos fillos a través do resto do profesorado.

Tede en conta o modo de proceder indicado máis arriba para solicitar unha entrevista. Para cousas sinxelas é suficiente cunha comunicación ou consulta pola mensaxería da plataforma.

- PROFESORADO

Para aclarar dúbidas ou cuestións relativa a materias concretas (por exemplo: sobre un exame), podedes contactar co profesor ou profesora da materia, ben mediante unha nota a través dos vosos fillos ou ben mediante a plataforma. No posible, hai que respectar os días de atención ás familias indicados.

- ORIENTADORA (D^a Berta Rodríguez).

A Orientadora é a persoa axeitada para tratar de avaliar e corrixir dificultades na aprendizaxe ou problemas de convivencia. Tamén asesora e proporciona información sobre os diferentes itinerarios académicos e futuras saídas profesionais.

Para tratar calquera destes aspectos pódese solicitar unha entrevista persoal con ela a través dos titores.

- XEFATURAS DE ESTUDOS (D^a Cristina Nespereira EI-EP e D^a Marta Gómez ESO-BAC).

As Xefas de Estudos son as máximas responsables da organización pedagóxica e da xestión da convivencia no colexio. Se hai algunha cuestión pedagóxica que unha vez tratada co titor non se resolve satisfactoriamente, debedes solicitar unha entrevista persoal coa Xefa de Estudos correspondente a través dos titores (EI-EP) ou directamente (ESO-Bac.). Tamén cando prevedes a ausencia de varios días do centro por motivos familiares hai que contar en primeiro lugar con elas.

- DIRECTOR (D. Lupi Peña).

É o máximo responsable do centro. Podedes acudir a el para tratar cuestións particulares, como casos de circunstancias económicas persoais que afectan dalgunha maneira á relación familia-centro, quedando

sempre garantida a confidencialidade. Por último, tamén é necesaria unha entrevista co director tanto no momento da admisión como da baixa no centro.

- ADMINISTRADOR (D. José Álvarez).

Para asuntos económicos ou de administración.

- COMEDOR - MADRUGADORES (D^a Inés Vázquez).

Para asuntos relacionados co comedor ou madrugadores.

- SECRETARÍA (oficina) (D^a Cristina Sánchez).

Calquera asunto relacionado coa documentación académica, certificados, inscricións en comedor e gardería, partes de accidentes, información becas do Estado ou do Concello, matriculas, ...

- COORD. DE PASTORAL (D. Xulio C. Iglesias ESO-BAC e D. Pablo Álvarez EI-EP)

Temas referidos á dimensión cristiá do centro. Grupos Saltimbanquis, Andaina, ADS, Catecumenado.

- OUTROS

Amencer (D. Julio Vilar, coordinador).

Parroquia María Auxiliadora (D. Belarmino Posada, párroco).

Asuntos en relación coa catequese, primeira comunión, confirmacións e outros sacramentos ou actividades parroquiais. Ver máis info na [web](#)

Asociación Deportiva Bosco (D. Manuel Blanco, xerente).

Coordinador de baloncesto: Sonny Vázquez

Coordinador de fútbol: Tomás Rodríguez.

Ver máis info na [web](#)

Actividades extraescolares.

Cada actividade ten como coordinador o responsable da entidade provedora dese servizo, que indicará o procedemento de atención. Ver máis info na [web](#).

Portería (Jennifer e Román).

Para vales de comedor, avisos directos ou telefónicos, solicitude de información...

9. NORMATIVA XERAL DE CONVIVENCIA (RESUMO)

De seguido presentamos un resumo de algúns aspectos normativos máis frecuentes a ter en conta. [Ver](#) tamén normas de ESO-BAC.

9.1. Dentro do centro

A existencia dun ambiente axeitado no centro é fundamental para acadar o desenvolvemento integral da persoa. Este ambiente é froito da implicación e colaboración de todas as persoas que formamos a vida do centro nun clima de diálogo, respecto, tolerancia e **cumprimento por parte de todos das "normas de convivencia" recollidas no Regulamento de Réxime Interno do Centro no artigo 146.**

- a) O respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daquelas outras persoas e institucións que se relacionan co centro con ocasión da realización das actividades e servizos deste.
- b) A tolerancia ante a diversidade e a non discriminación.
- c) A corrección no trato social, en especial, mediante o uso dunha linguaxe correcta e educada.
- d) O interese por desenvolver o propio traballo e funcións con responsabilidade (asistencia asidua a clases e puntualidade nas mesmas).
- e) O respecto polo traballo e funcións de todos os membros da Comunidade Educativa.
- f) A cooperación nas actividades educativas ou convivenciais.
- g) A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar.
- h) O coidado no aseo e imaxe persoal e a observancia das normas do centro sobre esta materia.
- i) A actitude positiva ante os avisos e correccións.
- j) A axeitada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do centro, conforme ao seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do centro.
- k) O respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
- l) En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente e no presente Regulamento aos membros da Comunidade Educativa e de cada un dos seus estamentos.

Engadimos a estas todas aquelas especificamente indicadas para cada nivel, curso ou grupo, polos xefes de estudo, coordinadores ou titores correspondentes.

9.2. Fóra do centro

Os alumnos e alumnas han procurar que o seu comportamento fóra do centro educativo sexa acorde coa Proposta Educativa, de xeito que na súa conduta e proceder se manifesten como persoas educadas, amantes da paz, defensoras da xustiza e a solidariedade, respectuosas cos dereitos dos demais, sensibles á pobreza e á marxinación, facendo realidade en todo momento o obxectivo último do centro: **"bos cristiáns e honrados cidadáns"**.

9.3. Normas xerais máis comúns

TELÉFONOS MÓBILES, CÁMARAS, OUTROS APARELLOS ELECTRÓNICOS

- Está prohibido para todo o alumnado o seu uso dentro do centro en horario escolar, o que inclúe exhibir, mirar, ter conectado ou utilizar o teléfono móbil e calquera aparello electrónico persoal que non sexa expresamente autorizado. Se un alumno o trae ao centro, debe estar totalmente desconectado (non en modo avión ou silenciado).

- En caso de incumprimento rigoroso destas normas ou que soen alarmas ou chamadas, calquera profesor poderá retirar estes aparellos, que deberán ser recuperados persoalmente polos pais dos interesados en refectura de estudos en tempo e forma establecido no protocolo específico.
- A primeira retirada do aparello polo motivo que sexa ten como consecuencia a expulsión durante un día lectivo.
- Considerarase falta grave por desobediencia negarse a entregalo ao profesor que o requira de ser o caso.
- A reincidencia por retirada do aparello incrementa o tempo de expulsión e a gravidade da falta.
- Especialmente grave será considerado tomar ou transmitir fotos, así como facer gravacións de calquera tipo con eles ou colgalas en internet ou distribuílas polas redes sen o consentimento previo. Pode carrexar incluso consecuencias económicas ou penais.

AULA DE TRABALLO

- Nas seccións de ESO e Bacharelato funciona a aula de traballo para casos de impuntualidade. A ela deberán asistir os alumnos que lles sexa notificado por escrito como consecuencia das faltas de puntualidade e outras sancións que lles sexan impostas.
- A asistencia a esta aula ten prioridade sobre calquera actividade que o alumno deba realizar neste horario, tanto dentro como fóra do colexio, polo que non ten xustificación para non presentarse.
- A entrada farase pola portería. O horario é de 8:00 a 8:30.

VESTIMENTA, CHÁNDAL, EDUCACIÓN FÍSICA

- O centro conta con uniforme escolar propio. É de carácter obrigatorio en 4º de Infantil desde 2023-2024 e a súa implantación obrigatoria será progresiva en cursos sucesivos nas etapas Infantil e Primaria. É optativo a criterio das familias nos cursos que aínda non se implantou a obrigatorialidade. As prendas oficiais pódense adquirir na tenda Sfera (Rúa do Paseo) ou na [tenda online do fabricante](#)
 - O chándal oficial do colexio é obrigatorio desde 4º de Infantil (3 anos) ata 4º ESO, inclusive.
 - Para as clases de Educación Física usarase a camiseta e o pantalón oficial do colexio. Estas prendas oficiais adquirense polos mesmos procedementos que o uniforme. Desde 4º de Infantil ata 4º de ESO inclusive é obrigatoria a seguinte roupa para as clases de Psicomotricidade ou Educación Física: chándal completo e camiseta, modelos oficiais do centro.
- Desde 5º de Primaria ata 4º ESO inclusive é optativa a seguinte indumentaria: suadoiro con carapucha e legging oficial do centro.
- O mandilón de Infantil é obrigatorio para todo o alumnado da etapa. Modo de marcar o nome no mandilón: na parte dianteira, debaixo do logo Salesianos, en maiúsculas, letras de 1 cm de altura, cor vermella, nome e inicial do primeiro apelido. Ex.: DANIEL R. (ver [imaxe](#)).
 - No resto dos casos, a vestimenta é libre, coa condición de que estea limpa e sexa decorosa, non imite o estilo praia nin de xogo e sexa recatada aínda en épocas de calor.
 - Está expresamente prohibido portar ou exhibir símbolos, obxectos ou roupa con debuxos ou mensaxes que induzan ou fagan apoloxía da violencia, do consumo de drogas ou que fagan publicidade política partidista, así como as mensaxes non acordes co Ideario do centro.
 - É importante poñer o nome ou algún sinal que identifique o chándal e as prendas de abrigo no entorno das etiquetas, xa que con frecuencia acumúlase roupa abandonada sen identificar que ninguén reclama.

PROHIBICIÓN DE FUMAR

- A normativa vixente prohibe expresamente fumar en todo o recinto escolar, incluídos os patios abertos e en calquera horario do ano, lectivo ou non (tardes, fins de semana, partidos...). A normativa aplica igual para alumnos que adultos que utilizan os patios fóra do horario escolar.

- Os infractores desta norma prexudican gravemente ao centro en caso de inspección e ateranse ás consecuencias.

LIMPEZA

Como mostra de educación, civismo e coidado das instalacións, cada alumno deberá facerse responsable de utilizar as papeleiras e en ningún caso botar ao chan papeis, bolsas, envoltorios, envases, pipas, gomas de mascar nin outro tipo de lixo.

Hai diversidade de papeleiras para a recollida selectiva, con adhesivos que indican o lixo a botar nelas.

PATIO

Os patios son un espazo común para uso de todos. Para elo cómpre respectar as instalacións e as normas que se indican a continuación.

- Os pórticos e xardíns son espazos nos que non se debe xogar con balóns ou pelotas de ningún tipo, por respecto ás persoas e coidado de portas e paredes. Para xogar hai espazos específicos nas diversas pistas.
- Está prohibido circular con patinetes e bicicletas dentro do recinto escolar para evitar accidentes e incomodidades.
- As escaleiras de acceso á igrexa son un “*espazo de respecto*” para non molestar aos que estean dentro, polo que non se permite o acceso ás mesmas nos recreos nin en horario extraescolar.
- Prégase usar as papeleiras axeitadas e non tirar lixo ao chan.
- Os xardíns teñen un borde de pedra que serve de asento. Para preservar o céspede en bo estado cómpre non almacenar enriba del mochilas, roupa e outras pertenzas persoais, así como evitar que os nenos entren nel ou camiñen polas zonas de asento.

DANOS

- Os danos, roturas ou pintadas que se produzan por negligencia, mal uso das instalacións ou intencionadamente serán repostos polos causantes dos mesmos.
- Sen prexuízo das accións correctoras que poidan levar para os infractores, os pais faranse cargo da factura correspondente.

PUNTUALIDADE, FALTAS DE ASISTENCIA, XUSTIFICANTES E ACUSES DE RECIBO

- É obriga de todos os alumnos e de todo o persoal do centro chegar con puntualidade ao mesmo segundo estea establecido en cada horario.
- Os alumnos de ESO e Bacharelato que non cruzaron o portón antes de soar o timbre das 8:27 se considera que chegan tarde, polo que deberán acceder pola Portería e permanecer na Aula matinal (Sala de xuntas) ata rematar a clase, para non interromper o ritmo de traballo e poder comezar con puntualidade. **Ao rematar a primeira sesión de clase deben dirixirse á súa aula para escoitar os “Bos días”.**
- Chegar tarde tres veces será motivo de permanencia no centro ás 8:00 da mañá o tempo que se indique. O reiterado incumprimento desta norma deriva en falta grave.
- As ausencias previstas ou as indisposición terán que ser comunicadas pola plataforma polos pais.
- As ausencias serán xustificadas a través da plataforma dentro das 48 horas seguintes a producirse. Do contrario non terán validez e consideraranse inxustificadas.
- Darse por informado cando o colexio avisa a casa dunha ausencia non equivale a xustificación.
- A acumulación de faltas inxustificadas pode provocar perda de escolaridade, temporal ou definitiva de acordo coas disposicións legais en Bacharelato, e nas ensinanzas obrigatorias. O centro debe dar parte ás autoridades mediante o protocolo de absentismo.

- É obrigación dos alumnos entregar en casa as cartas, impresos, notas e cartas comunicacions enviadas ao colexio a través deles. Cando se envíe unha comunicación aos pais con acuse de recibo, os alumnos teñen o deber de entregar ao titor correspondente o resguardo asinado ao día seguinte.

- A non asistencia a unha actividade voluntaria fóra do colexio non obriga de asistir ao centro, aínda que non se avance materia.

FORMACIÓN HUMANA

- Débense ter en conta todas as normas de convivencia social e de boa educación e respecto ás persoas e ás pertenzas dos demais e ás instalacións do colexio, como medios excelentes de formación humana.

- Os grupos formativos do IEF que oferta o centro (Saltimbanquis, Andaina, ADS, Catecumenado) son unha axuda extraordinaria para a formación integral da persoa.

- Todos os profesores están a disposición do alumnado para asesoralos e orientalos naqueles aspectos que libremente lles queiran consultar.

- Cantos formamos a Comunidade Educativa esforzámonos por tratar aos demais con respecto e cortesía, sen exclusións nin prepotencias de ningún tipo, prestándolle as debidas atencións e servizos. En consecuencia, son deplorables e hai que evitar actitudes de desconsideración, burla ou desprezo.

- Os '**bos días**' son momentos educativos de moita importancia no colexio, e constitúen un momento formativo comunitario para todos os alumnos. A escoita atenta é unha esixencia do centro e un signo de educación e de respecto cara a quen os preparan e aos compañeiros. Por este motivo non está permitido facer tarefas de estudo mentres duren nin ter libros ou cadernos enriba das mesas.

SEGURIDADE DOS ALUMNOS E SAÍDAS DO CENTRO

- É obriga dos alumnos permanecer no centro escolar durante o horario lectivo.

- Para ausentarse por algún motivo xustificable previsto (por exemplo, consulta médica) é necesario que os pais veñan recoller os nenos pequenos, ou traer autorización firmada previa (ou pola plataforma) en caso dos maiores (3º ESO en adiante). Fóra destes casos non se permite saír do recinto.

- Os alumnos de Bacharelato poderán facer o seu tempo de recreo fóra do centro, usando o portón de entrada e estando de regreso no centro ás 11:30 h.

SUBTRACCIÓN DE OBXECTOS

O centro non se fai responsable dos obxectos extraviados nin subtraídos. Recoméndase non traer obxectos de valor ou delicados nin deixalos fóra de control (recreos, vestiarios...).

10. CALENDARIO: DATAS DESTACADAS

10.1. Días non lectivos

- 31 de outubro: Día do ensino.
- 1 de novembro: Día de Todos os Santos.
- 11 de novembro: San Martín, festivo local.
- 6 de decembro: Día da Constitución Española.
- 1 de maio: Día do Traballo.
- 2 de maio: día **elixido polo centro polo festivo local “martes de entroido”**.

10.2. Festas colexiais

As festas colexiais de Don Bosco (31 de xaneiro) e María Auxiliadora (este ano 23 de maio) son días lectivos. Non se imparte clase, pero é obrigatoria a asistencia ao centro como en calquera día. Enviarase o programa de actos pola plataforma e publicárase na web.

10.3. Períodos vacacionais

- Nadal: do 23 de decembro ao 7 de xaneiro (ámbolos dous incluídos).
- Entroido: 3-4-5 de marzo.
- Semana Santa: do 14 ao 21 de abril (ámbolos dous incluídos).
- Vacacións de verán: 20 de xuño a mediodía.

10.4. Conmemoracións e actos colexiais

- 8 de novembro: Magosto.
- 20 de novembro: xestos polo Día dos dereitos da infancia.
- Decembro: campaña Operación Quilo.
- 30 de xaneiro: acto colexial Día escolar da Paz.
- 23 de febreiro: Día de Rosalía.
- 28 de febreiro: Entroido escolar.
- 16 de maio: acto colexial Letras galegas.

10.5. Festivais e graduacións

- Festival Infantil Nadal para as familias (solidario): 18 decembro, 15:30 h.
- Festivais Primaria Nadal para as familias (solidario): 19 decembro, 15:30 h.
- Festival Primaria Nadal para alumnado: 20 de decembro, 10:00 h.
- Festival ESO- BAC. Nadal para alumnado: 20 de decembro, 12:15 h.
- Festival ESO-BAC Don Bosco para alumnado: 31 de xaneiro, 12:15 h.
- Festivais Primaria para as familias: 22 maio, 15:30 h.
- Festival Primaria para alumnado: 23 de maio, 10:00 h.
- Festival ESO -BAC María Auxiliadora para alumnado: 23 de maio, 12:15 h.
- Graduación 6º Infantil: 18 de xuño, 18:00 h.
- Graduación 6º Primaria: 12 de xuño, 18:00 h.
- Graduación 2º Bacharelato: 16 de maio, 20:00 h.

10.6. Convivencias cristiás

- 4º EP: 8 de abril
- 5º EP: 9 de abril
- 6º EP: 10 de abril
- 1º ESO: 26 de febreiro
- 2º ESO: 5-6 de febreiro (Allariz)
- 3º ESO: 25-26-27 de setembro (varias etapas do Camiño de Santiago ruta Mozárabe)
- 4º ESO: 4-5-6 de novembro (Allariz)

- 1º BAC: 21-22 de outubro (Allariz)
- 2º BAC: 30 de setembro e 1 de outubro (intercentros, etapa do Camiño de Santiago)
- Campobosco (3º ESO a 2º Bac.): 22-23-24 de novembro en León.

10.7. Avaliacións

Etapa	1ª Aval.	Public. Notas	2ª Aval.	Public. Notas	3ª Aval.	Public. Notas	Final	Entrega Notas	Extraord.	Entrega Notas
INFANTIL	11 dec.	21 dec.	12 marzo	22 marzo			24 xuño	26 xuño		
1º CICLO EP	12 dec.	21 dec.	20 marzo	22 marzo			24 xuño	26 xuño		
2º CICLO EP	13 dec.	21 dec.	19 marzo	22 marzo			24 xuño	26 xuño		
3º CICLO EP	14 dec.	21 dec.	18 marzo	22 marzo			24 xuño	26 xuño		
ESO	12 dec.	14 dec.	21 marzo	22 marzo			24 xuño	26 xuño		
1º BAC	28 nov.	29 nov.	7 marzo	8 marzo	30 maio	31 maio	11 xuño	12 xuño	24 xuño	26 xuño
2º BAC	23 nov.	27 nov.	22 feb.	23 feb.	2 maio	2 maio	16 maio	20 maio (*)	13 xuño	14 xuño

(*) Publicación de notas en Educamos: 18 maio. Reclamacións: 20-21

ANEXO I: PROGRAMACIÓN ANUAL DE PASTORAL

1.- Equipo local de pastoral

O Equipo de Pastoral Local para o curso 24/25 constitúeno os seguintes membros:

- Eusebio Martínez, director da casa salesiana de Ourense.
- Lupi Peña, director do colexio salesiano de Ourense.
- Xulio Vilar, coordinador do Centro Xuvenil Amencer
- Emma Martínez, coordinadora adxunta de 1º ciclo ESO.
- Iván Vilar, coordinador adxunto de 2º ciclo ESO.
- Pablo Álvarez, coordinador de pastoral de EI - EP
- Cristina López, coordinador adxunto de EP
- Pablo Mendez, coordinador adxunto de EP
- Jorge Asenjo, coordinador adxunto de EI
- Xulio C. Iglesias, coordinador xeral de pastoral e de ESO-Bac.

O obxectivo fundamental deste órgano é coordinar e animar a dimensión evanxelizadora do centro.

- Día, hora e ritmo de reunións: É os xoves de 12:30 a 13:45 horas. Reúnese tódalas semanas salvo que algunha actividade extraordinaria o impida. O equipo Pastoral sección ESO-Bac. reunirase nese horario (até as 14:10h.) cando sexa preciso os xoves que non hai reunión conxunta, o equipo de EI-EP beste horario e tamén de 15:30 a 17:30 h. cando non haxa reunión conxunta.
- Equipo Pastoral Xuvenil de Obra: Neste curso comezará a andar despois da primeira reunión do Consello da CEP cun novo formato con novos membros, tal como está recollido no PEPS.
- Consello da CEP en Ourense: reúnese trimestralmente, normalmente os mércores pola tarde. Os seus membros son: Nuria García (Fundación JuanSoñador), Cristina Fernández (Familia salesiana), Xulio Vilar e Xulio C. Iglesias (Amencer), Belarmino Posada e Leonisa Coca (Parroquia), Lupi Peña e Cristina López (Colexio) e Eusebio Martínez (director da obra salesiana de Ourense).
- Equipos de pastoral da Inspectoría: O Coordinador Xeral de Pastoral da Obra de Ourense da Inspectoría salesiana de Santiago o Maior reuniranse
 - o 5 de setembro: Coordinadores xerais de Galiza en Lugo;
 - o 9 de xaneiro na Asemblea inspectorial de Coordinadores xerais de Pastoral (online);
 - do 7 ao 13 de marzo nos EE.EE. con coordinadores xerais de pastoral en Mohernando (Guadalaxara).
 - 29 e 30 de abril. Asemblea inspectorial de Coordinadores xerais de pastoral (Madrid).

2.- Curso e lema pastoral inspectorial: somos futuro! (porque Deus ama o mundo)

"Un soño para ti" non foi só o lema dun curso. Un soño para ti sinala o inicio do proceso de realización do soñado, porque o agasallo deste soño levounos a descubrir que **"SOMOS FUTURO!"**: a concreción diaria daquel soño no que, de diversas maneiras, todos estabamos presentes. Chegou o momento de **vivir o soñado, de afirmar con coherencia que isto é posible porque "Deus ama ao mundo"**.

A historia que nos toca vivir é e será sempre unha historia de salvación, aínda que en ocasións veña **disfrazada de enfrontamentos, de guerras, de disparates... Unha historia que é pasado para o recordo**, unha historia que é presente, limitado e puntual, xa que o devandito agora é xa pasado e deu paso ao futuro. Pódese dicir con propiedade que o futuro é o único que existe e que o facemos realidade

convivindo, compartindo e agradecendo o presente. Sexa como sexa a nosa historia virá sempre acompañada do amor que xera e rexenera a vida.

Somos futuro! Un futuro coa posibilidade de tachar, mellor de multiplicar ou de sumar con intensidade. Haberá que esquecer días pasados porque estamos chamados a multiplicar e acrecentar a bondade e o bo facer que hai en cada ser humano, en cada un de nós, en todas as persoas dispostas a construír o mundo que Deus quere, ese mundo que soñamos cada mañá.

Benvidos, aprendices do darse e multiplicarse para que xurda o futuro.

Somos futuro! Un futuro que é un corazón aberto a todas as posibilidades do amor que dan sentido á vida. Recibimos o día co corazón nas mans dispostos a amar o agasallo de cada xornada que se abre ante os nosos ollos. Unha mañá, talvez nubrada ou tormentosa, pero na que loce, espléndido, o sol da nosa vida. O noso vivir ten corazón para coa natureza, **para coas persoas...**

Benvidas, xentes de corazón aberto dispostas a amar o futuro que se nos regala.

Somos futuro! Un futuro que é un mundo por facer. Un mundo que non se pecha na soidade da nosa mente, un mundo que, porque ten corazón, acolle e coida dun xeito especial a quen máis precisan do **amor: os marxinados, os postergados, os febles, os necesitados, os pequenos... Aquí hai sitio para todos.** Deus ama este mundo en concreto, xa que non existe outro.

Benvidos, expertos implicados en facer de cada humano un irmán.

Curso 2024-2025! Un curso para sinalar que non sobra ninguén porque no recinto do futuro caben todas as persoas. Un curso para demostrar que amamos porque sen amor non é posible a existencia. Un curso para vivir como **“peregrinos da esperanza”, especialistas en construír futuro.**

Non esperemos máis. O futuro comezou. Non te quedes cheirando a pasado nin en éxtase ante o presente. A camiñar! Somos futuro!

Isidro Lozano

3.- Obxectivos

Concibimos os obxectivos como plan de mellora. Polo tanto, encádranse nalgunha área que queremos mellorar e potenciar. Todos eles con levan algunha acción operativa. Incluso algúns terán continuidade durante varios anos.

OBXECTIVO	ACCIÓNS	RESPONSABLES	AVALIACIÓN
DIMENSIÓN PASTORAL			
Retomar o Plan de Acompañamento Escolar	Deseño dos pasos a dar segundo o iter inspectorial na súa 3ª fase	ELP	Segundo calendario
Coidar o celebrativo potenciando a participación do alumnado (traballalo anteriormente para despois levalo o celebrativo)	Potenciar a nova proposta con novos horarios e novas incumbencias motivadoras antes das celebracións	ELP – Xefatura de estudos - Músicos	Despois de cada celebración no ELP
Seguir implantando o proxecto de innovación pedagóxica de Interioridade	Seguir realizando experiencias no bo día, titorías, celebracións, convivencias, IEF, programacións das materias... para un plan a curto prazo.	Comisión Interioridade - ELP-ED	Segundo calendario

	Seguir participando na reflexión no ámbito galego sobre un plan de interioridade a longo prazo		
Seguir integrando cada vez máis o IEF no ritmo colexial	Información e motivación ás familias, o profesorado e alumnado priorizándolo como columna vertebral do noso carisma.	ELP - Orientación - ED	Segundo calendario

4.- Propostas de mellora para o curso 2024-25

Nas últimas reunións do equipo de pastoral, os xoves de xuño de 2023, realizamos unha avaliación do equipo de pastoral a partires dunha guía consensuada coa Xefatura de estudos. De aí tiramos as seguintes propostas de mellora para o curso 2024-25:

Obxectivo	Acción	Responsable
Retomar o Plan de Acompañamento Escolar	Iniciar/implantar o Plan de Acompañamento (3ª fase)	Equipo Local de Pastoral Departamento de Orientación
Potenciar a animación musical, o itinerario celebrativo, as sesións de interioridade e explicar xestos fundamentais catequéticos	Diseño de novos horarios con novas incumbencias motivadoras antes de las celebracións	Equipo Local de pastoral Músicos

- Pensar nun novo esquema de memoria para evitar as repeticións e facilitar atopar
- Visibilización (PROENS), seguimento e avaliación dos acentos educativos pastorais.
- Seguir integrando cada vez máis o IEF no ritmo colexial

5.- Temporalización

5.1. Sección EI- EP

1. CAMPAÑAS EDUCATIVO-PASTORAIS

Obxectivo xeral: FAGAMOS DAS CAMPAÑAS... UN MOMENTO EDUCATIVO

SETEMBRO: Somos futuro cando nos acolleemos e creamos tempos e espazos para (re)encontrármonos. (Inicio de curso - Campaña de acollida).

Obxectivo: Sentirnos todos/as acollidos.

Subliñados:

- Xesto de acollida ao alumnado novo (luns 11 ás 08:40h.).
- Xornada de acollida cos titores/as no 1º día de clase (luns 11 e martes 12 de 9:00 a 14.00).
- Taboleiros de benvida e lema (do luns 11 de setembro até o luns 30 de setembro).
- Inicio dos **"Bos días" (desde o luns 11 en adiante).**
- Inauguración oficial do curso (20 de setembro).
- Presentación, motivación e inscrición nos grupos do Itinerario de educación na fe (Saltimbanquis e Andaina) (venres 20).

OUTUBRO: Somos futuro cando nos comprometemos. (Campaña do DOMUND)

Obxectivos:

- Sensibilizarnos da realidade doutros seres humanos máis lonxe de nós.
- Dar a coñecer e apoiar a tarefa realizada polos misioneiros/as noutros lugares do mundo.

Subliñados:

- **Campaña do DOMUND: Lema: “Ide e convidade a todos ao banquete”.**
- Ambientación do taboleiro nas aulas e nos corredores.
- Bos días sobre o DOMUND do luns 14 ao venres 25.
- **Reparto e recollida dos “sobres” do DOMUND.**
- Motivación da campaña e sensibilización por un misioneiro/a.
- Presentación e subscrición á revista misioneira: Gesto (de 1º a 6º).
- Mesa do DOMUND na fin de semana do 19-20 (de 4º a 6º)

NOVEMBRO: Somos futuro cando nos respectamos e respectamos os nosos dereitos (persoais e colectivos). (Campaña dereitos das nenas e dos nenos).

Obxectivos: Aprender a convivir entre nós

Subliñados: Dende cada materia facer algún apunte sobre os Dereitos/Deberes dos nenos e das nenas.

- **Bos días “Convivindo facemos futuro” (4-22).**
- Reflexionar sobre dereitos dos nenos e das nenas (mércores 20)

DECEMBRO: Somos futuro cando creamos Vida doando o que temos e o que somos. (Campaña OQ - Nadal).

Obxectivos:

Descubrir que Xesús nace para todos e todas.

Sensibilizarnos da “outra” realidade da nosa cidade e dos nosos barrios.

Colaborar coa O.Q. activamente: €, Kg de comida, traballo voluntario, tempo persoal.

Subliñados: Campaña O.Q.:

- Ambientación de aulas e corredores.
- Titorías de motivación, compromiso e organización (do luns 9 ao venres 20).
- Reparto da circular da O.Q.
- Recollida de carriños nos supers.
- Reparto de oitaviñas e carteis pola cidade.
- **Operación “A túa aula, equipo, grupo, familia... peso por quilos!**
- Colocar e embalar alimentos, xoguetes e roupa (do xoves 12 ao venres 20)
- Reparto ás Cáritas (sábado 21).
- Campaña de Nadal (do luns 9 ao venres 20):
 - Ambientación de aulas e corredores.
 - Bos días sobre o Nadal do luns 16 ao venres 20 dec.
 - Visita ao belén colexial (16-20)
- Celebracións de Nadal (16-20)
- Festival Nadal o mércores 18 para E.I e o xoves e venres 19 e 20 para E.P.

XANEIRO: Somos futuro cando soñamos e traballamos para facermos realidade os soños. (Festividade de Xoán Bosco).

Obxectivos:

- Descubrir a presenza de Xoán Bosco na nosa obra.
- Favorecer o coñecemento de vida de Don Bosco.
- Vivir en clima de festa as súas datas.
- **Profundizamos nas actitudes “bosquianas” que debemos potenciar na nosa comunidade educativa.**
- Descubrir a nosa vida como vocación.

- Potenciar mensaxes sobre o sentido da vida.
- Descubrir as oportunidades que temos de ser felices botando unha man aos demais.

Subliñados:

- Ambientación de aulas, corredores e colexio.
- Preparación-motivación das festas por parte do titor/a nalgún momento da súa clase.
- Bos días propios (do luns 13 ao venres 31).
- Concursos sobre Don Bosco (do luns 13 ao venres 31).
- Motivación e actividades entorno á campaña vocacional (testemuñas de familias, mesa redonda vocacional...) (do 13 ao 31).
- Ensaio de cantos (segundo programa das festas)
- Oración (EI) e Eucaristía (EP) (segundo programa das festas)
- Día e medio de festa con actividades festivas (30 e 31 de xaneiro).
- Motivación e inscrición nos grupos do Itinerario de educación na fe (Saltimbanquis e Andaina), Amencer e voluntariado (pendente de data).

FEBREIRO: Somos futuro cando nos comprometemos coa xustiza social. (Campaña Mans Unidas)

Obxectivo:

- Comprometernos por un mundo máis solidario e fraterno a través da concienciación e acción
- Facernos sensibles á realidade doutros seres humanos que están máis lonxe de nós
- Valorar a experiencia, non tan común, de comer tódolos días

Subliñados:

- Lema
- Ambientación de aulas e corredores.
- Bos días propios do luns 10 ao venres 21).
- Recursos de sensibilización sobre a campaña desde as Titorías e materia de Relixión.
- Venta de produtos da propia ONG nos patios (camisetas, bolígrafos,...)

MARZO: Somos futuro cando confiamos e mantemos viva a esperanza.

Obxectivos:

- Anunciar a Boa Nova a través de boas novas no noso pequeno/grande mundo
- Facer unha lectura cristiá da nosa vida
- Camiñar cara a Pascua neste tempo de Coresma.

Subliñados:

- Ambientación de aula e corredores.
- Inicio da Coresma co xoves de cinza (xoves 6).
- Bo día propio (do luns 17 ao venres 28).
- Operación Mandarina Solidaria (1º, 2º e 3º primaria)
- Operación Bocata Solidario (4º, 5º e 6º primaria)

ABRIL: Somos futuro cando no presente construímos o mañá. (Pascua / Campaña Axuda a Países Empobrecidos).

Obxectivos:

- Anunciar a Boa Nova a través de boas novas no noso pequeno/grande mundo.
- Facer unha lectura cristiá da nosa vida.
- Sensibilizarnos da realidade doutros seres humanos q están máis lonxe de nós.
- **Dar a coñecer, educar, sensibilizar e conseguir axuda económica para os proxectos: “Proxecto Bongo”: Axuda humanitaria para pobos indíxenas de Venezuela e “Dereito ao tempo libre”.**
- Crear unha cultura do voluntariado que anime a unha opción de compromiso social cos desfavorecidos.
- Descubrir as oportunidades que temos de ser felices botando unha man aos demais.

Subliñados:

- Bo día propio (do martes 22 ao venres 25).
- Ambientación de corredores.
- **Exposición de JyD: "Navegando entre culturas" (do martes 22 abril ao 9 de maio).**

MAIO: Somos futuro cando amamos incondicionalmente e nos sentimos persoas amadas. (M^a Auxiliadora)

Obxectivos:

- Descubrímonos como comunidade educativa nos momentos de traballo e tamén nos momentos de festa.
- Vivimos en clima de festa a celebración de María Auxiliadora.
- Aproveitamos os momentos informais de encontro para coñecernos mellor.
- Todos/as, e cada un, comprometémonos a ter un papel activo nas festas.

Subliñados:

- Festas de María Auxiliadora con patio en festa (venres 23).
- Celebracións da Palabra e eucaristías segundo programación das festas.
- Ambientación de aulas, corredores e colexio (segundo Xefatura de Estudos).
- Titorías preparación das festas.
- Despedida do alumnado de 2º de Bac. (16 maio)
- Actividades festivas: pregón, agasallo, deporte, escuma, misión imposible, inchables, teatro, velada, xogos, barracas, verbena...

XUÑO-AGOSTO: O soño dunha vida plena (tamén) no verán. (Campaña de verán).

Obxectivos:

- Descubrir que a nosa oferta educativo-pastoral non ten vacacións.
- Coñecer, valorar e apostar pola oferta do verán da nosa obra.
- Animar o noso alumnado a participar nas ofertas de tempo libre educativo de verán.

Subliñados:

- Ambientación de aula e corredores.
- Presentación das actividades de verán a toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias: folla Trisquel, díptico, taboleiros, plataforma...
- Campamentos de verán desde os 3 até os 25 anos; en xuño, xullo e agosto.
- Colaboración económica con Amencer para que ningún rapaz/a, mozo/a quede sen campamento neste verán.

Calendario:

- Mañás de verán (3-12 anos), do 23 xuño ao 31 de xullo no cole.
- Campamento Saltimbanquis (6-9 anos), do 27 ao 29 de xuño en Cambados.
- Campamento Andaina (9-11 anos), do 29 de xuño ao 6 de xullo en Cambados.
- Campamento ADS (12-14 anos), do 6 ao 13 de xullo en Cambados.
- Campamento Iniciación (14-16), do 13 ao 20 de xullo en Cambados
- Campamento de Catecumenado (17-18 anos), do 20 ao 27 de xullo en Cambados,
- Cursiño de 3º Catecumenado (18-19 anos) s/d.
- Cursiño Post Catecumenado (+18 anos), s/d.
- Campamento Urbano (Infantil de 8-16 e Xuvenil + de 15): do 1 ao 13 agosto no cole.

2. BOS DÍAS

Obxectivo: FAGAMOS DOS BOS DÍAS ... UN MOMENTO EDUCATIVO

Para iso subliñamos:

- Fomentemos unha actitude de escoita activa e reflexión, evitando que haxa libros ou calquera outro material enriba dos pupitres, que falen, estuden ou fagan deberes. O profesor tamén debe dar exemplo.
- Invitemos á participación: no momento da oración, cando haxa que compartir/comentar...
- Agardemos ao remate dos Bos Días para comezar co traballo propiamente escolar.
- Retomemos algunha vez na aula, e xa dentro do contexto da materia que impartimos, algunha mensaxe significativa.
- Animémonos a participar activamente na preparación e no desenvolvemento.
- Prestemos atención ás indicacións e avisos.
- Intentemos que o galego sexa a lingua habitual, sumando as demais linguas.
- Retomemos nos Bos Días algunha experiencia das actividades do IEF que aconteceron na fin de semana anterior, escoitando as voces dos participantes.

Oferta:

- Todos os días, de luns a venres, de 10:00 a 10:10, aproximadamente, teremos unha boa palabra, vídeo ou montaxe audiovisual, unha oración, felicitaremos os aniversarios do día, daremos algún aviso e remataremos cunha cita.
- primeiro venres de cada mes teremos unha breve sesión de interioridade desde megafonía.
- **Na quincena de Don Bosco teremos os Bos Días “especiais” por persoas invitadas da obra salesiana.**
- O equipo de pastoral reparte os bos días no calendario e entrega aos mestres a distribución por trimestres.
7. Informar as familias a través dos taboleiros, da web, da Plataforma educativa, dos blogs e das RRSS sobre cuestións e informacións da nosa lingua, das actividades do EDLG e doutras entidades da cidade e do país sobre o galego, etc.

8. Animar os membros da ANPA do centro e os seus representantes a participar no EDLG, financiando proxectos de normalización e dinamización, colaborando en proxectos comúns, formándose en común no tema da lingua.

9. Manter, cando proceda, contacto co Servizo de Normalización Lingüística do Concello (actualmente non existe) para promover entre as familias do noso alumnado as actividades e iniciativas que se leven a cabo, como a do programa Apego (para nenos/as de 0 anos en diante).

10. Manter correspondencia electrónica coas familias (ben a través do correo electrónico, ben a través da Plataforma educativa Educamos), tanto para informar semanalmente do traballo realizado ou das tarefas e materia explicada como para mandar informacións relativas ao centro, informacións de interese...

11. Volver insistir para que se envíe a información do menú escolar tamén en galego.

Lingua habitual nas interaccións comunitarias

- Retomar a campaña de difusión da lingua galega a través da colocación de carteis en escaparates da nosa cidade, en colaboración coa Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, asociacións de comerciantes e/ou comercios da mesma.
- **Co alumnado de EP, ESO e Bac., profesorado, PAS e familias, repartir carteis da campaña “Mellor dito” cos que se anima a utilizar expresións propias da nosa lingua en lugar de alleas. Son en tamaño DIN A-4 para facilitar a súa colocación, cun debuxo de Castelao e un breve texto. Preténdese ambientar con eles o centro e tamén repartilos pola zona do colexio e a cidade con motivo das XVII Xornadas da Lingua.**
- Se desde a Coordinadora Auria en **colaboración co Concello seguen promovendo a campaña “Nós atendemos en galego”, continuar participando nela.**
- Continuamos coa campaña de promoción e visibilidade do galego #Aquí tamén se fala, promovida polo IES Rafael Dieste de A Coruña.
- Apoiar manifestos e escritos en defensa do galego asinados polo EDLG e tamén polo propio claustro.
- Estar atentos á situación da lingua e apoiar e dar a coñecer na nosa comunidade educativa manifestos e situacións en prol da nosa lingua, invitando persoalmente o profesorado a secundar esas iniciativas.
- Colaborar e participar en diversos concursos organizados por outras entidades que axudan a promover o galego na nosa sociedade.
- Exemplos dos cursos pasados: Sanidade-Concello e Sanidade-Xunta con concursos de cancións, lemas, carteis, mascotas, actividades creativas... Nalgúns destes concursos sáese á rúa e danse a coñecer as actividades realizadas. Concursos literarios como o Minerva, da ANPAS do colexio, concurso de relato curto de Coca Cola, entre outros.
- Participar nas actividades organizadas pola Deputación de Ourense en relación coa Semana Escolar da Deputación (no último ano non se realizou), do Día da Auga e da Árbore, e das Letras Galegas. Empregar nas clases as publicacións que se reciban no centro en relación con estas actividades.
- Recuperar a participación no Correlingua (se non nos coincide con algunha actividade propia do centro) e colaboración no deseño e na organización (asistindo ás reunións que se convoquen para tal fin).
- Participamos sempre con alumnado de diferentes cursos, menos cando nos coincide coa data do noso xesto escolar das Letras Galegas, xesto no que participa toda a comunidade educativa e se programa en setembro ao inicio de cada curso escolar.
- Recuperar a participación no visionado de obras de teatro, películas, visitas culturais, animación á lectura, contacontos e outro tipo de actuacións que nos ofertan o Concello, Deputación, Afundación, Amencer, Espazo Xove, Auditorio Municipal, Biblioteca..., entre outras.
- Ata a pandemia, case todas as aulas de EI, EP, ESO e Bac. participaban nas ofertas de distintas entidades que nos axudan a normalizar o galego noutros ámbitos distintos ao noso centro. Coincidir con outros centros tamén é moi interesante na clave de sentírmonos moitos e non os únicos.

- Favorecer o galego desde o exemplo.
- **Lema das nosas XVII Xornadas da Lingua é ben claro ao respecto: “Eu falo, ti podes. Inténtao!”.**
- Seguir potenciando os taboleiros do pórtico-patio do colexio, que é visible para as familias do noso alumnado pero tamén da multitude de xente que participa na parroquia M^a Auxiliadora, na Asociación Xuvenil Amencer, nas actividades deportivas da Asociación Deportiva Bosco, da chea de actividades que a Obra Salesiana de Ourense oferta a toda a cidade, desde actuacións culturais no seu teatro até competicións deportivas de todo tipo nos seus campos deportivos.
- Participar e colaborar na organización da Festa da Lingua organizada por Escolas Católicas (desde a coordinadora de Ourense).
- Seguir colaborando con distintos centros educativos e/ou entidades na celebración do Día de Rosalía (23 febreiro): deseño, planificación, preparación, desenvolvemento... Coa coordinadora provincial de Escolas Católicas organizar e participar nun acto conxunto na cidade de Ourense se sae adiante.
- Manter comunicacións periódicas ben por vía telefónica como por correo electrónico coa coordinadora de EDLG de Escolas Católicas de Ourense-Santiago, coa coordinadora de EDLG de Ourense Auria, co Concello, coa Deputación, con Afundación, co Auditorio de Ourense, as bibliotecas públicas da cidade con outros centros educativos da cidade ou do resto de Galicia...
- Manter contacto habitual con outras compañeiras e compañeiros doutros centros a través dos grupos de Whatsapp da coordinadora de EDLG de Escolas Católicas de Ourense.
- Manter contacto vía telefónica e vía correo electrónico co servizo de Dinamización Lingüística de Escolas Católicas de Galicia para a participación no concurso Frei Martín Sarmiento, para a participación en diferentes xornadas de formación, para recibir información sobre convocatorias e certames, para asesoramento...
- Informar periodicamente aos medios de comunicación das actividades realizadas, para a súa difusión a través da prensa, da radio e da televisión (tanto local como autonómica).
- Contar coa colaboración dos sacerdotes da parroquia M^a Auxiliadora para as celebracións relixiosas: eucaristías ao longo do curso, celebracións da Palabra, reconciliacións, participación nas convivencias cristiás, bendición do peregrino para quen participan no Camiño de Santiago...
- **Invitar nas relacións orais coa contorna ao proxecto “O soño das 9 xornadas en galego” (un día ao mes en galego todo o centro educativo).**

Lingua empregada polo Concello na comunicación cos administrados

- Continuar a nosa interacción en galego co Concello.
- Repartir circulares e autorizacións para participar nas actividades ofertadas desde o Concello.
- Aproveitar distintos acontecementos escolares e da cidade para manter unha maior relación co Concello, outras administracións públicas, entidades deportivas, sociais e medios de comunicación.
- Participar no Club de debate organizado por Normalización Lingüística do Concello (se o organizan) e/ou noutras iniciativas que se nos propoñan desde aí.
- Manter contacto telefónico e a través do correo electrónico coas diferentes áreas do Concello que organicen actividades.
- Acceder á información que teñen nas páxinas web as diferentes entidades organizadoras de actividades nas que podemos participar.
- Cubrir os formularios de solicitude de actividades, axudas, etc. por vía telemática.

Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno

Traballar en rede coa Asociación Deportiva Bosco e a Asociación Xuvenil Amencer, na mesma “mazá” do colexio.

Traballar e incidir no tema da lingua con todo tipo de entidades coas que colaboramos como centro desde **“Sanidade” da Xunta até charlas de orientación profesional de diferentes centros de FP da cidade e das Universidades galegas...**

Aproveitar distintos acontecementos escolares e da cidade para implicarnos máis, se cabe, coas entidades da contorna: Escolas Municipais, Equipo de Fútbol Feminino Rosalía, Pavillón Municipal. Coordinarse con outros colexios (Cambados, A Coruña, Lugo, Vigo) e centros xuvenís salesianos de Galicia (Abertal en Vigo, Ateibo en Lugo, Bosco de Santiago e Abeiro en A Coruña) para o deseño e a organización de diferentes actividades para o alumnado: Camiño de Santiago intercentros, xuntanzas xuvenís.

- Participar nas actividades promovidas pola Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, tanto no deseño e organización de actividades como na participación nas mesmas.
- Promover a participación nas actividades formativas (tanto presenciais como en liña) ofertadas pola Escola de Tempo Libre Don Bosco de Galicia, con sede en Santiago de Compostela. Invitarlles ao **proxecto “O soño das 9 xornadas en galego” (un día ao mes en galego todo o centro educativo).**

2.2. A situación do profesorado

- Colaboración con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e a realización de actividades.
- Coordinación Galega dos EDLG de Escolas Católicas.
- Coordinación dos EDLG da provincia de Ourense de Escolas Católicas.
- **Coordinadora Galega de Equipos de Dinamización da Lingua Galega “Auria” de Ourense.** (Se é convocada)
- Coordinación dos Equipos de Pastoral dos colexios salesianos de Galicia. Estamos representados 7 centros educativos.
- Coordinación dos Equipos de Pastoral de Escolas Católicas da provincia de Ourense e Galicia. (Se é convocada)
- Coordinación das actividades extraescolares a través da Mesa do Tempo Libre formada por membros da Asociación Deportiva Bosco e da Asociación Xuvenil Amencer.
- XXI Concurso de lectura Frei Martín Sarmiento. Inscripcións na 6ª categoría do Premio.
- Concurso de lectura de dous libros en galego (organizado por NL de Escolas católicas de Galicia) no que hai que puntuar de 0 a 10. Participa máis da metade do profesorado. Mercaranse algúns exemplares para facilitar a súa lectura.
- Difundirase tamén a través das canles de comunicación internas.
- **Radio televisión interna “Bo día”.**
- Todos os días por megafonía interna e/ou pantallas dixitais das aulas temos un mini-programa de 15 minutos de duración que consiste en música ambiental (maioritariamente do noso país), un saúdo-narración-reflexión dun membro da comunidade educativa ou un recurso audiovisual para proxectar a través da PDI de cada aula (alumnado, profesorado, PAS, familias, animadores deportivos e de tempo libre, invitados...), unha oración; felicitación os aniversarios do día, avisos colexiais e unha cita citable.
- Levamos uns anos animando o alumnado a escribir nun caderno persoal as súas impresións, emocións e pensamentos a partir dun texto+imaxe.
- Ao longo da semana, comézase pola radio/televisión pero é o profesorado-alumnado que está en cada aula quen le a oración, os avisos, aniversarios e a cita.
- Os vídeos grávanse desde o equipo de radio televisión do centro.
- Participación nas XVII Xornadas da Lingua.

Nas VII Xornadas vinculouse ás áreas de Educación Física e Sociais para traballar en torno aos xogos populares.

Nas VIII escollemos a área de Relixión católica para coñecer os santuarios, as romaxes e oracións, integrando así a cuestión lingüística no currículo doutra materia.

Nas IX escollemos a área de Matemáticas para integrar no currículo o aprecio polo galego, traballando as medidas tradicionais galegas.

Nas X xornadas escollemos a Lingua inglesa para poñer en relación galego-inglés, dando a coñecer a figura de mulleres galegas relevantes en diferentes ámbitos da cultura, da ciencia, das artes... con exposición final nos corredores a través de colgadoiros.

Nas XI xornadas escollemos a área de educación física para traballar os xogos populares, polo autor homenaxeado nas Letras Galegas.

Nas XIII retomouse o traballo inacabado do curso anterior para traballar desde a área de Lingua Galega cuestións relacionadas coa Xeración Nós, tan importante na nosa cultura e literatura.

Nas XIV vencellouse á área de Relixión católica para abordar o tema do Camiño de Santiago. Invitouse a Edelmiro Mateo e presentou o seu libro sobre Alazán.

Nas XV vinculamos as Xornadas á área de Música en EP e Educación Física e Música en ESO-Bac.

Nas XVI vencellouse a materia de Música e tamén Educación Física en secundaria

Neste curso aínda está sen decidir.

Tamén se implica o Departamento de Orientación a través das titorías grupais, o de Pastoral **para crear oracións propias para estas Xornadas (no “Bo día” especial emitidos pola radio televisión interna do centro)** e o propio EDLG desde a programación, deseño, coordinación e execución das accións levadas a cabo.

Integración nas programacións de aula e departamentos das actividades propostas desde o EDLG en coordinación co Equipo de Pastoral: concurso de postais de Nadal organizado pola ANPA do colexio (desde Relixión Católica), concursos de taboleiros (desde Plástica, Dirección, Orientación, Pastoral e EDLG), concursos de redacción: Hipercurtos contos, ANPA de Salesianos, Federación de ANPA de Ourense, Concurso de Relato Curto en galego de Coca-Cola, etc. (Lingua galega), XVII Xornadas da Lingua (Orientación, Pastoral, Galego e EDLG), convivencias e encontros (Orientación e Pastoral), campañas solidarias de sensibilización (Orientación, Pastoral e todas as áreas), saídas culturais por Galicia (administración, orientación, titoría, departamentos...).

Ferramentas en galego adaptadas ás novas tecnoloxías: tradutores, correctores, dicionarios... Seguir informando e dotando o noso centro destas ferramentas a través de Administración, Secretaría, coordinador do EDLG e do coordinador das TIC.

Información sobre cursos, xornadas, encontros..., que poidan servir para a súa capacitación en lingua galega (aplicada ou non á área curricular da súa docencia). A través das tres salas do profesorado do centro (EI, EP e ESO-Bac.), no taboleiro do EDLG, a través da plataforma dixital de uso interno e no diálogo persoal.

- **Coordinación coa comisión propia no centro de “Apoio a festas populares”.**
- Animar o profesorado a elaborar materiais didácticos en galego (de maneira especial os que se empreguen nas PDI).
- Colaborar coa comisión do profesorado que coordina no centro o proxecto Voz Natura, de La Voz de Galicia. Tamén co profesorado que traballa de maneira específica co alumnado de altas capacidades en proxectos escolares.
- Animar o profesorado a participar nas actividades do programa Prensa Escuela de La Voz de Galicia.

- Animar o profesorado a empregar o galego nos blogs persoais e de centro, nas comunicacións interpersoais, nas entrevistas e comunicacións coas familias, nos diálogos co alumnado, nos correos electrónicos, nas chamadas telefónicas para a xestión de actividades, nos grupos de whatsapp do profesorado...

2.3. A situación do alumnado

- XVII Concurso de lectura Frei Martín Sarmiento. Concurso de lectura de dous libros en galego organizado por EDLG de Escolas Católicas de Galicia onde hai que puntuar de 0 a 10. Grazas ao concurso hai lectura persoal, en grupo en voz alta, diálogo para falar sobre o libro e participase na Festa da Lingua coa presenza dos escritores e actividades variadas.
- **Radio televisión interna "Bos días"**. Todos os días, por megafonía interna, temos un mini programa de 15 minutos de duración que consiste en música ambiental (maioritariamente do noso país), un saúdo-narración-reflexión dun membro da comunidade educativa ou proxección audiovisual a través de cada PDI das aulas (alumnado, profesorado, PAS, familias, animadores deportivos e de tempo libre, invitados...), unha oración; felicitar os aniversarios do día, avisos colexiais e unha cita citable.
- Desde o curso posterior á pandemia, o alumnado de cada aula ve proxectados os textos coa oración, os avisos, os aniversarios e a cita citable, de maneira que a poden ler en voz alta e seguir a lectura na PDI. Os mércores, ademais, poden escribir no seu caderno de bos días.
- Por cuarto ano, nos miniprogramas televisivos dos xoves participan nas gravacións falando sobre os temas que se lles propoñen.
- XVII Xornadas da Lingua. Este ano será o décimo sétimo ano que fagamos as Xornadas da Lingua na que se tratará de implicar a todo o alumnado e familias a través da organización de diferentes actividades diversificadas e adaptadas a cada nivel (en proceso de programación).
- Na liña de ampliar e potenciar estas xornadas queremos realizar un día ao mes en que en todo o **centro se escoite galego. É o proxecto denominado "O soño de 9 xornadas en galego"**.
- Festas colexiais de Don Bosco (xaneiro) e M^a Auxiliadora (maio).
- Presentación das veladas, en galego.
- Trípticos das festas dixitais a través das canles de comunicación do centro (Plataforma), en galego.
- Taboleiros a toda cor coa programación das festas en galego en plótters.
- Bases dos concursos: taboleiros, monólogos, misión imposible...
- Participación nos concursos: taboleiros, monólogos, misión imposible, redacción (EP)...
- Organización e dinamización das actividades en galego: deportes, ensaios, música, celebracións...
- Festas galegas dinamizadas desde a Comisión de Apoio ás festas populares.
- Samaín: unidades didácticas e obradoiros de cabazos e cabazas.
- Magosto: unidades didácticas e festas de magostos por niveis/etapas.
- Entroido: unidades didácticas e festas do Entroido por niveis/etapas.
- Maios: unidades didácticas, elaboración de maios e maias...
- Convivencias. Xornadas de reflexión no propio colexio (de 4º a 6º EP e 1º ESO) ou fóra del (desde 2º ESO (Allariz); 3º ESO (Camiño de Santiago- ruta mozárabe); 4º ESO e 1º Bac. (Allariz) e 2º Bac. (Camiño de Santiago-Camiño francés). Trabállase persoalmente en pequeno grupos e en grande grupo. Hai actividades de reflexión, lúdicas e celebrativas. Entrégase material en galego. As de 3º ESO e 2º Bac. faranse con outros centros salesianos de Galicia.
- Celebracións cristiás. Celebracións en galego ao longo de todo o curso. Para distintos niveis (EI, EP e ESO-Bac.). Son as seguintes:

Inicio de curso.

Celebración do 24 (M^a Auxiliadora) (cando o 24 cae en día lectivo).

Celebración da Reconciliación (trimestral).

Celebración da festa de Xoán Bosco (xaneiro).

Celebración da cinza (xoves despois do mércores de cinza).

Celebración dos nosos defuntos (abril).

Celebración da festa de M^a Auxiliadora (maio).

Celebracións da Palabra en EI, EP, ESO, Bac.

- XXVIII Xesto escolar do día da paz. Arredor do 30 de xaneiro (Xornada Escolar pola non violencia e a paz) toda a comunidade educativa traballa o tema da paz que logo se expresará formando entre todo o alumnado, o profesorado e o PAS, un acto en favor da paz, ademais de lemas e manifestos, sempre en galego, en defensa da paz. Habitualmente ten cobertura mediática (televisión-prensa).
- XXI Xesto escolar do Día das Letras Galegas. Unha mañá do día lectivo máis próximo ao 17 de maio xúntase toda a comunidade educativa nun acto afectivo-cultural onde se mesturan datos da persoa homenaxeada con actitudes positivas cara a nosa cultura e idioma.
- Convidase sempre a unha persoa allea ao centro (pertencente a diferentes ámbitos da sociedade) para que comparta con toda a comunidade educativa presente no xesto, por que seguir celebrando o DLG.
- XXI Pregón das festas colexiais de M^a Auxiliadora. Uns días antes das festas colexiais do 24 de maio, o alumnado de 2º de Bac. que remata no centro fai un pregón escenificado contando cunha selección de alumnas/os doutras etapas. Animase a que se faga en galego e deseñado, redactado e coordinado polo propio alumnado de 2º de Bac.
- Visitas culturais á cidade de Ourense, provincia e Galicia, favorecendo que nenos/as da cidade coñezan e se relacionen ben co entorno rural e urbano e as súas xentes, ben con outras contornas nas que se falan variedades dialectais diferentes á propia (p. ex. Granxa escola Serantellos de Cambados, Lodoselo, Allariz, Coruña, Vigo, Cerceda, Illas Cíes, Marín...).
- Participación en concursos: Hipercurtos contos, Relato Curto de Coca-Cola, ANPA-Letras Galegas, postais de Nadal, Concurso da Constitución, ANPA Salesianos, Federación de ANPAs, Muralla de Lugo...
- Aproveitar a existencia de vogais de NL en ESO-Bac. para dinamizar o blog e as RRSS do colexio.
- Participar no Club de Lectura Tragalibros. Os cursos pasados tivo moi boa acollida; haberá que **“fidelizar” a quen participaron e animar a máis alumnas/os para que participen tamén.**
- Animar o alumnado a empregar o galego nas actividades do centro.
- Outras datas con nome propio:
 - Dereitos da infancia
 - Día do libro
 - Día da árbore
 - Día da auga
 - Día da muller traballadora
 - Día de Rosalía

Estas datas trabállanse gradualmente dentro dos ciclos, por niveis con distintas actividades segundo a idade. Exemplo dereitos da infancia 4º infantil presentación do día e realización dun mural conxunto, 5º infantil canción e conto sobre os dereitos e 6º infantil escribir os seus dereitos da infancia e escoller o que máis lle guste para facer un debuxo.

En Primaria 1º ciclo elaboración dunha obradoiro, 2º ciclo traballo cooperativo para buscar información e 3º ciclo realización dun vídeo .

En Secundaria é 1º ESO quen realiza actividades de sensibilización rematando cun xesto simbólico onde participa todo o alumnado de 1º ESO.

O resto de datas organizaríanse dun xeito parecido pero con outras actividades.

2.4. A situación lingüística do centro

A) Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.

- Todo o rotulado permanente do centro está, ademais de en castelán e inglés, en galego. Cada ano revísanse os novos cambios e estes rotúlanse en galego.
- Ofertar novos recursos en galego aos encargados da documentación como é Secretaría, Dirección, Administración e Xefaturas de Estudos principalmente. Seguir apostando por que o profesorado use tradutores e correctores ortográficos en liña, ademais de incorporalos á maioría dos ordenadores do centro se fose posible.
- Aproveitar a Plataforma dixital de rexistro e comunicación interna, para seguir animando a usala na súa versión en galego.
- Facilitar un servizo rápido de dúbidas, de corrección e acompañamento por parte dos membros do EDLG para a redacción da documentación do centro.
- Utilización de plótters a toda cor en galego nos taboleiros dos patios e polos corredores normalizando a lingua galega a través de elementos ambientais do día a día.
- Colocar en lugares visibles os carteis correspondentes a actividades propias e doutras entidades deseñados en galego e/ou que inviten a participar en actividades de promoción da lingua e a cultura galegas.
- Sacarlle máis partido ao uso da plataforma e das RRSS para a difusión de campañas e actividades de promoción da lingua e a cultura galegas.
- **Promover o proxecto “O soño de 9 xornadas en galego”**

B) Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións, co alumnado en contextos informais, por parte do persoal non docente do centro e por parte da ANPA.

- Motivar desde o exemplo.
- Dialogar persoalmente e en clave de consenso con persoas concretas da comunidade educativa para que se vaian incorporando ao galego ou que o vaian integrando nas súas interaccións.
- Animar a elaborar toda a documentación, rexistros, notas informativas, etc., de carácter interno e/ou de comunicación coas familias en galego.
- Animar e acompañar os novos membros da comunidade educativa que veñen de contextos galegofalantes.
- Ir proponendo pequenos pasos, sobre todo na ANPA, para ir asumindo o galego con normalidade.
- **Promover o proxecto “O soño de 9 xornadas en galego”**

C) Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares.

- Continuar animando a que se redacte o tríptico informativo para o alumnado e as súas familias da oferta de extraescolar, en galego.
- Os taboleiros xigantes permanentes durante un curso escolar que informan das actividades extraescolares a toda cor que estean tamén en galego.
- Dialogar persoalmente e en clave de consenso e nunca de impoñer con animadores deportivos, de tempo libre, de obradoiros..., para que se vaian incorporando ao galego.
- **Promover o proxecto “O soño de 9 xornadas en galego”**

D) Dotación de fondos en galego na biblioteca.

- Continuar dotando as bibliotecas de aula, e a de centro de recursos en galego. Este ano seguiranse dotando de recursos en galego os departamentos que soliciten material específico en galego (Ciencias Sociais, Lingua...). Estanse deixando na Aula Innova os materiais máis específicos para EP.

- Dotar cos libros utilizados sobrantes no concurso XVIII Frei Martín Sarmiento exemplares para as bibliotecas de aula que participaron, que son todas, e do centro.

E) Presenza da lingua galega na utilización das TIC.

- Seguir traballando por que a presenza do galego aumente na páxina web do colexio, nas RRSS e na Plataforma educativa.
- Promover o uso das presentacións dixitais en galego na maioría das materias.
- Continuar coas memorias audiovisuais de principios de curso (setembro-outubro) totalmente en galego para o alumnado, profesorado e familias.
- Continuar coa presentación dos diversos departamentos nas reunións informativas no claustro e coas familias en presentacións audiovisuais en galego (pastoral, extraescolares, orientación, EDLG...).
- Seguir animando e acompañando para que a realización da memoria audiovisual feita polo propio alumnado dos cursos de 2º de Bacharelato ao rematar a súa etapa escolar no centro siga sendo en galego.
- Continuar utilizando e elaborando recursos audiovisuais desde o departamento de pastoral en galego.
- Continuar coas memorias audiovisuais das festas colexiais realizadas polos propios equipos coordinadores das festas colexiais en galego.
- Difundir información sobre que tradutores, dicionarios e correctores en galego se poden usar nos ordenadores do centro e/ou nos dispositivos móbiles, tabletas, chromebooks..., para que poidan usalos en calquera contexto ou situación, tanto no traballo formal como no ámbito informal.
- **Elaborar un documento de “boas prácticas” para animar a usar o galego nas diferentes aplicacións, redes sociais...**
- Promover o uso da plataforma educativa de rexistro e comunicación interna na súa versión en galego.
- Seguir compartindo recursos audiovisuais en galego e distribuíndoos para utilización de toda a comunidade educativa e outras entidades interesadas
- Dinamizar o uso do blog do equipo a través do alumnado vogal de normalización.
- Dinamizar o uso das RRSS do equipo e do colexio co alumnado vogal de dinamización.
- **Promover o proxecto “O soño de 9 xornadas en galego”**

F) Visibilidade das accións do EDLG:

- Ter un EDLG con representantes de toda a comunidade educativa con compromiso de dinamizar a lingua no seu sector.

EDLG – CPR Plurilingüe Maria Auxiliadora - OURENSE - CURSO 2024-25			
Coordinador	Xulio César Iglesias		
Profesorado	Bacharelato	Almudena Peña	
	ESO	Mª José Cabaleiro	
	E. Primaria	1º ciclo	Isa Seoane
		2º ciclo	Manuel Pérez
		3º ciclo	Yolanda Diéguez
E. Infantil	Mónica Souto		
P.A.S.	Cristina Sánchez Martínez		
Alumnado	Vogais de normalización, un/unha por aula (ESO-Bac.=18)		
Familias	Bibiana Martínez		

- Recuperar o taboleiro propio no patio do EDLG e integrar códigos QR para difundir informacións do EDLG.
- Colocación de carteis das actividades do EDLG en corredores, entradas, portería, patio...
- Información e motivación en: claustros, equipo directivo, equipos e departamentos, reunións informativas ás familias a principio de curso, alumnado en clases e por megafonía e televisión interna, ao PAS e xunta de ANPA nas súas reunións...
- Emprego do logo do EDLG en toda a documentación, publicacións e proxectos do EDLG e tamén o logo dos Equipos de Dinamización da Lingua da Xunta de Galicia.
- Coordinación da participación nos concursos cuxas bases chegan ao centro intentando distribuílos ao longo do curso.
- Elaboración de bases e promoción de diversos concursos nos que a lingua galega sexa vehicular.
- Publicación e/ou exposición dos materiais derivados da participación nos concursos: publicacións **de AA.AA. escritores, de concursos..., deseño de camisetas e chapas, entrega de premios de concursos...**
- Difusión das montaxes audiovisuais de: inicio de curso, festa de Xoán Bosco, festa de M^a Auxiliadora, despedida de 2º Bac. ...
- Integración nas novas propostas do EDLG dos contidos recollidos e aprendidos nas xornadas de formación nas que participamos.
- Posta a disposición do profesorado materiais para traballar as diferentes festas galegas, XVI Xornadas da Lingua, etc.
- Contribuír a que en cada aula haxa un dicionario de galego, desde EP ata ESO-Bac. E que se utilicen as ferramentas dixitais nas aulas a través das PDI (dicionarios en liña, tradutores, conxugadores verbais...).
- Preparación dos materiais para traballar na aula e no XVIII xesto escolar o Día das Letras Galegas.
- Participación en xornadas de formación do profesorado.
- Organización das accións que se levan a cabo a propósito da celebración do Día de Rosalía.
- Organización das XVI Xornadas da Lingua con actividades para toda a comunidade educativa.
- Visibilidade do galego nas redes sociais e plataformas dixitais nas que participemos ou haxa profesorado implicado do centro.
- Comunicación periódica aos MCS das actividades realizadas no colexio para dalas a coñecer á cidadanía en xeral, en coordinación co equipo directivo, as xefaturas de estudos e o profesorado dos diferentes departamentos.

G) Estratexias para que o alumnado de EI adquira de forma oral e escrita o coñecemento das linguas oficiais.

ENQUISA FAMILIAS INFANTIL:

- Só galego	3
- Só castelán	41
- Galego/Castelán	5
- Outros idiomas/ Chino	2

O feito de non marcar uns mínimos para impartir a docencia nas dúas linguas e que a lingua sinalada na consulta aos pais sexa o castelán, dificulta en grande medida que os nenos e nenas se poidan desenvolver nas dúas linguas.

Tamén dende hai un tempo están matriculados nas aulas nenos/as non só de Galicia senón doutros países polo que aínda é máis complicado. O éxito ou garantía de que se cumpra este obxectivo obedecerá en grande medida á vontade do profesorado e os recursos cos que contan.

Con todo, sinalamos as seguintes estratexias:

- Traballo do especialista en AL (Audición e Linguaxe) co alumnado que presenta dificultades específicas. Tanto en galego como en castelán.
- Axudar na pronunciación en galego e castelán desde a propia aula o mestre/a, sobre todo en EI.
- Reforzo na propia aula de caligrafía e ortografía en castelán e tamén en galego.
- Seguir presentando as campañas en galego.

COMPRESIÓN ORAL

- Contos en galego e en castelán.
- Cancións en galego e en castelán.

LECTURA

- Non hai lectura, só en 5 anos hai iniciación á lecto-escritura.

EXPRESIÓN ORAL

- Contos en galego e emprego de medios audiovisuais na medida en que sexa posible.
- Asemblea diaria para que o alumnado se exprese tanto en galego como en castelán.

3. Relación de materias e lingua na que se imparten

4º INFANTIL	LINGUA
Friendly 3A (Cast.)	Castelán
Relixión 3A	Castelán
Inglés	Inglés
Supermáticos	Castelán
Psicomotricidade	Inglés
Proxecto Plurininfantil	Inglés
Music	Inglés

5º INFANTIL	LINGUA
Friendly 4A (Cast.)	Castelán
Relixión 4A	Inglés
Inglés	Castelán
Letrilandia	Castelán
Supermáticos	Castelán
Psicomotricidade	Inglés
Proxecto Plurininfantil	Inglés
Music	Inglés

6º INFANTIL	LINGUA
Friendly 5A (cast.)	Castelán
Letrilandia	Castelán
Relixión 5A	Castelán
Supermáticos	Castelán
Inglés	Inglés
Psicomotricidade	Inglés

Proxecto Plurinfantil	Inglés
Music	Inglés

1º PRIMARIA	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Matemáticas	Castelán
Ciencias da Natureza	Galego
Ciencias Sociais	Galego
Relixión católica	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Música e Danza	Inglés
Ed. Plástica e Visual	Inglés
Educación Física	Inglés

2º PRIMARIA	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y literatura	Castelán
Matemáticas	Castelán
Ciencias da Natureza	Galego
Ciencias Sociais	Galego
Relixión Católica	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Música e Danza	Inglés
Ed. Plástica e Visual	Inglés
Educación Física	Inglés

3º PRIMARIA	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Matemáticas	Castelán
Ciencias da Natureza	Galego
Ciencias Sociais	Galego
Relixión Católica	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Música e Danza	Inglés
Educación Plástica e Visual	Inglés
Educación Física	Inglés

4º PRIMARIA	LINGUA
Lingua e Literatura	Galego
Lengua y Literatura	Castelán
Matemáticas	Castelán
Ciencias da Natureza	Galego
Ciencias Sociais	Galego
Relixión Católica	Galego
Proxecto BIT	Castelán
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Música e Danza	Inglés
Educación Plástica e Visual	Inglés
Educación Física	Inglés

5º PRIMARIA	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán

Matemáticas	Castelán
Ciencias da Natureza	Galego
Ciencias Sociais	Galego
Relixión Católica	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Música e Danza	Inglés
Educación Plástica e Visual	Inglés
Educación Física	Inglés

6º PRIMARIA	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Matemáticas 6	Castelán
Ciencais Naturais	Galego
Ciencias Sociais	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Relixión EP	Galego
Música e Danza	Inglés
Educación Plástica e Visual	Inglés
Educación Física	Inglés

1º ESO	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Matemáticas	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	Galego
Xeografía e Historia	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Relixión católica	Galego
Educación plástica, visual e audiov.	Castelán
Francés	Francés
Educación Física	Inglés
Tecnoloxía e dixitalización	Castelán
Titoría	Galego

2º ESO	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Matemáticas	Castelán
Física e Química	Castelán
Xeografía e Historia	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Relixión Católica	Galego
Tecnoloxía e Dixitalización	Castelán
Música I	Inglés
Educación Física	Inglés
Francés	Francés
Titoría	Galego

3º ESO	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Matemáticas académicas	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	Galego
Física e Química	Castelán

Xeografía e Historia	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Relixión	Galego
Educación Plástica, Visual e Audiov.	Castelán
Educ. en Valores Cívicos e Éticos	Galego
Música II	Inglés
Francés	Francés
Cultura Clásica	Castelán
Educación Dixital	Castelán
Educación Física	Inglés
Titoría	Galego

4º ESO	LINGUA
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Matemáticas B	Castelán
Biología e Xeoloxía	Galego
Física y Química	Castelán
Xeografía e Historia	Galego
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Economía y Emprendimiento	Castelán
Relixión Católica	Galego
Tecnoloxía	Castelán
Francés	Francés
Formación e Orientación Persoal e Prof.	Galego
Dixitalización	Castelán
Educación Física	Inglés
Latín	Castelán
Titoría	Galego

1º BACHARELATO	
Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Filosofía	Castelán
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Relixión Católica	Galego
Historia do Mundo Contemporáneo	Galego
Latín	Latín
Economía	Castelán
Matemáticas aplicadas Ciencias Sociais	Castelán
Matemáticas I	Castelán
Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Galego
Física e Química	Castelán
Debuxo Técnico I	Galego
Francés	Francés
Tecnoloxías de la información y comunic.	Castelán
Tecnoloxía e Enxeñaría	Castelán
Educación Física	Galego
Titoría	Galego

2º BACHARELATO	
Historia de España	Galego
Historia da Filosofía	Castelán

Lingua Galega e Literatura	Galego
Lengua Castellana y Literatura	Castelán
Lingua estranxeira- Inglés	Inglés
Relixión Católica	Galego
Latín	Latín
Historia da Arte	Galego
Química	Castelán
Bioloxía	Galego
Matemáticas	Castelán
Matemáticas aplicadas a CC. Sociais	Castelán
Xeografía	Galego
Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	Galego
Debuxo Técnico II	Galego
Tecnoloxía e Enxeñaría	Castelán
Francés	Francés
Física	Castelán
Tecnoloxía da Información e Comunicación	Castelán
Titoría	Galego

ANEXO IV: PROGRAMA DE PLURILINGÜISMO

Introducción

O CPR Plurilingüe María Auxiliadora (Salesianos) considera que a competencia comunicativa é unha das competencias claves que todo alumno debería desenvolver ao longo do seu proceso educativo.

No ano 2014 o Consello Europeo estableceu que a diversidade lingüística é un compoñente esencial da cultura europea e o diálogo intercultural, e recoñeceu que a capacidade de comunicarse nunha lingua diferente da materna é unha das competencias clave que os cidadáns deberían tratar de adquirir. Precisamente un dos nosos obxectivos principais é mellorar a competencia dos alumnos en linguas estranxeiras a partir do modelo de ensinanza plurilingüe.

Para tratar de conseguir este obxectivo, trazamos un enfoque competencial que contribúa a desenvolver unha aprendizaxe orientada á acción que aproveite todas as oportunidades comunicativas (en clases de lingua e en áreas non lingüísticas) e fomente a reflexión (aprender a aprender). Para elo a competencia plurilingüe e pluricultural resulta clave.

No noso centro estamos a traballar nesta liña e temos trazado un camiño para tratar que o noso proxecto de plurilingüismo se implante de maneira sólida e estable. Entre as accións que temos identificadas como necesarias para a consecución destes obxectivos, están os seguintes:

- fomentar o tratamento integral das linguas;
- aumentar a exposición ao inglés en todas as etapas, en especial desde as iniciais, aumentando as materias CLIL e con actividades extraescolares e complementarias;
- incrementar a competencia intercultural a través de experiencias de mobilidade internacional e virtual;
- formar ao profesorado, tanto no ámbito lingüístico como metodolóxico, para garantir unha ensinanza de calidade empregando metodoloxías máis innovadoras;
- implicar a toda a comunidade educativa no proxecto (profesorado de todas as áreas, alumnado, familias...);
- promover un aumento de alumnado que se presente a exames externos (fundamentalmente Cambridge e Trinity).

O CPR Plurilingüe María Auxiliadora pretende ofrecer unha educación integral ós alumnos e alumnas. Por iso consideramos que deben coñecer con soltura algún dos idiomas da comunidade europea (respondendo así ao Marco Común de Referencia), ademais da lingua galega e a castelá, para así formar cidadáns do futuro que se poidan integrar plenamente na comunidade europea, xa que consideramos que a aprendizaxe de linguas constitúe un elemento esencial no proceso de construción dunha identidade europea.

Con tal motivo o noso centro iniciou a aprendizaxe da lingua inglesa en idades temperás no curso **2008/2009 implantándose o “Proxecto Bilingüe”** no primeiro ciclo de Educación Primaria.

No curso 2011/2012 deu un paso adiante co “Proxecto Plurilingüe” no primeiro curso de Educación Primaria, na materia de Arts and Crafts, que pasa de ser bilingüe a plurilingüe. A partir dese momento as seccións bilingües de Arts and Crafts íranse transformando en plurilingües, sumándose ao plurilingüismo as materias de Music (no curso 2012/2013) e Physical Education (no curso 2013/2014), que tamén se írán ampliando a cursos superiores de Primaria e Secundaria progresivamente.

No curso 2017/2018 esténdese o plurilingüismo ao cuarto curso de Educación infantil (Plurin infantil), cunha sesión semanal, que se vai ampliando aos cursos sucesivos desta etapa. A lingua estranxeira intégrase no proxecto plurilingüe en Educación Infantil desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo, a través dun enfoque globalizado e tendo as TIC presentes.

1. Integrantes do Equipo de Plurilingüismo

Coordinadora en Educación Infantil: Rosa Mato

Coordinadora en Educación Primaria: M^a Carmen Forneiro

Coordinadora en Educación Secundaria: Blanca Abad (inglés) e M^a Luz Martínez (francés)

Coordinadora en Bacharelato: Milagros Doallo

Coordinadora dos programas de Intercambio e Inmersión Lingüística: Cristina López (inglés) e M^a Luz Martínez (francés)

Coordinadora de aloxamento de mestres e alumnos de lingua inglesa en prácticas: M^a Carmen Forneiro.

Compoñentes do Equipo de Plurilingüismo (aínda que todos os mestres que imparten materias plurilingües forman parte deste equipo, por practicidade están representados polos mestres de inglés/francés de cada unha das etapas):

- Rosa Mato (mestra de Inglés en EI)
- M^a Carmen Forneiro (mestra de Inglés en EP)
- Cristina Nespereira (mestra de Inglés en EP)
- Ruth González (mestra de Inglés en EP)
- Luis Canal (mestre de Inglés en EP)
- Blanca Abad (mestra de Inglés na ESO)
- M^a Luz Martínez (mestra francés na ESO)
- Magalí Martín (mestra francés na ESO)
- Milagros Doallo (mestra de Inglés na ESO e BACH)

2. Plan PIPE (PROGRAMA INTEGRAL DE PLURILINGÜISMO EDUCATIVO)

Como o noso centro afronta un dos retos máis importantes que se expoñen na sociedade actual, o plurilingüismo, no curso 2015-16 adherímonos á rede de centros plurilingües PIPE, dando con iso a oportunidade a toda a comunidade educativa de poder progresar na aprendizaxe de linguas non maternas. Co traballo realizado ata entón partíamos do nivel 2, avance continuo; progresando ao nivel 3 no curso 2018-2019.

Unha das bases impulsoras do plan PIPE é a certificación, xa que, ademais de proporcionar unha avaliación obxectiva, é en si un elemento motivador que marca en moitos casos a diferenza entre un bo desenvolvemento plurilingüe, e un desenvolvemento óptimo.

A certificación é un proceso cada vez máis necesario para afrontar os retos que no futuro van ter que afrontar os nosos alumnos. Por iso é importante que, xa desde a súa etapa escolar, empecen a familiarizarse e a participar nestes exames de certificación. A vantaxe de formar parte de PIPE para as familias tamén é un punto a ter en conta, xa que faise un desconto nas taxas ó certificarse a través do noso centro. Someterse a unha proba deste tipo é enriquecedor e necesario e por iso desde o centro tratamos de facilitar o acceso a estas probas a todos os nosos alumnos. Multitude de bolsas de viaxe e de estudo, a obtención dun grao universitario ou o acceso a un posto de traballo cada vez dependen máis desta certificación oficial.

Convén destacar varios indicadores que poden ser significativos sobre o traballo que estamos a facer en prol do plurilingüismo:

- Somos un dos centros privados de Galicia que máis puntuación acadada na solicitude de axuda para auxiliar de conversa.
- Un bo grupo de alumnos preséntase cada ano a exames de grado Cambridge B2 e C1.

- Ofertamos o Bacharelato Americano como un medio de mellorar a competencia do noso alumnado, o que supón acadar un dominio alto do inglés falado, lido e escrito.
- Somos un dos poucos centros en Galicia e tamén España en acadar o nivel 3 na certificación PIPE.
- Estamos a traballar en programas eTwinning de mobilidade europea utilizando como lingua vehicular o inglés.

3. Obxectivos

- Fomentar a competencia plurilingüe e pluricultural do alumnado.
- Promover a formación do profesorado en linguas estranxeiras.
- Facilitar a mobilidade profesional dos nosos alumnos no futuro.
- Favorecer a participación nos programas educativos europeos.
- Potenciar a participación da comunidade educativa nos programas de formación e certificación, avanzando deste xeito nun camiño cara á excelencia.
- Realizar intercambios escolares.
- Potenciar o uso doutras linguas, véndoas como un medio de comunicación e non como a fin da súa aprendizaxe.
- Amosar unha actitude positiva cara outras linguas e a súa cultura.
- Mellorar as destrezas comunicativas (fala e escoita activa) na lingua estranxeira.
- Participar activamente nas actividades da aula.
- Comprender mensaxes orais, normas, instrucións e preguntas en lingua estranxeira.
- Formar ó alumnado en contidos lingüísticos e non lingüísticos.
- Fomentar a pluralidade lingüística e cultural no centro para lograr a plena integración do alumnado nun contexto cultural e económico globalizado.
- Promover o desenvolvemento do currículo integrado das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha lingua a outras.
- Rotular os espazos do centro tamén en inglés.
- Incorporar o inglés e francés na mensaxe da postal de Nadal do centro.

4. Primeira lingua estranxeira: inglés

4.1 Áreas plurilingües en inglés

Conforme a Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia, do 11 de abril de 2012, foi presentado ao Claustro de profesores a ampliación do Proxecto de Plurilingüismo, transformándose así en plurilingüe a materia de Arts and Crafts en 1º EP no curso 2011/2012.

Posteriormente, no curso 2012/13, transfórmanse tamén en plurilingües as materias de Music en 1º de Primaria e a materia de Arts and Crafts en 2º EP. No curso 2013/2014 o plurilingüismo abrangue a área de Arts and Crafts ata 3º de Educación Primaria (2 aulas), a área de Music ata 2º de Educación Primaria (3 aulas) e transformase en plurilingüe a área de Physical Education en 1º de Educación Primaria (3 aulas). As áreas plurilingües irán ascendendo de curso progresivamente, polo que na actualidade impártense as seguintes materias plurilingües en inglés:

- Arts and Crafts (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) (18 aulas)
- Music (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e 2º e 3º de Secundaria) (24 aulas)
- Physical Education (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de de Secundaria) (30 aulas)
- Psicomotricidade: en toda a etapa de Infantil impártese en inglés.
- Música: neste curso 23-24 comeza a impartirse esta materia en Educación Infantil.

4.2 Relación de materias plurilingües:

4º INFANTIL	LINGUA
Psicomotricidade	Inglés
Music	Inglés
5º INFANTIL	LINGUA
Psicomotricidade	Inglés
Music	Inglés
6º INFANTIL	LINGUA
Psicomotricidade	Inglés
Music	Inglés

1º PRIMARIA	LINGUA
Arts and Crafts	Inglés
Music	Inglés
Physical Education	Inglés
2º PRIMARIA	LINGUA
Arts and Crafts	Inglés
Music	Inglés
Physical Education	Inglés
3º PRIMARIA	LINGUA
Arts and Crafts	Inglés
Music	Inglés
Physical Education	Inglés
4º PRIMARIA	LINGUA
Arts and Crafts	Inglés
Music	Inglés
Physical Education	Inglés
5º PRIMARIA	LINGUA
Arts and Crafts	Inglés
Music	Inglés
Physical Education	Inglés
6º PRIMARIA	LINGUA
Arts and Crafts	Inglés
Music	Inglés
Physical Education	Inglés

1º ESO	LINGUA
Physical Education	Inglés
2º ESO	LINGUA
Music	Inglés
Physical Education	Inglés
3º ESO	LINGUA
Music	Inglés
Physical Education	Inglés
4º ESO	LINGUA
Physical Education	Inglés

4.3 Proxecto de plurilingüismo en Infantil: Plurinfantil

Dende o curso 2017/18 estase a desenvolver o programa de Plurilingüismo en Infantil, coñecido oficialmente como Plurinfantil. O proxecto que desenvolvemos leva por título **“MEDRAMOS SANS / WE GROW HEALTHY”**, e comeza a implantarse progresivamente dende 4º de Educación Infantil.

Conta cunha sesión semanal e a súa implantación culminou en toda a etapa no curso 2019/2020.

4.4 Indicadores do Plan de Plurilingüismo

O obxectivo do Plan de Plurilingüismo é que os alumnos e alumnas alcancen un bo coñecemento na lingua estranxeira e unha competencia plurilingüe, a cal consiste en que poidan facer uso dos coñecementos da nova lingua para ter éxito na comunicación.

Os indicadores que amosan o éxito do Plan son os seguintes:

- Número de actividades extraescolares e complementarias levadas a cabo para potenciar o uso da lingua estranxeira.
- Número de iniciativas internas que se desenvolven ao longo do curso para potenciar o uso do inglés na vida diaria da escola (carteleiras, páxinas web, blog, indicación das distintas aulas ou **zonas do centro,...**).
- Incremento do número de alumnos, alumnas e mestres que participan en accións formativas en lingua estranxeira no noso centro.
- Incremento do número de alumnos que se certifican a través do centro no nivel de MCER.

4.5 Formación do profesorado en lingua inglesa

A formación continua do profesorado é clave, porque permitiu aumentar o número de materias non lingüísticas impartidas en inglés. Esta formación tense presente no Plan de Formación Permanente do Profesorado, e vai en liña lingüística e metodolóxica, perfeccionando o dominio oral e escrito da lingua inglesa, garantindo a consecución da titulación que acredite o nivel de competencia lingüística esixido para aqueles profesores que non a teñen, fomentar o contacto e o intercambio lingüístico con persoas anglófonas, francófonas ou doutra lingua, e propiciar un ambiente plurilingüe en todos os ámbitos da comunidade educativa.

O profesorado segue a mellorar o seu nivel competencial a través de cursos de formación, asistencia a actividades en inglés e participación en grupos de traballo específicos.

O centro pon a disposición do profesorado un auxiliar de conversa en lingua inglesa que apoiará a labor dos mestres do equipo plurilingüe apoiando a súa competencia comunicativa.

Este curso seguiremos a traballar co método de Jolly Phonics que empregamos por vez primeira no curso 2021-2022.

4.6 Política lingüística

Consciente da importancia de contar con profesorado competente neste campo, o centro ten na súa política de contratación do novo profesorado esixir a titulación B2 de inglés ou estar en proceso avanzado de obtela, sen descartar tamén a mesma titulación en francés, de cara a ter posibilidades de ampliar a oferta lingüística.

O centro está traballar na liña de programas educativos de intercambio europeos.

A participación na rede de centros plurilingües estímúlanos a formarnos e a seguir avanzando na liña plurilingüe e multicultural que xa comezamos a traballar, e que está a dar resultados satisfactorios, tanto para os alumnos coma para os mestres.

4.7 Actividades extraescolares e complementarias en inglés

- Escola de idiomas Salesianos-Activa: O centro conta cunha oferta de calidade para aprender idiomas en horario extraescolar, a través da Escola de idiomas Salesianos-Activa, aberta a alumnos, pais e profesores. Realízase a través de niveis competenciais diferentes, e conta cun lector nativo que vai pasando periodicamente polos diferentes grupos. Ademais cabe a posibilidade de presentarse a exames Cambridge para certificar o nivel competencial que corresponda. Dito exame foi aprobado con éxito no curso pasado por varios alumnos do centro.
- Actividade extraescolar de inglés impartida por Kith Institute. Destinada a alumnos de Infantil e Primaria, dándolles a posibilidade de acceder aos exames Trinity.
- READY FOR A STORY!: é un espazo extraescolar previo á escola de idiomas. Impártese en inglés e busca o desenvolvemento lingüístico integral de cada neno/a. Fomenta a implicación das familias para que participen de forma activa na educación bilingüe de seus fillos/as. Baseándonos en que **“facer é a mellor forma de saber”**, Promove a curiosidade, a autonomía, o desenvolvemento de competencias clave e o respecto polo proceso natural de aprendizaxe a través dunha proposta moi innovadora na que se ofrecen recursos significativos e estruturados coa finalidade de que a adquisición do inglés sexa absolutamente natural e acompañe ao desenvolvemento natural do neno/a.
- Teatro en inglés: dende hai varios cursos os alumnos de EP, ESO e Bacharelato asisten a obras de teatro en inglés.

4.8 Programas de inmersión lingüística

Este curso ofertamos dous:

- Para 5º e 6º de Primaria: St Lawrence (23-29 de xuño). Acompaña a profesora Carmela Forneiro. Unha semana en residencia.
- Para ESO: Dublín (24 de agosto – 7 setembro). Acompaña a profesora Cristina López. Dúas semanas en familias.

Language Kingdom é a empresa que organiza estes cursos. Conta con solvencia e calidade demostrada nos cursos anteriores, e ten as acreditacións máis elevadas que pode acadar (5 estrelas consecutivas "super Stars"). Sempre van acompañados por un monitor da empresa que se responsabiliza de que todo vaia como está previsto.

4.9 Auxiliar de conversa

Os estudos demostran que, sobre todo no caso dos nenos pequenos, a exposición á lingua, combinada coa instrución formal, ten máis garantías de éxito cara á adquisición da lingua en cuestión. Tamén recomentan aprender a través da comunicación, das cancións, os xogos e a resolución de problemas, nun espazo de comunicación natural e desde as etapas máis iniciais. A figura do auxiliar de conversa

resulta clave neste senso, pois supón un canal de comunicación intercultural, natural e auténtico para pequenos e grandes. Combinando esta inmersión natural (que se amplía a través de estancias de inmersión no estranxeiro a partir de 4º de EP, ou intercambios virtuais) coa instrución máis formal da lingua, o alumnado da nosa escola ten o contexto necesario para conseguir un dominio completo

O centro conta con auxiliares de conversa que semanalmente están ½ hora en cada unha das aulas de Educación Infantil e 1 hora con cada unha das aulas de Educación Primaria e Secundaria, dende outubro ata maio. Os alumnos, profesorado e pais aproban a iniciativa e valoran moi positivamente o traballo da auxiliar. Este servizo sen dúbida supón un elemento de calidade na aprendizaxe da lingua inglesa.

Coa contratación de auxiliares de conversa pretendemos:

- Mellorar a competencia comunicativa en inglés do noso alumnado.
- Ampliar a competencia sociolingüística e cultural (convencións sociais, normas de cortesía, expresións coloquiais e cultura dos países de fala inglesa).
- Mellorar a competencia lingüística (en inglés) en aspectos léxicos, semánticos e gramaticais.
- Fomentar o uso da lingua inglesa.

Propoñemos que o auxiliar de conversa teña entre as súas funcións:

- Axudar aos profesores nas clases de lingua estranxeira durante as sesións semanais como falantes nativos e expertos sobre temas dos seus respectivos países, co obxectivo de estimular o interese dos nosos alumnos. Tamén poderían facer presentacións ou intervencións en outras áreas do currículo.
- Coa presenza do auxiliar de conversa na aula xeral, poderanse facer grupos reducidos de alumnos para desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita e promover o entendemento cultural.
- Os auxiliares poderían aportar folletos, mapas, libros, xornais, revistas, postais, ilustracións, materiais tic's ou calquera outro para axudar durante as clases, pois cremos que todos estes elementos poden ser de grande interese para o alumnado.
- Colaborar co docente no desenvolvemento das competencias básicas (competencias para **aprender a aprender, autonomía do traballo persoal, superación de dificultades lingüísticas,...**) e o traballo cooperativo.

Actividades que poderían asignarse ao auxiliar de conversa:

- Reforzar as destrezas orais do alumnado na lingua estranxeira.
- Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical da lingua estranxeira.
- Realizar prácticas específicas de conversación.
- Colaborar cos docentes na planificación das actividades do proxecto e dar apoio lingüístico.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado acerca da lingua e cultura do país de orixe así como do conxunto de países da mesma fala.
- Dar apoio á elaboración e adaptación de materiais e achegar recursos didácticos, especialmente material auténtico do país de orixe.
- Axudar ao alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais na realización de traballos encamiñados á mellora da lingua oral.

Neste proxecto é necesario lembrar que os auxiliares non teñen plena competencia docente, nin deben ser responsables da avaliación, disciplina ou supervisión dos alumnos.

O auxiliar de conversa apoiaría aos docentes do centro baixo a coordinación da Coordinadora do programa plurilingüe e o profesorado de Lingua Inglesa. A Coordinadora do programa dirixirá e orientará o labor do auxiliar de conversa.

4.10 Prácticas de docencia de alumnos e mestres de fala inglesa

Nos últimos anos temos contado no noso centro coa presenza de alumnos doutros países en calidade de alumnado de prácticas.

O noso centro foi escollido para a execución dos programa Cost e Erasmus + en España. O programa consiste na realización de prácticas de docencia do alumnado de fala inglesa. A duración das prácticas é variable e lévase a cabo nas distintas etapas do centro: EI, EP e ESO. Aproveitarase a presenza destes alumnos para que, participando dun xeito limitado, poidan reforzar a lingua inglesa dos nosos alumnos e aportar aspectos relativos ao seu país de orixe.

Ademais contamos cun banco de familias de alumnado do noso centro para dar acollida e aloxamento a este alumnado estranxeiro nas súas casas, dando así a posibilidade de seguir mellorándoa competencia comunicativa dos nosos alumnos e as súas familias.

4.11 Bacharelato Dual Americano

Salesianos foi pioneiro en Ourense, e un dos primeiros de Galicia, en ofertar aos seus alumnos a posibilidade de obter o dobre diploma de bacharelato, español e americano, no curso 2016-2017.

O bacharelato Dual é un innovador programa de e-learning que, utilizando as TIC, permite obter a distancia o certificado americano.

O programa se inicia en 3º de ESO, xa que está deseñado para facerse con certa comodidade, pero con moita dedicación en dous/tres anos. Deste xeito os alumnos estudan as materias propias do seu ano escolar máis 2/4 materias (créditos) do Bacharelato Americano cada curso.

Ao superar eses créditos e rematar no centro os estudos de bacharelato, obteñen o dobre diploma.

Xa van nove promocións. Este ano graduouse a promoción 6ª. Seguen a traballar a promoción 7ª con 1 estudante, a 8ª con 4 estudantes e a 9ª con 1 estudante.

Deste xeito o alumno poderá interactuar dende diferentes lugares e dispositivos (tablet, teléfono móbil, portátil...) nun entorno de aprendizaxe internacional totalmente en inglés.

4.12 Actividades complementarias en inglés

1. Xogos tradicionais típicos dos países de fala inglesa

Coñecerán e porán en práctica xogos tradicionais propios dos países de fala inglesa nas distintas materias plurilingües.

2. Bos días en inglés

Ocasionalmente, nos Bos Días que facemos pola mañá para toda Primaria, prepararase unha oración en **inglés,ponse algún vídeo, canción, conto,... en dita lingua.**

En ESO unha vez ao trimestre un grupo de alumnos coa axuda da profesora prepara os Bos días en lingua inglesa que eles mesmos leen por megafonía para todas as aulas.

3. Halloween

Farase algún xogo, actividade, manualidade, canción,... relacionada con esta festividade típica inglesa para coñecer a súa historia, tradicións, lendas, costumes e diferentes maneiras de celebración de Halloween en países de fala inglesa.

Cos traballos elaborados farase unha exposición nos corredores.

4. Clothes Day

Algún día puntual, diremos unha cor pola megafonía na oración da mañá (blue, red,...), e ao longo do día, todos aqueles que leven algunha prenda de dita cor, deberán falar o máximo posible en inglés ao dirixirse aos demais.

5. Sta. Cecilia

Algunha das cancións interpretadas no festival de Santa Cecilia será en lingua inglesa, máxime ao ser Music unha materia impartida en dita lingua.

6. Christmas

Algunha das panxoliñas interpretadas no festival de Nadal será en lingua inglesa.

7. Concurso de redacción de D. Bosco en inglés (5º e 6º EP).

Nas festas de Don Bosco, celebradas na nosa escola, os alumnos de terceiro ciclo terán a posibilidade de participar no concurso de redacción sobre dito personaxe en lingua inglesa.

8. St. Valentine's Day

Faranse xogos, actividades, manualidades e cancións relacionadas con esta festividade inglesa.

9. St. Patrick's Day

Farase algún xogo, actividade, manualidade, canción,... relacionada con esta festividade típica inglesa e darase a coñecer ao resto da comunidade.

10. Cancións e velada en inglés

Na velada das festas de M^a Auxiliadora, algunha das cancións interpretadas na mesma, será en lingua inglesa.

11. A penfriend

Escribiremos cartas/emails na aula para intercambiar con rapaces de outros países e practicar así a lingua inglesa.

12. Easter

Farase algún xogo, actividade, manualidade, canción,... relacionada con esta festividade inglesa.

13. Pequenos proxectos:

Roteiros turísticos, visita a supermercados, Operación Quilo en inglés, hábitos saudables, videos feitos polos alumnos,...

Todas estas actividades daranse a coñecer á comunidade educativa a través do blog de Infantil e Primaria "A vida da nosa clase".

En ESO, se expoñen e recollen os traballos e proxectos realizados na aula ao longo do trimestre. Todos os traballos son en lingua inglesa.

4.13 Jolly Phonics

Este curso seguiremos a empregar o método Jolly Phonics cunha periodicidade dunha sesión mensual na materia de lingua estranxeira, dende a etapa de Educación Infantil ata 3º de Primaria.

Este método fonético ten como finalidade o ensino da lingua inglesa a través dunha metodoloxía multisensorial e divertida, que permite aos alumnos converterse en lectores con fluidez. O obxectivo é a creación dunha boa base para a posterior aprendizaxe da lectoescritura ademais da mellora da pronuncia da lingua a través da ensinanza dos fonemas.

Cada un dos 42 sons da lingua inglesa ten unha acción, unha imaxe que o representa e unha canción, o que permite aos alumnos aprender os sons dun xeito máis doado e axúdalles a recordalos para, máis tarde, ler.

4.14. Plan anual de lecturas

Anualmente se recollen no plan de lecturas aqueles títulos que os alumnos deben ler en inglés durante o ano nos cursos que corresponda. Son as seguintes:

INFANTIL	PRIMARIA	ESO
<p>3 ANOS</p> <p>Contos das unidades didácticas, de The Flibets Starter. Jenny Dooley y Virginia Evans. Ed. Express Publishing.</p> <p>4 ANOS</p> <p>Contos das unidades didácticas, de The Flibets 1. Jenny Dooley y Virginia Evans. Ed. Express Publishing</p> <p>5 ANOS</p> <p>Contos das unidades didácticas, de The Flibets 2. Jenny Dooley y Virginia Evans. Ed. Express Publishing</p>	<p>1º EP</p> <p>Contos, cómics e lecturas das unidades didácticas de New IWonder 1</p> <p>2º EP</p> <p>The town mouse and the country mouse. Ed. Express Publishing</p> <p>3º EP</p> <p>Anna and the Dolphin. Ed. Express Publishing</p> <p>4º EP</p> <p>The Ghost. Ed. Express Publishing</p> <p>5º EP</p> <p>Danger Bugs!. Ed. Oxford</p> <p>6º EP</p> <p>The Lost City. Ed. Oxford</p>	<p>1º, 2º, 3º e 4º de ESO</p> <p>Lectura de diferentes artigos relacionados con temas culturais e de interese xeral do mundo anglosaxón.</p>

4.15. Exames externos

Pretendemos que cada ano aumente o número de alumnos que se presenten a exames externos para obter un certificado de grado de dominio en linguas estranxeiras, especialmente inglés. A Unión Europea contempla que para o 2020 o 50% do alumnado obteña un nivel B1 en lingua estranxeira ao rematar os estudos obrigatorios e un 100% o B2 ao finalizar a ensinanza postobrigatoria. Preparando os exames

externos os alumnos aumentan aínda máis as horas de exposición á lingua estranxeira, de xeito que poidan conseguir estes obxectivos e garantir que cumpriran as esixencias do ensino postobligatorio e do mundo laboral.

Todo isto esixe unha insistencia da nosa parte para concienciar ás familias e alumnado, dado que aínda non forma parte da cultura de moitas familias.

Anualmente actualizamos os datos do alumnado e profesorado que ten certificación en linguas para ver a evolución do grao competencial.

5. Segunda lingua estranxeira: Francés

O centro ten como segunda lingua estranxeira o Francés, a partir de 1º de ESO. En 1º e 2º de ESO esta materia impártese como opción de centro para todos os alumnos. A partir de 3º de ESO ten carácter optativo para os alumnos.

5.1. Actividades extraescolares e complementarias en francés

Entre as actividades complementarias máis destacadas nesta lingua ofrécense as seguintes:

- Intercambio escolar co Collège Edouard Herriot, de Francia (3º ESO)
No pasado curso escolar 2023-24 non houbo número suficiente para facelo. Retomárase este curso.
As datas para este ano están programadas para Maio-Xuño.
- Teatro en francés. Aproveitamos as ofertas que chegan deste tipo para dar oportunidade formativa aos alumnos que o desexen, asistindo a unha sesión de teatro en francés.

6. Avaliación do programa

A avaliación do plan farase a partir dos seguintes elementos:

- Facer un seguimento nas actas de avaliación das programacións ó rematar cada un dos trimestres, reflectindo nesta revisión os posibles cambios que se realicen durante ese período.
- A valoración das actividades complementarias, as cales serán valoradas nas plantillas correspondentes e adxuntas ó documento de avaliación das programacións.
- A final de curso elaborárase unha memoria anual sobre o seguimento e implantación do bilingüismo e plurilingüismo que se enviará á Delegación Provincial.
- Avaliación interna do plan a través dos indicadores do apartado 2.4.

Para recadar máis información que axude a mellorar a avaliación do plan utilizaranse os seguintes medios:

- Caderno de notas e seguimento diario do alumnado que ten cada profesor.
- As enquisas de autoavaliación do profesor a final de curso.
- As reunións das coordinadoras do equipo plurilingüe e de todo o equipo puntualmente cando haxa algún asunto específico que tratar.
- Os acordos que se consensúan en cada reunión para avaliar a aplicación do programa e a actividade docente.

Os resultados da avaliación do Plan servirán para introducir as correccións pertinentes que se terán en conta na planificación do seguinte curso. Así mesmo, mediranse en cada momento oportuno os Indicadores correspondentes ao desenvolvemento do Plan.

7. Obxectivos do programa de plurilingüismo para o curso 2024/25

Formación profesorado:

Dentro da formación proporcionada por PIPE a través de Activa temos formación presencial e online que aínda está sen definir. Comunicarase no seu momento.

Levar a cabo dous programas de inmersión lingüística en inglés:

(ver proposta máis arriba).

Realización de varios proxectos por etapas:

- EI: realizaranse un proxecto en toda a etapa.
We grow healthy: Traballaranse hábitos de vida saudable, cultivos na nosa horta escolar según a estación do ano...
- EP: Realizarase un proxecto dende todas as materias plurilingües relacionada co lema do curso: WE ARE THE FUTURE. (Faraes unha revista dixital trimestral).
- EP: Dende a materia de Arts seguiran a traballar co proxecto de Lettering.
- ESO: Iranse incorporando ó longo do curso e avaliando como actividades complementarias. Realizaranse proxectos/actividades por aula con especial colaboración da auxiliar de conversa.

Incorporar a lingua inglesa nas actividades e na vida diaria do centro:

- EI, EP e ESO: bos días en inglés, actividades relativas ás festividades dos países de fala inglesa: Halloween, Acción de Gracias, San Patricio, Pascua, Martin Luther King Day, Christopher Columbus Day,...

Incrementar do número de alumnos que se certifican a través do centro no nivel de MCER. Colgar a información relativa á certificación na páxina web e nas redes sociais, informar ás familias, motivar ós rapaces que as mestras vexamos que poden presentarse,...

Bacharelato Dual Americano: De 3º de ESO a 1º de Bachelato.

Titorías neste curso escolar:

Luns de 18:00 a 19:00
Luns de 19:00 a 20:00
Xoves de 16:00 a 17:00

8. Conclusión

Salesianos ten un forte compromiso en ofrecer unha formación de calidade. Por isto buscamos sempre mellorar a nosa oferta educativa, adaptándoa ás necesidades dos alumnos e ás esixencias da sociedade na que vivimos.

Por esta razón, marcámonos como obxectivo fomentar o uso doutras linguas, tanto dentro como fóra das aulas, para que os nosos alumnos poidan comunicarse dun xeito competente.

Este é un proxecto que afrontamos con ilusión, no que toda a Comunidade Educativa está involucrada, conscientes da necesidade de ir adaptándonos ás necesidades do noso tempo e ás esixencias, cada vez maiores, da sociedade actual, coa plena satisfacción de ofrecer ós nosos alumnos una formación integral e unha educación de calidade.

ANEXO V: PLAN DE ORIENTACIÓN

1. Xustificación

- Despois de realizar durante cursos anteriores un traballo a nivel inspectorial de revisión e actualización do Proceso de Orientación por parte das orientadoras e orientadores e os/as especialistas (PT e AL) dos equipos de orientación de cada colexio Salesiano, deseñamos o presente documento partindo da concepción da orientación que se pretende acadar nos nosos centros e dos plantexamentos acordados.
- Baseándonos no Proxecto Educativo do noso centro e no propio Documento Marco de Orientación das Escolas Salesianas, presentamos a continuación o Plan de Orientación para o presente curso académico 2024-2025, onde sinalaremos os obxectivos referidos á Orientación Educativa e as principais novidades e cambios con respecto a cursos pasados.
- Consideramos que a orientación, entendida como atención personalizada ao alumnado tendo en conta as súas capacidades e dificultades, é tarefa de todos: titores/as, mestres/as de área, especialistas, xefaturas de estudos, dirección...
- Esta tarefa da atención ao alumnado na globalidade da súa persoa, estará coordinada polo Departamento de Orientación do centro entendido como equipo amplo.

2. Planificación de obxectivos e contidos

2.1 Obxectivos xerais

- Avanzar cara unha Escola cada vez máis inclusiva nas relacións e nas prácticas pedagóxicas.
- Adaptar o traballo dos especialistas do Equipo de Orientación ás necesidades do noso centro, - garantindo a atención persoal e pedagóxica do alumnado con maiores dificultades.
- Priorizar o acompañamento emocional de toda a comunidade educativa, asesorando e programando espazos para a acollida, o crecemento emocional e a cohesión dos grupos.
- Seguir potenciando a acción titorial e actualizando a orientación vocacional do alumnado.

2.2 Obxectivos específicos

Acción titorial (recollido no PAT e POAP anuais)

- **Ampliar a dúas sesións o traballo sobre a campaña “Ambiente Seguro” (Benestar e protección de menores)** nas titorías de ESO (e en 1º Bac. se é posible), e dinamizar en Infantil e Primaria o uso dos materiais dispoñibles.
- Seguir ampliando a colaboración de entidades externas nas titorías de Educación Afectiva e Sexual buscando novas propostas para 6º e 1º e 2º ESO.
- Completar as actividades e recursos do novo Plan de Acción Titorial Inspectorial, realizando as achegas oportunas no equipo de traballo inspectorial correspondente se procede.
- Destinar 1 sesión de titoría de 1º Bac. a explicar distintos aspectos do acceso á Universidade: notas de corte, ponderacións, características da PAU.
- Organizar algunha sesión de orientación académica-profesional con antigos alumnos/as para o alumnado de Bacharelato.
- Seguir actualizando os materiais e metodoloxía para a presentación ao alumnado dos diferentes itinerarios académicos e as materias optativas ofertadas polo centro.

Atención á diversidade (recollido no PAD anual)

- **Completar e manter actualizado o “Arquivo definitivo” na rede interna do centro (carpeta de - Orientación)**, para gardar os informes máis relevantes de cada alumno/a con NEAE e os que vaiamos

elaborando no centro os especialistas do Departamento de Orientación, así coma outros rexistros de documentación e seguimento do alumnado.

- Poñer en marcha novas propostas para a atención ao alumnado de Altas Capacidades, insistindo especialmente na medida de ENRIQUECEMENTO CURRICULAR vencellado ás distintas áreas e en coordinación cos mestres das mesmas.
- Solicitar novamente ás autoridades correspondentes o concerto educativo dunha segunda unidade de Educación Especial para o noso centro.

Formación do profesorado

Presentar unha boa práctica en relación á Atención á Diversidade un martes do profesorado.

Outras áreas de actuación

- Continuar participando na actualización e dinamización do Plan de Convivencia do centro e na formación do Servizo de Mediación entre Iguais e Alumnado Axudante.
- Manter a boa coordinación cos servizos externos que colaboran co departamento de - Orientación e os que traballan co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2.3 Contidos

Ver Documento Marco de Orientación das Escolas Salesianas, Plan de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial e Plan de Orientación Académica e Profesional.

3. Metodoloxía

- En torno á tarefa da coordinación da Orientación no centro, deben existir distintos equipos que se organicen en torno a diferentes funcións e tarefas.
- Proponemos como posibles equipos a ir implantando nestes anos e como funcionamento dos mesmos os seguintes:

3.1 Departamento de Orientación

Coordinación: orientadora

Composición:

Orientadora
Profesorado dedicado a programas específicos e atención á diversidade (PT e AL)
Xefas de Estudos e/ou coordinadores das etapas
Coordinador de Pastoral
Titores/as
Profesorado de Reforzo Educativo
Coidadoras

Funcións:

- Coordinar a elaboración, realización e avaliación das actividades de orientación da acción educativa do centro
- Definir e priorizar os obxectivos a acadar cada curso

Periodicidade de reunións:

Dúas reunións no curso: 1 ao inicio do curso (programación) e outra ao final (avaliación).

3.2 Equipo de orientación

Coordinación: orientadora

Composición:

Orientadora

Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e coordinadora da Aula de Educación Especial

Profesor especialista en Pedagogía Terapéutica (PT)

Profesor especialista en Audición e Linguaxe (AL)

Outro profesorado que se requira en cada circunstancia segundo o tema a abordar

Funcións:

- Propoñer algúns dos obxectivos en relación á acción tutorial e á atención á diversidade.
- Avaliar trimestralmente o funcionamento do Plan de Orientación.
- Coordinar a intervención e seguimento do alumnado con NEAE.
- Coordinar coas xefaturas de estudos o asesoramento ao profesorado na atención á diversidade.
- Coordinar a actuación coas familias e os servizos externos de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Periodicidade de reunións:

Unha reunión semanal (martes, 12:30-13:30):

- Programación e coordinación das tarefas xerais do departamento e seguimento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e das medidas de atención á diversidade.
- Este Equipo organizará o traballo de xeito que queden cubertas as NEE de todos os alumnos/as do centro que o precisen, sempre dentro das nosas posibilidades e atendendo con prioridade ao alumnado da Aula de Educación Especial, ao que teña praza de NEE, ao que teña recoñecido algún grao de discapacidade oficial e ao que dispoña dunha valoración con ditame de escolarización do EOE de zona ou do noso propio Departamento de Orientación.
- Os especialistas de PT e AL traballarán coordinados entre si e cos titores/as e profesorado das distintas áreas e materias. Atenderán ao alumnado con NEE segundo as súas necesidades dentro ou fóra da aula ordinaria, valéndose dos recursos da Aula de Educación Especial da que dispoñen.

3.3 Equipo PAT (Ed. Secundaria)

Coordinación: Xefatura de Estudos de ESO-Bac.

Composición:

Xefe/a de Estudos

Orientadora

Coordinador de Pastoral de ESO-Bac.

Funcións:

- Diseñar e Dinamizar o Plan de Acción Tutorial do centro
- Definir e priorizar os obxectivos a acadar cada curso en relación á acción tutorial
- Avaliar o funcionamento do Plan de acción Tutorial
- Diseñar, dinamizar e avaliar o Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)
- Coordinar o seguimento e apoio ao equipo de titores/as de ESO-Bac.

Periodicidade de reunións:

Temas puntuais e coordinación dentro da reunión semanal da CCP de ESO-Bac

4. Temporalización

Esta programación está deseñada para o curso escolar 2024-2025, se ben a realización e duración de cada actividade variará en función da mesma, dos responsables e dos destinatarios.

5. Actividades a desenvolver polo equipo de orientación

5.1 Actividades da orientadora

Atención individualizada a alumnos/as

Educación Infantil

- Avaliación e seguimento de casos concretos.
- Coordinación cos especialistas de fóra do Centro que traballen con alumnado con NEE e cos especialistas do Equipo de Orientación Específico que proceda.
- Apoio e seguimento emocional do alumnado que o precise.

Educación Primaria

- Seguimento do alumnado con Apoio Educativo.
- Coordinación cos especialistas do EOE provincial de Ourense: coas especialistas en Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento do Equipo de Orientación Específico, que supervisarán previsiblemente os posibles Ditames de Escolarización de dous alumnos que inician o 1º curso na etapa de Primaria e realizarán asesoramento acerca das posibles medidas a adoptar con una alumna de 1º ESO e a orientación profesional de 2 alumnos de 4º de ESO; coa especialista en sobredotación intelectual do EOE, o especialista en trastornos de conduta, e cos demais especialistas do Equipo segundo as necesidades.
- Coordinación con outros especialistas de fóra do Centro que traballan con alumnado con NEE.
- Avaliación e seguimento de casos concretos, especialmente na atención ao alumnado procedente do estranxeiro, ao alumnado con diferentes dificultades de aprendizaxe e ao diagnosticado de altas capacidades.
- Apoio e seguimento emocional do alumnado que o precise.

Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato

- Avaliación e seguimento de casos concretos, a demanda do alumno/a, titor/a ou familia.
- Apoio e seguimento emocional do alumnado que o precise.
- Apoio semanal individualizado en casos concretos de alumnos/as con NEE na medida das posibilidades.
- Unha hora por curso de reforzo educativo nas Linguas ao alumnado con exención na segunda lingua estranxeira (Francés) en 1º e/ou 2º de ESO, cando esta tarefa non poida ser realizada por outro profesorado do centro. No curso actual esta función está cuberta por dúas profesoras da etapa.
- Coordinación e organización das horas de PT e AL destinadas aos dous alumnos da aula de Educación Especial que cursan 4º de ESO en modalidade de escolarización combinada.
- Orientación e asesoramento a alumnado con dificultades de aprendizaxe ou Necesidades Educativas Específicas (reforzo educativo, adaptacións...) e seguimento das Adaptacións Curriculares que sexa preciso elaborar, así como dos alumnos/as que tiveron A.C.S. en cursos anteriores.
- Asesoramento terapéutico a alumnos/as e derivación a servizos externos cando sexa necesario, con seguimento posterior se procede.
- Colaboración no desenvolvemento do Plan de Orientación Académico e Profesional (POAP):
- Entrevistas persoais cos alumnos e alumnas de 4º de ESO para a súa orientación académica e profesional que prioricen os titores/as.
- Orientación académica e profesional individualizada a demanda do alumnado.

Atención grupal de alumnado

- Seguimento (cando sexa preciso) do alumnado que permanece un ano máis no curso ou que promociona por imposibilidade de repetir.
- Observación e avaliación de situacións grupais específicas, deseñando e aplicando programas preventivos ou de intervención cando sexa necesario e posible.
- Colaborar na aplicación do Plan de Acción Titorial (intervencións directas da orientadora, organización de conferencias, táboas redondas, visitas...).
- Organización das sesións e charlas informativas do POAP.
- Coordinación de actividades complementarias relacionadas cos temas transversais (p. ex. prevención de drogas, educación afectiva e sexual, coeducación, prevención da violencia de xénero, uso de redes sociais...)
- Coordinar e realizar a formación e seguimento do equipo de Mediación e Alumnado Axudante de 3º de ESO. Iniciar un novo equipo en 1º ESO se é posible.

Equipo de profesores/as e titores/as

Profesorado e titores/as de ESO e Bacharelato

- Elaboración, seguimento e avaliación do Plan de Acción Titorial (PAT) de ESO e Bacharelato.
- Elaboración, seguimento e avaliación do Plan de Orientación Académico e Profesional (POAP) de ESO e Bacharelato
- Coordinación da medida de exención en Francés e o Reforzo Educativo correspondente en 1º e 2º ESO
- Coordinación e seguimento das AC de 1º, 2º e 4º de ESO
- Asesoramento nas sesións de Avaliación de ESO e Bacharelato
- Coordinación das actividades do Programa de Educación Afectiva e Sexual: actualización de sesións e material audiovisual para as titorías, organización de actividades con servizos externos e deseño de posibles novas accións.

Profesorado do centro

- Orientación no uso de instrumentos psicopedagóxicos que permitan un mellor coñecemento dos alumnos/as.
 - Orientación e asesoramento na atención á diversidade, ofrecendo pautas e protocolos de actuación co alumnado.
 - Asesoramento persoal e técnico ao profesorado.
 - Asesoramento e colaboración directa e indirecta na formación permanente do profesorado.
- Xestión da colaboración con profesionais da saúde e a prevención (médicos, psicólogos, asociacións,...)
- Coordinar a formación e seguimento do equipo coordinador da Mediación, e a sensibilización do resto do profesorado

Órganos de xestión e dirección do Centro

Departamento de Orientación

- Promover o funcionamento do Departamento de Orientación do Centro, como equipo global do centro (2 reunións: inicio e fin de curso)
- **Colaborar na dinamización do "Plan de Atención á Diversidade" do centro.**
- Coordinar as reunións e o traballo dos membros do Equipo de Orientación.

CCP de ESO e Bacharelato

- Asistir ás reunións da Comisión (reunión semanal).
- Colaborar como orientadora no que proceda con respecto ao funcionamento pedagóxico do centro, a atención á diversidade e o seguimento da convivencia.
- Elaborar as actas das reunións.

Equipo Directivo

Asistir ás reunións do Equipo Directivo (reunión semanal)

Asesoramento, colaboración e propostas en temas relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe, a atención á diversidade, o alumnado con NEAE, a convivencia, a formación e, en xeral, coa marcha do centro.

Favorecer e promover as boas relacións con outras institucións (educativas, culturais, sanitarias, deportivas, asociacións,...).

Comisión de Convivencia

- Convocar e coordinar as reunións da Comisión de Convivencia
- Desenvolver as tarefas establecidas segundo a lexislación vixente para a coordinadora de benestar e convivencia.
- Asesoramento, colaboración e propostas de actuación ante casos ou dificultades concretas en relación á convivencia
- Contribuír á actualización e dinamización do Plan de Convivencia do centro
- Informar do Servizo de Mediación entre iguais e os grupos de Alumnado axudante

Familias

- Orientación a familias dentro do Programa de Orientación Académica e Profesional (especialmente 4º de ESO e Bacharelato):
- Charlas informativas e outras accións formativas
- Asesoramento e orientación personalizada
- Orientación, asesoramento e seguimento persoal en demandas e casos concretos (Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato).
- Promover a cooperación entre Familia e Escola.
- Colaborar na solicitude de recursos e axudas para o alumnado con NEAE.
- Contribuír á formación pedagóxica das familias.

5.2 Actividades dos especialistas de PT e AL

Atención individualizada ao alumnado

- Levar a cabo as funcións ligadas ao currículo escolar.
- Intervir directamente co alumnado con NEE, segundo a programación deseñada a tal efecto, a ser posible dentro da propia aula, ou ben fóra da aula ordinaria, individualmente ou en pequeno grupo, cando sexa preciso por motivos organizativos ou pedagóxicos.
- Ofertar unha variedade de situacións de aprendizaxe para aquel alumnado que precisa dun ritmo ou xeito diferente de aprendizaxe e de contidos.

Atención grupal de alumnado

- Observación e avaliación de situacións grupais específicas, co conseguinte desenvolvemento de programas de intervención cando sexa preciso.

Equipo de profesores/as e titores/as

- Axudar ao profesorado na identificación das NEE. do alumnado.
- Asesorar e colaborar na elaboración das medidas educativas a adoptar en cada caso (Reforzo Educativo -RE- ou Adaptación Curricular -ACS-), e na súa posta en marcha e seguimento en Infantil e Primaria.
- Asesorar ao profesorado no uso de materiais e recursos educativos para a atención á diversidade, e mesmo elaborar os que sexan necesarios.
- Colaborar cos titores/as na atención e programación de actividades destinadas ao alumnado que permanece un ano máis no ciclo ou etapa.

- Participar na avaliación e nas decisións de promoción do alumnado, así como facer achega á familia e aos titores/as da información trimestral de avaliación do alumnado con NEE. que están a ser atendidos polos mestres de PT e/ou AL
- Favorecer relacións de colaboración constante entre o profesorado e o Departamento de Orientación, sen restar ningunha responsabilidade ao titor/a respecto dos seu alumnado
- Servir de nexos entre os titores/as e os responsables do Apoio Educativo en Amencer.

Órganos de xestión e dirección do Centro

- Asesoramento, colaboración e acompañamento na formación permanente do profesorado e nos equipos directivos.
- Participar nas estruturas organizativas do Centro que corresponda.
- Coordinarse coa orientadora do Centro, servindo de ponte entre ela e o alumnado con NEE naqueles aspectos aos que a orientadora non pode chegar.
- Organizar e poñer á disposición de todo o profesorado os distintos recursos materiais do centro, facendo uso e promoción das TIC e de métodos de investigación e innovación pedagóxica.
- Fomentar a colaboración do Centro con outras institucións.

Familias

- Identificación, asesoramento e seguimento de situacións de risco escolares, persoais ou familiares.
- Promover a cooperación e relacións fluídas entre familia e escola, fomentando así a continuidade entre ambas do proceso educativo.
- Ofrecer ás familias pautas de traballo complementario na casa, a fin de procurar unha mesma liña que globalice a tarefa realizada co neno/a na escola.

6. Recursos

6.1 Recursos persoais

Xefas de Estudos

Titores/as

Mestres/as e profesorado de área

Orientadora (25 horas)

Titira da Aula de Educación Especial (25 horas de PT)

Mestre de PT (25 horas)

Mestre de AL (25 horas)

3 horas de PT (1 mestre 2h. e 1 mestra de EP 1h.)

Mestres/as de Reforzo Educativo

Mestres/as dos programas de ampliación para alumnado con AACC

2 Coidadoras

6.2 Recursos materiais

Orientadora:

Ordenador con acceso a impresora. Chromebook.

Programas informáticos de recursos para a atención á diversidade e a orientación educativa

Instrumentos de diagnóstico e intervención psicoeducativa.

Libros e materiais de formación do profesorado

Mobiliario, material funxible

Recursos audiovisuais para familias e profesorado

Arquivo individualizado co historial e traballo do alumnado atendido.

PT – AL:

- Tres ordenadores na aula de Educación Especial (Primaria), escáner e impresora

Ordenador portátil

tabletas iPad con aplicacións educativas

- Pantalla táctil de grande formato (encerado dixital)
- Programas informáticos de actividades e recursos para a atención á diversidade en Infantil e Primaria
- Instrumentos de avaliación e intervención psicoeducativa
- Libros de formación do profesorado
- Cadernos e fichas fotocopiáveis con actividades das diferentes áreas para traballar cos alumnos con NEE atendidos
- Xogos e materiais manipulativos
- Material específico para o Proxecto de Cociña co alumnado da aula de E. Especial
- Material específico para o Proxecto de Música co alumnado da aula de E. Especial
- Espello, colchoneta e outros materiais para actividades psicomotrices e de linguaxe
- Arquivo individualizado co historial e traballo dos alumnos atendidos nesta aula de apoio
- Mobiliario e material funxible
- En Educación Infantil:
- Recursos compartidos cos de Educación Primaria (Aula de apoio)
- Material didáctico específico de Educación Infantil

Resto do profesorado:

- Todos os recursos existentes no Centro (PC e pantalla interactiva en todas as aulas ordinarias).

6.3 Recursos espaciais

- Aula de Educación Especial
- Despacho do Departamento de Orientación (edificio Secundaria) e pequena sala (edificio de Primaria)
- Biblioteca
- Salas de reunións (Primaria e Secundaria)
- Aulas ordinarias e específicas
- Resto de espazos comúns e instalacións do centro

7. Avaliación do plan de orientación

Os membros do Equipo de Orientación avaliaremos a nosa programación alomenos unha vez ao trimestre, e ao final do curso, para incluír esta información na avaliación final do Departamento de Orientación, medindo en cada caso os indicadores do Sistema de Xestión de Calidade que correspondan se é o caso.

Cada equipo fará as avaliacións correspondentes que serán incorporadas á avaliación global do centro.

As avaliacións trimestrais do Equipo de Orientación serán internas, é dicir, realizadas polos propios membros do equipo e rexistradas nas actas de reunión.

A avaliación final, ademais da interna, incluírá información externa ao departamento, que se baseará nas valoracións realizadas polo propio departamento e tamén polo resto do persoal docente e extraída das enquisas e outras posibles fontes de valoración do alumnado e/ou familias cando proceda, e será incorporada ao proceso de avaliación interna do centro.

ANEXO VI: PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

1. Xustificación

Nas Escolas Salesianas entendemos a orientación académico-profesional como parte dun proceso máis amplo: a Orientación Vocacional. A Orientación Vocacional é un aspecto fundamental no noso centro, pois é un dos eixos do sistema educativo salesiano. Dende a nosa opción pola formación integral, entendemos que o último fin da educación é axudar a cada persoa a encontrar un sentido na súa vida e prepararse para afrontala de forma adulta e adaptada.

Proposta Educativa das Escolas Salesianas:

Na nosa Proposta Educativa recóllese que a Escola axudará aos alumnos e alumnas a descubrir a vida como vocación, concretando o propio proxecto de vida como servizo na sociedade e na Igrexa, que leva á autorrealización.

Por esta razón, unha das catro dimensións nas que se estrutura o Proxecto Educativo-Pastoral de calquera colexio salesiano é a dimensión vocacional.

O noso proxecto de educación e evanxelización ten como centro a persoa. Con el favorecemos a súa plena realización, que se concretará no descubrimento da propia opción vocacional. Esta é a meta de todo proceso de maduración humana e cristiá.

Por isto, a opción vocacional é unha das dimensións sempre presentes en todos os momentos, actividades e fases da nosa acción educativo-pastoral.

Mediante o desenvolvemento desta dimensión:

Axudamos aos alumnos e alumnas a situarse como persoas e crentes na sociedade e na Igrexa.

Acompañámoslos na formulación do seu propio proxecto de vida.

No apartado 5 da Proposta “Principios e criterios da acción educativa salesiana”, indícase a implicación dos nosos colexios na adecuada orientación ao dar preferencia a estudos, especializacións e programas que responden ás necesidades da zona.

Nun ambiente educativo axeitado, cada alumno/a pode ir atopando elementos que lle axuden a definir este proxecto en relación ao seu estado de vida, traballo ou profesión, opción sociopolítica e opción relixiosa.

Así pois, a nosa Escola valora e programa unha acción orientadora explícita para axudar a cada mozo e moza e apoiar ás súas familias. Para acadalo:

Aproveita as posibilidades de orientación que ofrecen tanto os contidos da ensinanza como as experiencias educativas.

Brinda unha axuda específica nos momentos máis delicados da idade evolutiva e da vida escolar.

Facilita servizos especializados de orientación e psicopedagóxicos.

Ofrece unha atención especial a quen amosa signos vocacionais cara a un maior compromiso polo Reino de Deus.

2. Finalidades educativas e obxectivos para o CURSO 2024-2025

A finalidade fundamental do POAP é axudar a cada alumno ou alumna a tomar decisións realistas sobre o seu futuro en consonancia coas súas aspiracións, crenzas, valores e proxecto de vida, conxugando a visión a curto e longo prazo.

Para acadar esta finalidade, propoñemos os seguintes obxectivos xerais:

- a) Axudar a cada alumno ou alumna a ir construíndo o seu proxecto persoal de vida, a través da información, a vivencia de experiencias e a reflexión.
 - Descubrirlles as diversas posibilidades de vida que teñen respecto ao seu futuro.
 - Proporcionarlles unha orientación individualizada e diversificada, que dea resposta ás necesidades de cada alumno ou alumna.
 - Promover a igualdade de oportunidades e aspiracións desmontando estereotipos, prexuizos e limitacións.
 - Facilitar a reflexión e toma de decisións sobre as posibilidades académicas e profesionais, así coma do mundo laboral, ás que poden acceder os alumnos.
 - Elaborar o Consello Orientador que se proporciona aos alumnos ao rematar a Educación Obrigatoria e os cursos que proceda.
- b) Acompañalos e asesoralos de forma preventiva naqueles momentos de máis risco ou cambio: transicións de ciclo ou etapas, elección de optativas e itinerarios formativos e profesionais.
 - Adestrar aos alumnos e alumnas na toma de decisións e procesos de decisión capacitándolles para a educación actual e futura.
 - Desenvolver progresivamente no alumnado a competencia para formarse ao longo de toda a súa vida.
 - Facilitar a transición ao mundo laboral do alumno/a no momento que o necesite.

Para o presente curso, propoñemos os seguintes obxectivos específicos :

- a) Destinar 1 sesión de titoría de 1º Bac. a explicar distintos aspectos do acceso á Universidade: notas de corte, ponderacións, características da PAU.
- b) Organizar algunha sesión de orientación académica-profesional con antigos alumnos/as para o alumnado de Bacharelato.
- c) Seguir actualizando os materiais e metodoloxía para a presentación ao alumnado dos diferentes itinerarios académicos e as materias optativas ofertadas polo centro.

3. Contribución do plan ao desenvolvemento de competencias clave.

As actividades propias deste plan contribúen a que os alumnos e alumnas se fagan máis competentes, realizando diversas experiencias que lles fan exercitarse, e así, desenvolver aspectos de todas as competencias clave.

En todo o proceso de orientación o alumno ou alumna terá que ir aprendendo a desenvolverse ante as incertezas que se presentan tratando de buscar as respostas máis axeitadas, admitindo diversas solucións ante un mesmo problema. Desta forma exercítase de maneira especial o pensamento estratéxico, base da competencia persoal.

O POAP favorece principalmente o desenvolvemento de dúas competencias:

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): a reflexionar sobre si mesmo e o seu proceso formativo e así ir facéndose consciente das súas necesidades e desexos e aprendendo a buscar os medios máis axeitados para cualificarse.

- Competencia Emprendedora (CE): ao exercitarse a toma de decisións e ir reflexionando e tomando os riles da súa vida, cada alumno e alumna sentirase obrigado a planificar, desenvolver e avaliar o seu proxecto individual con confianza e sentido crítico, intentando levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida facéndose responsable dela (emprender, desenvolver proxectos, reelaborar...) aplicado á vida mesma.

As actividades que se levan a cabo ao longo do Plan axudan tamén a promover a Competencia en comunicación lingüística, oral e escrita, ao ter que interactuar, comprender ou redactar; e de Competencia Dixital, ao ter que buscar a información e comparala para sacar conclusións prácticas e tomar decisións. Dende o noso enfoque educativo a orientación académico-profesional incide ademais no desenvolvemento da dimensión social da persoa, ao axudar ao alumnado a reflexionar sobre a súa contribución á sociedade e grupos nos que se desenvolve.

4. Descrición de actuacións, actividades e materiais empregados por cursos e datas

4.1 Etapas de Educación Infantil e Primaria

SEMANA VOCACIONAL: Durante unha semana do segundo ou terceiro trimestre, faise unha invitación a través da plataforma a tódalas familias de Infantil e Primaria para que os pais ou nais que o desexen veñan compartir a súa experiencia profesional dende unha perspectiva de servizo. Os alumnos e alumnas, xunto co profesorado correspondente, reúnense por niveis na Aula Magna coas familias voluntarias para asistir a unha posta en común.

Esta actividade organízase dende o Departamento de Pastoral, en coordinación coa Xefatura de Estudos de EI-EP.

Outras actividades de orientación:

6º Educación Infantil (5 anos)			
SESIÓNS	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1ª	Xuño de 2025	Facilitar no alumnado de 6º de Infantil a transición á etapa de EP. Favorecer o achegamento entre o alumnado de Infantil e o profesorado de Primaria. Contribuír á orientación escolar do alumnado de 6º de Infantil, a través do coñecemento de espazos, alumnado e profesorado de 1º EP.	Visita ás aulas de 1º de Primaria, onde cada alumno/a de Infantil recibe un obsequio elaborado polos alumnos/as de Primaria. Visita ás principais instalacións do Edificio de Primaria.

6º Educación Primaria			
SESIÓNS	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1ª	Xaneiro-febreiro de 2025	Facilitar no alumnado de 6º a transición á etapa de ESO Contribuír á orientación escolar do alumnado de 6º de Primaria, a través do coñecemento de experiencias persoais de alumnos/as que están na ESO Favorecer o achegamento entre o alumnado de Primaria e o profesorado de Secundaria. Esclarecer todas as dúbidas, preocupacións ou falsos temores que podan ter sobre os estudos da etapa da ESO Reflexionar sobre as posibles dificultades que se poden atopar nestes estudos e aprender estratexias para superalas.	Presentación da etapa de ESO por varios profesores/as (exposición teórica e audiovisual). Visita ás aulas de ESO e principais instalacións a través dunha xincana de pistas e premios.

5º e 6º de Educación Primaria			
SESIÓNS	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
Sen determinar	Ao longo de todo o curso	Contribuír á orientación profesional dos alumnos e alumnas Coñecer distintas profesións e actividades profesionais relacionadas co currículo que se traballa na aula	Invitación a profesionais de distintos ámbitos a presentar a súa profesión ou dar a coñecer de primeira man algún aspecto da mesma que sexa de interese para o desenvolvemento do currículo

1º e 2 de Bacharelato			
SESIÓNS	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1 sesión de dúas horas	18 de outubro de 2024	Contribuír á orientación profesional dos alumnos e alumnas de Bacharelato Coñecer de primeira man distintas profesións e titulacións superiores e establecer contactos para aclarar posibles dúbidas sobre a elección vocacional no futuro	I XORNADA "Construíndo o meu futuro": - Táboa redonda con antigos alumnos/as con diferentes perfís de estudos universitarios, de FP, outros estudos superiores ou profesións de distintos ámbitos - Consulta de dúbidas persoais por seccións e especialidades - Invitación a un ágape aos antigos alumnos/as participantes

4.2 Etapas de ESO e Bacharelato

1º ESO/ POAP 2024-2025

SESIÓNS	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1ª	12 de marzo de 2025	Coñecer os itinerarios educativos e as novas optativas da ESO e a súa posición dentro do sistema. Plantexarse algunha meta educativa a longo prazo. Reflexionar acerca das cousas que son necesarias para conseguir esa meta.	Presentación renovada CANVA dos itinerarios académicos, "Oferta materias ESO" (Presentación da orientadora "Imos de viaxe"). Explicación por parte do titor/a da actividade. Escooller unha meta e propoñer necesidades para poder acadala
	Pendente de data	Iniciar ao alumnado no adestramento da toma de decisións (relacionalo co traballado en Educación en Valores e coa toma de decisións vocacional). Adquirir habilidades para saber tomar unha decisión. Aprender a valorar as distintas consecuencias posibles dunha decisión.	Ficha 15: "Tomamos decisións" (p.28-29, caderno 1, S.M.). Explicación por parte do titor/a recordando o que significa tomar unha decisión. "O bote salvavidas" (indiv., grupos, G.Grupo). Analizar que aspectos tiveron en conta para chegar á decisión final. Poden tamén escooller a personaxe que máis lles gustaría a eles ser, e dicir por que.
3ª	2 de abril de 2025	Coñecer experiencias reais de outras persoas no ámbito vocacional. Obter información sobre opcións concretas de vida dende unha perspectiva de servizo. Respectar a diversidade con respecto ás opcións persoais de vida. Valorar a importancia da elección vocacional dentro do propio proxecto persoal de vida.	CAMPAÑA VOCACIONAL Actividade conxunta (por determinar) (1ªA, 1ªB e 1ªC) Posible "Táboa redonda" (Estudantes, relixiosos/as, profesionais,...., de distintos ámbitos). Actividade alternativa (Organiza o Dpto. de Pastoral)

2º ESO/ POAP 2024-2025

SESIÓN	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1ª	6 de marzo de 2025	<p>Presentar aos alumnos/as os itinerarios académicos (ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos e Universidade), materias optativas e a súa posición dentro del.</p> <p>Proporcionar aos alumnos/as información sobre os requisitos e saídas de cada unha das distintas opcións.</p> <p>Coñecer a nivel xeral a oferta actual de Bacharelatos do noso Centro.</p> <p>Motivar ao alumnado para plantexarse metas académicas a medio e longo prazo.</p> <p>Valorar a importancia da elección de optativas e itinerarios en 3º e 4º de ESO de cara ás metas plantexadas.</p> <p>Reflexionar acerca do coñecemento que posúen das súas propias capacidades, intereses e gustos, e a súa actitude ante o estudio.</p>	<p>Presentación renovada CANVA dos itinerarios académicos, "Oferta materias ESO" (Presentación da orientadora "Volvemos de viaxe").</p> <p>Explicación por parte do titor/a da actividade.</p> <p>Situar no camiño onde están e a onde queren chegar.</p> <p>Ver pequenos vídeos ou informacións das materias optativas para o curso seguinte. (Presentación e motivación por parte do titor/a en cada clase).</p>
2ª	13 de marzo de 2025	<p>Afondar no coñecemento dos seus gustos, capacidades e rendemento académico.</p> <p>Identificar características e cualidades que valoramos como positivas noutras persoas, fixándose en se existen diferenzas entre homes e mulleres.</p> <p>Reflexionar sobre as propias aptitudes e cualidades.</p> <p>Aprender a relacionar esas aptitudes e cualidades con posibles profesións ou ocupacións futuras.</p>	<p>Actividade "Mi persona favorita" (44, 45) (Programa "Rompendo esquemas"): reflexión persoal e posta en común.</p> <p>Cuestionario persoal "Tengo aptitudes" (57) (Programa "Rompendo esquemas"): reflexión persoal e posta en común para pensar posibles profesións segundo as aptitudes e as cualidades destacadas por cada quen.</p> <p>Alternativa: Fichas "Me gustaría un trabajo que" (3) + "Profesión" (4)</p> <p>Recoller por escrito o itinerario persoal que se propón cada alumno, e os pasos que deberá ir dando (Ficha persoal 2º ESO, D.O. Anexo I).</p>
3ª	Data sen determinar	<p>Coñecer distintos aspectos relevantes a ter en conta nas diferentes profesións e postos de traballo.</p> <p>Reflexionar sobre os seus propios intereses profesionais.</p>	<p>Actividades posibles:</p> <p>Profesiograma (p. 19, progr. "Decido mi futuro").</p> <p>Xogo "Adiviña a miña profesión" (p. 18, progr. "Decido mi futuro").</p> <p>Cuestionario de intereses profesionais (por determinar).</p>
		<p>Analizar diferentes estilos de toma de decisións.</p> <p>Coñecer un plan de acción axeitado para a toma de decisións.</p> <p>Axudar a tomar decisións de modo reflexivo.</p> <p>Relacionar esta actividade co traballado en Ed. En Valores e coa toma de decisións vocacional.</p> <p>Recapitular o traballado nas sesións anteriores do POAP para decidir que itinerario se propoñen a curto (3º ESO), medio (4º ESO) e longo prazo (Bacharelato ou CFGM/ Universidade ou CFGS).</p>	<p>Ficha 30: "Tomar decisións" (p.62-63, caderno 2, S.M.).</p> <p>Explicación por parte do Titor/a do que significa tomar unha decisión.</p> <p>Actividades 1, 2 e 3 (indiv. e grupos ou G.Grupo).</p>
4ª	3 de abril de 2025	<p>Coñecer experiencias reais de outras persoas no ámbito vocacional.</p> <p>Obter información sobre opcións concretas de vida dende unha perspectiva de servizo.</p> <p>Respectar a diversidade con respecto ás opcións persoais de vida.</p> <p>Valorar a importancia da elección vocacional dentro do propio proxecto persoal de vida.</p>	<p>CAMPAÑA VOCACIONAL</p> <p>Actividade conxunta (por determinar) (2ºA, 2ºB e 2ºC)</p> <p>Posible "Táboa redonda" (Estudantes, relixiosos/as, profesionais, de distintos ámbitos).</p> <p>Actividade alternativa (Organiza o Dpto. de Pastoral)</p>

3º ESO/ POAP 2024-2025

SESIÓN	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1ª	4 de febreiro de 2025	<p>Presentar aos alumnos/as as principais novidades da ESO e o Bacharelato LOMLOE.</p> <p>Coñecer con detalle as distintas opcións educativas que hai a partires da ESO (Bacharelato, Ciclos Formativos e Universidade).</p> <p>Proporcionar aos alumnos/as información sobre os requisitos e saídas de cada unha das distintas opcións.</p> <p>Coñecer a oferta actual de Bacharelatos do noso Centro.</p> <p>Motivar ao alumnado para plantexarse metas académicas a medio e longo prazo.</p> <p>Explicar a oferta académica do centro para 4º ESO (itinerario Ciencias aplicadas e Ciencias académicas)</p> <p>Decidir itinerarios e optativas a escoller</p>	<p>Presentación renovada CANVA sobre a LOMLOE na ESO e no BACHARELATO, información sobre os Itinerarios en 4º ESO e os Bacharelatos de Salesianos Ourense (Univ. e FP).(Presentación da orientadora "Volvemos de viaxe").</p> <p>http://www.edu.xunta.es/fp/folletos-informativos-fp</p> <p>(Presentación e motivación por parte dos titores/as na aula ordinaria)</p>
2ª	25 de febreiro de 2025	<p>Facilitar o autoconñecemento e a autorreflexión sobre as características persoais para actuar de xeito consciente e responsable.</p> <p>Fomentar un autoconcepción positivo, tendo en conta a opinión propia e a do noso entorno.</p> <p>Aprender a relacionar as aptitudes e cualidades con posibles profesións ou ocupacións futuras, identificando diferenzas entre mozos e mozas.</p>	<p>Actividade "Mi persona favorita" (44, 45) (Programa "Rompendo esquemas"): pensar individualm. e posta en común. Observar diferenzas de xénero.</p> <p>Ficha "Veo, me ves, me veo!!" (47+35) (Programa "Rompendo esquemas"): reflexión persoal e posta en común.</p>
		<p>Coñecer os nosos gustos e afeccións e analizar a súa influencia na toma de decisións.</p> <p>Aprender a relacionar as nosas cualidades e habilidades con posibles materias formativas e ocupacións laborais.</p> <p>Coñecer que valores son importantes para cada quen na elección dunha profesión.</p>	<p>Actividade "Me gusta" (54, 55) (Programa "Rompendo esquemas"):</p> <p>Ficha: "Gustaríame un traballo que" (Cadernos Bilbao, 2º).(indiv.): para axudar e complementar a reflexión anterior.</p> <p>http://www.eligeprofesion.org/pro_001.asp?ipag=1</p>
3ª	11 de marzo de 2025	<p>Reflexionar sobre as nosas preferencias, intereses, motivacións e capacidades, que nos orientan cara un tipo de formación e/ou profesión.</p> <p>Entrenar ós alumnos/as na toma de decisións.</p> <p>Coñecer e practicar distintos procedementos para a toma de decisións.</p> <p>Lembrar os pasos a dar para unha toma de decisións acertada (-->relacionalo coa decisión que terán que tomar ao finalizar o curso seguinte).</p>	<p>Actividade "Nos hemos perdido" (72, 73) (Programa "Rompendo esquemas")</p> <p>Ficha "Tomar decisións/JAVIER" (p. 113-114, Orienta Plus, ciclo 1). Titor explica o procedemento de toma de decisións (p. 109).</p> <p>Ficha "Tomar decisións/TRABALLO EN EQUIPO". (123-125, Orienta Plus, ciclo 1). Opcional</p> <p>Recoméndase motivar e ambientar ben a actividade, p. ex. proxectando a imaxe dunha praia ou illa deserta e con sons de olas e gaivotas...</p>
5ª	1 de abril de 2025	<p>Coñecer experiencias reais de outras persoas no ámbito vocacional.</p> <p>Obter información sobre opcións concretas de vida dende unha perspectiva de servizo.</p> <p>Respectar a diversidade con respecto ás opcións persoais de vida.</p> <p>Valorar a importancia da elección vocacional dentro do propio proxecto persoal de vida.</p>	<p>SEMANA VOCACIONAL</p> <p>Actividade conxunta (por determinar) (3ªA, 3ªB e 3ªC)</p> <p>Possible "Táboa redonda" (Estudantes, relixiosos/as, profesionais,... de distintos ámbitos).</p> <p>Actividade alternativa</p> <p>(Organiza o Dpto. de Pastoral)</p>

4º ESO/ POAP 2024-2025

SESIÓN	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1ª	10 de xaneiro de 2025	<p>Contribuír á orientación vocacional-profesional do alumnado de 4º de ESO a través do coñecemento de experiencias persoais de alumn@s que estean estudando Bacharelato.</p> <p>Aclarar posibles dúbidas sobre calquera dos Bacharelatos (4 modalidades) ofertados no centro.</p> <p>Reflexionar sobre as posibles dificultades que se poden encontrar nestes estudos e coñecer estratexias para superalas.</p> <p>Fomentar no alumnado unha toma de decisións responsables.</p>	<p>TÁBOA REDONDA de alumnado e profesorado dos Bacharelatos que oferta o noso centro.</p> <p>Entrevistas persoais da orientadora e titores/as</p>
2ª	7 de febreiro de 2025	<p>Presentar aos alumnos/as as principais novidades do Bacharelato LOMLOE.</p> <p>Coñecer con detalle as distintas opcións educativas que hai a partires da ESO (Bacharelato, Ciclos Formativos e Universidade).</p> <p>Proporcionar aos alumnos/as información sobre os requisitos e saídas de cada unha das distintas opcións.</p> <p>Coñecer a oferta actual de Bacharelatos do noso Centro.</p> <p>Motivar ao alumnado para plantexarse metas académicas a curto e longo prazo.</p> <p>Aprender a tomar a decisión vocacional tendo en conta tódolos aspectos relevantes nela.</p>	<p>Presentación renovada CANVA sobre a LOMLOE na ESO e no BACHARELATO, información sobre os Bacharelatos de Salesianos Ourense (Univ. e FP).(Presentación da orientadora “Volvemos de viaxe”).sobre a LOMLOE na ESO e no BACHARELATO</p> <p>Oferta do Bacharelato Salesianos Ourense</p> <p>Ficha resumen de rexistro da decisión vocacional 4º ESO (D.O.) ANEXO III.</p> <p>+ Notas de corte e Ponderacións do SUG</p>
3ª	28 de febreiro de 2025	<p>Reflexionar acerca das propias cualidades persoais, aptitudes, INTERESES PROFESIONAIS e valores.</p> <p>Dar a coñecer recursos web para afondar no propio autoconocemento.</p> <p>Relacionar os aspectos anteriores coa motivación e historial académicos de cara a tomar unha decisión vocacional o máis axeitada posible.</p>	<p>Cuestionarios sobre capacidades e intereses profesionais da Xunta de Galicia (2 excel adxuntos).</p> <p>Recopilación cuestionarios on-line sobre intereses profesionais: https://educacion2.com/carrera-estudiar-test-acertar/ www.elegircarrera.net/Test/Default.aspx</p> <p>Recursos Uvigo (vídeos xornada portas abertas 2021...): https://www.uvigo.gal/es/ven-uvigo/futuro-alumnado</p> <p>Entrevistas persoais da orientadora: Alternativa: Cuestionarios “Mis capacidades” e “Intereses profesionales” (Programa “Decido mi futuro”, páxs. 8-12).</p>
4ª	9 de maio de 2025	<p>Reflexionar de xeito realista sobre as características e requisitos das profesións que máis lles interesan.</p> <p>Información sobre todo tipo de profesións e ocupacións laborais (en que consiste, formación, requisitos...).</p> <p>Coñecer novas profesións de cara ao futuro.</p> <p>Cuestionarios on-line varios.</p>	<p>Ficha “Las profesiones” (Programa “Decido mi futuro”, páx. 17, fotoc.): cubriilo despois de navegar un pouco nas ligazóns e de decidir a profesión que máis lles interese.</p> <p>https://www.nosequeestudiar.net/profesiones/ https://orientacion-laboral.infojobs.net/14-profesiones-con-futuro https://euroguidance-spain.educacionyfp.gob.es/recursos.html (pax. xeral con acceso a moitos recursos de orientación, titulacións, profesións, emprego, tests...)</p>

5ª	16 de maio de 2025	Coñecer a oferta académica de ciclos formativos de FP do CPR. Santo Cristo (Ourense) ou doutros centros alternativos de FP	Charla-presentación do CPR. Santo Cristo de Ourense ou doutros centros alternativos de FP da cidade
6ª	4 de abril de 2025	Coñecer experiencias reais de outras persoas no ámbito vocacional. Obter información sobre opcións concretas de vida dende unha perspectiva de servizo. Respectar a diversidade con respecto ás opcións persoais de vida. Valorar a importancia da elección vocacional dentro do propio proxecto persoal de vida.	CAMPAÑA VOCACIONAL Actividade conxunta (por determinar) (4ªA, 4ªB e 4ªC) Posible "Táboa redonda" (Estudantes, relixiosos/as, profesionais,..., de distintos ámbitos). Actividade alternativa (Organiza o Dpto. de Pastoral)

Información actualizada de todas as titulacións universitarias de España por Comunidade Autónoma <https://www.universidades.gob.es/donde-estudiar/>

5. Entrevistas persoais e individualizadas da orientadora e os titores/as cos alumnos e alumnas de 4º ESO

Ademais das entrevistas persoais solicitadas polos propios alumnos ao longo de todo o curso, os titores e a orientadora entrevistaránse cos alumnos e alumnas de 4º de ESO para ofrecerlles unha orientación profesional individualizada. A orientadora priorizará aqueles/as máis necesitados por diferentes motivos. Obxectivos que se pretenden conseguir:

- Detectar aqueles alumnos e alumnas que teñan máis dificultades á hora de decidir o seu futuro académico e profesional coa fin de poder orientalos e acompañalos máis persoalmente.
- Contribuír ao autoconecemento dos alumnos e alumnas a través da realización dunha entrevista persoal.
- Facilitar información obxectiva aos alumnos e alumnas de cara a tomar unha decisión vocacional ao rematar 4º de ESO o máis axeitada posible ás súas características.
- Aprender a valorar a importancia de facer unha reflexión persoal seria para a toma de decisión vocacional.
- Esta actividade realizarase en colaboración cos titores e titoras das tres aulas, dando prioridade ao alumnado indicado por eles. As entrevistas inicianse no primeiro trimestre, principalmente nas horas de tutoría e aproveitando outros momentos do curso sen exames.

1º BACHARELATO/ POAP 2024-2025

SESIÓN	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1 sesión de 2 horas	18 de outubro de 2024	Contribuír á orientación profesional dos alumnos e alumnas de Bacharelato Coñecer de primeira man distintas profesións e titulacións superiores e establecer contactos para aclarar posibles dúbidas sobre a elección vocacional no futuro	I XORNADA "Construíndo o meu futuro": - Táboa redonda con antigos alumnos/as con diferentes perfís de estudos universitarios, de FP, outros estudos superiores ou profesións de distintos ámbitos - Consulta de dúbidas persoais por seccións e especialidades - Invitación a un ágape aos antigos alumnos/as participantes
1ª	02 de decembro de 2024	Situarse dentro do itinerario educativo do que forman parte Coñecer o acceso á Universidade e á FPGS.	Esquema dos ITINERARIOS ACADÉMICOS Oferta académica de 2º Bac. No noso centro

		<p>Coñecer as distintas opcións de carreiras universitarias para cada Bacharelato.</p> <p>Aproximarse e interesarse pola realidade das universidades galegas.</p> <p>Comprobar os coñecementos previos do alumnado acerca do Plan Bolonia e a estrutura do sistema universitario.</p> <p>Dar a coñecer as informacións máis relevantes ao respecto.</p> <p>Ofrecer recursos e ferramentas coas que os alumnos e alumnas podan investigar e obter información importante para a súa orientación académica.</p> <p>Explicar aos alumnos/as a relación existente entre as Ramas de Coñecemento, os títulos de Grao e as Ponderacións.</p> <p>Lembrar todos os aspectos a ter en conta para poder tomar a propia decisión vocacional de xeito responsable.</p>	<p>Vídeo de presentación da XUNTA das UNIVERSIDADES DE GALICIA.</p> <p>NOTAS DE CORTE 2023/24 e PONDERACIÓNS do SUG (ligazón e fotocopia para taboleiro da aula).</p> <p>Ligazóns de información sobre a FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR.</p> <p>Documento "ELIXIR CARREIRA".</p> <p>Presentación do PLAN BOLONIA TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO EN ESPAÑA.</p> <p>(Proxección de toda a información na Pizarra Dixital, doc. da orientadora. Presentación por parte dos titores/a).</p> <p>Como alternativa, a orientadora enviaría a información ao correo do alumnado.</p>
2ª	20 de xaneiro de 2025	<p>Achegar ao alumnado ao mundo da Universidade.</p> <p>Ofrecer información aos alumnos e alumnas sobre carreiras vinculadas a distintas opcións do Bacharelato.</p> <p>Coñecer as titulacións ofertadas polas Facultades de "Ciencias" do campus de Ourense (Universidade de Vigo).</p> <p>Ofrecer información aos alumnos e alumnas sobre a carreira de Xeografía e Historia do Campus de Ourense (Universidade de Vigo).</p>	<p>1ª Bac.: Presentación da Facultade de Ciencias</p> <p>1ºB Bac.: Presentación-obrairo da titulación de Xeografía e Historia (ou outra alternativa)</p>
3ª	3 de febreiro de 2025	<p>Achegar ao alumnado ao mundo da Universidade.</p> <p>Ofrecer información aos alumnos e alumnas sobre carreiras vinculadas a distintas opcións do Bacharelato.</p> <p>Ofrecer información aos alumnos e alumnas sobre distintas titulacións do Campus de Ourense (Universidade de Vigo).</p>	<p>1ª Bac.: Presentación dalgunha Facultade de Ciencias e Tecnoloxía por algún profesor/a</p> <p>1ºB Bac.: Presentación dalgunha Facultade de Letras por algún profesor/a</p>
4ª	10 de marzo de 2025	<p>Dar a coñecer os aspectos xerais e máis relevantes da PAU en Galicia</p> <p>Explicar aos alumnos/as a relación existente entre os títulos de Grao e as Ponderacións de cara ás materias da fase voluntaria da ABAU.</p>	<p>Proxección breve presentación da estrutura da PAU, notas de corte e ponderacións por parte de M.ª José (delegada do noso centro para a PAU) e/ou a orientadora</p>
5ª	Data por determinar (posiblemente 8 de abril de 2025)	<p>Favorecer o contacto co mundo universitario, coñecendo as instalacións, laboratorios e servizos do Campus de Ourense-Campus da Auga.</p> <p>Coñecer as titulacións ofertadas por este Campus así como as súas principais liñas de investigación.</p> <p>Celebrar o Día Mundial da Auga</p>	<p>Visita ao Campus de Ourense-Campus da Auga (Universidade de Vigo) Organiza a Universidade: visita por seccións e especialidades</p>
6ª	5 de maio de 2024	<p>Ofrecer información aos alumnos e alumnas sobre diferentes estudos superiores</p>	<p>Posible charla dalgunha Facultade, centro de estudos Superiores ou centro de FP Superior.</p>
7ª	Nunha clase de Economía (Data por determinar)	<p>Achegar ao alumnado ao mundo da Universidade.</p> <p>Ofrecer información práctica aos alumnos e alumnas sobre distintos contidos e aplicacións prácticas de diversas titulacións relacionadas co sector Turístico e o mundo da Hostalería.</p> <p>Coñecer as titulacións ofertadas polo Centro Superior de Hostalería de Santiago (Universidade de Santiago de Compostela).</p>	<p>Clase práctica de Economía do Centro Superior de Hostalería de Galicia.</p> <p>(Presenta unha educadora do CSHG, en presenza do profesor de Economía e da orientadora).</p>

8ª	31 de marzo de 2025	<p>Coñecer experiencias reais de outras persoas no ámbito vocacional.</p> <p>Obter información sobre opcións concretas de vida dende unha perspectiva de servizo.</p> <p>Respectar a diversidade con respecto ás opcións persoais de vida.</p> <p>Valorar a importancia da elección vocacional dentro do propio proxecto persoal de vida.</p>	<p>CAMPAÑA VOCACIONAL</p> <p>Actividade conxunta (por determinar) (1ªA, 1ªB e 1ªC)</p> <p>Posible “Táboa redonda” (Estudantes, relixiosos/as, profesionais,..., de distintos ámbitos).</p> <p>Actividade alternativa</p> <p>(Organiza o Dpto. de Pastoral)</p>
----	---------------------	---	---

2º BACHARELATO/ POAP 2024-2025

SESIÓN	DATA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES (MATERIAL)
1 sesión de 2 horas	18 de outubro de 2024	<p>Contribuír á orientación profesional dos alumnos e alumnas de Bacharelato</p> <p>Coñecer de primeira man distintas profesións e titulacións superiores e establecer contactos para aclarar posibles dúbidas sobre a elección vocacional no futuro</p>	<p>I XORNADA “Construíndo o meu futuro”:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Táboa redonda con antigos alumnos/as con diferentes perfís de estudos universitarios, de FP, outros estudos superiores ou profesións de distintos ámbitos - Consulta de dúbidas persoais por seccións e especialidades - Invitación a un ágape aos antigos alumnos/as participantes
1ª	02 de decembro de 2024	<p>Coñecer as titulacións e servizos desta Universidade, así coma outras informacións de interese (prazos de inscrición, prezos, bolsas, probas específicas de acceso...)</p>	Charla-presentación da Univ. Europea de Madrid
2ª	20 de xaneiro de 2025	<p>Coñecer a estrutura e funcionamento da Proba de Acceso á Universidade (fase xeral, fase específica, ponderacións...).</p> <p>Ofrecer ao alumnado recomendacións e consellos para acadar bos resultados na PAU</p> <p>Valorar a importancia da nota media do Bacharelato e da boa preparación da PAU para o acceso á Universidade</p>	Charla informativa sobre a PAU, parte I (Dna. Mª José Cabaleiro, delegada da PAU no noso centro)
3ª	3 de febreiro de 2025	<p>Achegar ao alumnado ao mundo da Universidade.</p> <p>Ofrecer información aos alumnos e alumnas sobre carreiras vinculadas ás distintas opcións do Bacharelato.</p> <p>Coñecer as titulacións ofertadas pola Universidade de Santiago</p>	Charla informativa da Universidade de Santiago de Compostela (USC) Presencial
4ª	24 de febreiro de 2025	<p>Achegar ao alumnado ao mundo da Universidade.</p> <p>Ofrecer información aos alumnos e alumnas sobre carreiras vinculadas ás distintas opcións do Bacharelato.</p> <p>Coñecer as titulacións ofertadas pola Universidade de Vigo.</p> <p>Coñecer os servizos desta Universidade, así coma outras informacións de interese (prazos de inscrición, prezos, bolsas, probas específicas de acceso,...).</p>	Charla informativa da Universidade de Vigo (UVIGO) Presencial
5ª	10 de marzo de 2025	<p>Coñecer indicacións concretas para o desenvolvemento da Proba de Acceso á Universidade (fase xeral, fase específica, notas, trámites,...).</p> <p>Ofrecer ao alumnado recomendacións e consellos para a preparación e realización da PAU</p> <p>Coñecer o funcionamento da aplicación NERTA para o acceso á universidade.</p>	Charla informativa sobre a PAU, parte II (Dna. Mª José Cabaleiro, delegada da PAU no noso centro)
6ª	24 de marzo de 2025	<p>Achegar ao alumnado ao mundo da Universidade.</p> <p>Ofrecer información aos alumnos e alumnas sobre carreiras vinculadas ás distintas opcións do Bacharelato.</p> <p>Coñecer as titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña</p>	Charla informativa da Universidade da Coruña Presencial

7ª	31 de marzo de 2025	<p>Coñecer experiencias reais de outras persoas no ámbito vocacional.</p> <p>Obter información sobre opcións concretas de vida dende unha perspectiva de servizo.</p> <p>Respectar a diversidade con respecto ás opcións persoais de vida.</p> <p>Valorar a importancia da elección vocacional dentro do propio proxecto persoal de vida.</p>	<p>CAMPAÑA VOCACIONAL</p> <p>Actividade conxunta (por determinar) (2ºA, 2ºB e 2ºC)</p> <p>- Posible "Táboa redonda" (Estudantes, relixiosos/as, profesionais,...., de distintos ámbitos).</p> <p>Actividade alternativa (Organiza o Dpto. de Pastoral)</p>
----	---------------------	---	--

6. Criterios para a organización de recursos e a realización das actividades

ACTIVIDADES E RECURSOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Xornadas de paso de etapa co alumnado de 6º de EI e 6º de EP: organiza a Xefatura de Estudos de EI-EP, en coordinación co profesorado correspondente en cada caso e coa colaboración da Xefatura de Estudos de ESO-Bac, orientadora e profesorado desta etapa.

ACTIVIDADES E RECURSOS DE ESO E BACHARELATO

A maior parte das actividades descritas serán realizadas polo titor/a correspondente dentro da aula e da hora ordinaria de titoría, a excepción das realizadas directamente pola orientadora ou polos encargados dos organismos externos que nos visitan (segundo o indicado máis arriba), que normalmente teñen lugar na Aula Magna, e algunha puntualmente fóra da aula.

Empregaranse dinámicas activas e participativas, promovendo e motivando sempre unha reflexión persoal por parte do alumnado.

Ademais de todas as actividades grupais descritas anteriormente e das entrevistas previstas para 4º de ESO, a orientadora do centro recibirá persoalmente a aqueles alumnos e alumnas que soliciten ou precisen un asesoramento vocacional personalizado. As solicitudes poderán realizarse a través dos titores/as ou ben directamente coa orientadora.

Facilitarase información ao alumnado sobre Bolsas para estudos nas Universidades ou no estranxeiro, servizos universitarios...

7. Canais de colaboración coas familias e servizos externos ao Centro

ACTIVIDADES COAS FAMILIAS

A colaboración coas familias é un aspecto fundamental de cara a acadar unha correcta orientación académica e profesional nos nosos alumnos/as.

A continuación, describimos as diferentes actividades previstas coas familias do noso centro para este curso dentro do ámbito da orientación académica e profesional:

DATA (aproximada, por determinar)	DESTINATARIOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES
Xaneiro-febreiro de 2025	Familias de 2º ESO	Posible reunión para presentar diferentes aspectos relacionados coa marcha académica e a orientación escolar dos alumnos/as.	Director, Xefa de Estudos de ESO-Bac., coordinador de Pastoral, coordinadora de ESO, titores/as e Orientadora

Xaneiro-febreiro de 2025	Familias de 4º ESO	Posible reunión para presentar diferentes aspectos relacionados coa marcha académica dos alumnos/as. Entre eles, a oferta de Bacharelatos do noso centro.	Director, Xefa de Estudos de ESO-Bac., coordinador de Pastoral, coordinadora de ESO, titores/as e Orientadora
Febreiro-marzo de 2025	Familias de 2º Bac.	Posible reunión para dar a coñecer ás familias o funcionamento da PAU e outros aspectos relacionados coa orientación escolar e profesional dos seus fillos/as.	Director, Xefa de Estudos de ESO-Bac., coordinadora da PAU, titores/as e Orientadora
2º ou 3º trimestre	Familias de todo o centro	Participación nunha posible táboa redonda sobre profesións en 1º de Bacharelato	Orientadora
Todo o curso	Familias ESO e Bacharelato	Atención individualizada para asesoramento escolar e vocacional	Orientadora
2º ou 3º trimestre	Familias de todo o centro	Participación voluntaria na SEMANA VOCACIONAL	Departamento de Pastoral

Ademais de todo o anterior, enviarase información ás familias acerca de todas as universidades con actividades dispoñibles e de interese para o alumnado, principalmente as do SUG (Sistema Universitario de Galicia).

COLABORACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

No ámbito da orientación académica e profesional, consideramos outro eixo fundamental a colaboración con todo tipo de organismos e entidades externas, como poden ser os seguintes:

- Universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia
- Universidades privadas de Galicia e resto de España
- Facultades do campus universitario de Ourense
- Facultades da zona norte de Portugal
- Outros centros de Estudos Superiores
- Residencias Universitarias
- Centros de Formación Profesional da cidade
- Servizos de Orientación Laboral
- Empresas, Polígonos Industriais, Asociacións de Empresarios...
- Delegacións de Educación
- Concello de Ourense

...

8. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan.

O deseño e elaboración deste Plan de Orientación Académica e Profesional corresponde á orientadora do centro, coas aportacións do Equipo de Pastoral e baixo a supervisión das Xefaturas de Estudos e a CCP de ESO-Bac.

Deberá ser aprobado polo equipo Directivo, e avaliado trimestralmente polo equipo de titores de ESO-Bac. (na etapa de Educación Secundaria, cada titor/a irá avaliando diariamente as titorías realizadas co alumnado. Para iso, rexistrará no diario de clase da Plataforma Educ@mos a súa valoración da actividade **realizada: dinámicas, materiais, implicación do alumnado,...**) **Ao final de cada trimestre (ou como mínimo dúas veces no curso)**, a orientadora recollerá estas valoracións para trasladalas á CCP de ESO Bac (ou Xefa de Estudos e coordinador de Pastoral), e serán analizadas e trasladadas ao equipo de titores.

Ao final do curso, realizarase ademais unha avaliación do POAP dentro da avaliación do PAT anual por parte do alumnado, que se recollerá nunha plantilla polo titor/a en cada aula.

Tamén ao final do curso, o Departamento de Orientación xunto co Equipo de Pastoral, emitirá un informe sobre o desenvolvemento da acción tutorial no centro (ou ben recollerá a información nun acta de reunión), no que se recollan as conclusións das avaliacións realizadas polos principais axentes implicados e as accións de mellora en relación á orientación académica e profesional.

O devandito informe incorporarase ao documento dos resultados da Avaliación Interna do centro, que será revisado posteriormente polo equipo directivo.

Os resultados da Avaliación anual do Plan servirán para introducir as correccións pertinentes que se terán en conta na planificación do seguinte curso.

Asemade, mediranse en cada momento oportuno, se procede, os Indicadores que correspondan ao desenvolvemento do POAP anual segundo estea establecido no Plan de Calidade do Centro.

ANEXO VII: PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Xustificación

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, ten como finalidade desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Segundo o establecido no Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, nos artigos 6 e 7 de dito decreto faise especial fincapé na atención ao alumnado con necesidades educativas específicas, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico que sexan precisos, deseñando accións encamiñadas á atención temperá e prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables coma de altas capacidades que presente o alumnado.

O noso Plan de Atención á Diversidade Plurianual 2020-2025 recolle a lexislación referente á organización da atención á diversidade e ás posibles modalidades de escolarización.

Tamén incorpora a referencia á importancia da atención á diversidade na Proposta Educativa das Escolas Salesianas, tanto desde o Proxecto Educativo-Pastoral Salesiano como desde o documento marco de Orientación nas Escolas Salesianas.

É importante salientar igualmente a necesidade de participación e coordinación por parte de toda a comunidade educativa ao respecto, na procura dunha mellora constante da calidade educativa.

No presente Plan anual de Atención á Diversidade recollemos a previsión das principais necesidades e medidas de atención á diversidade a aplicar durante o presente curso.

Ademais de todas as medidas ordinarias e extraordinarias recollidas no apartado 4 deste documento, aplicaranse tamén as medidas recollidas nos protocolos oficiais de actuación da Xunta de Galicia en relación aos diferentes diagnósticos e outras posibles diversidades (Protocolo de consenso de TDAH, Protocolo para alumnado con TEA...) en función das necesidades do noso alumnado.

2. Identificación e valoración das necesidades

PREVISIÓN INICIAL DO ALUMNADO con NEE ATENDIDO POLA ORIENTADORA

(Ver Anexo 3 coa listaxe do alumnado: omitido nesta versión do documento)

INFANTIL: 2 alumnos e alumnas
PRIMARIA: 8 alumnos e alumnas
ESO.: 49 alumnos e alumnas
BACHARELATO: 5 alumnos e alumnas

PREVISIÓN INICIAL DE ALUMNADO CON REFORZO EDUCATIVO

(Ver Anexo 3 coa listaxe do alumnado: omitido nesta versión do documento)

PRIMARIA: 59 alumnos e alumnas

PREVISIÓN INICIAL DO ALUMNADO ATENDIDO POR PT e AL

(Ver Anexo 3 coa listaxe do alumnado: omitido nesta versión do documento)

INFANTIL

AL: 14 alumnos e alumnas

PT: 16 alumnos e alumnas

PRIMARIA

AL: 22 alumnos e alumnas

PT: 33 alumnos e alumnas

ESO

PT: 3 alumnos

AL: 5 alumnos

3. Obxectivos para o curso 2024-25

No presente Plan Anual de Atención á Diversidade do noso Centro, ademais dos obxectivos xerais recollidos no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2), propoñemos os seguintes obxectivos anuais para o presente curso:

- **Completar e manter actualizado o “Arquivo definitivo” na rede interna do centro (carpeta de Orientación)**, para gardar os informes máis relevantes de cada alumno/a con neae e os que vaiamos elaborando no centro os especialistas do Departamento de Orientación, así coma outros rexistros de documentación e seguimento do alumnado .

- Poñer en marcha novas propostas para a atención ao alumnado de Altas Capacidades, insistindo especialmente na medida de ENRIQUECEMENTO CURRICULAR vencellado ás distintas áreas e en coordinación cos mestres das mesmas.

- Solicitar novamente ás autoridades correspondentes o concerto educativo dunha segunda unidade de Educación Especial para o noso centro.

4. Actuacións, medidas e programas para a Atención á Diversidade

4.1 Marco Legal

O marco legal que regula as medidas da atención á diversidade, tamén recollido no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2), é a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a Atención á Diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Salientamos aquí unicamente algúns exemplos dos diferentes tipos de medidas que se poden aplicar nos centros educativos.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

- Aulas de atención educativa e convivencia.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

4.2 Concreción para o noso Centro

A continuación detállase a previsión de actuacións durante este curso en relación ás medidas de atención á diversidade que se desenvolven no noso Centro segundo se expón na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a Atención á Diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Etapas de EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

O Reforzo Educativo

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

Inicialmente, segundo a previsión, atenderase a 62 alumnos e alumnas de educación Primaria.
horario de distribución do profesorado de reforzo educativo quedaría como segue:

Reforzo Educativo EP					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00	Isa 1ª LEN Luisa 5ª C LEN Pablo A. RI 3ª MAT		Ruth 1ª LEN Vera 5ª C MAT Yolanda 5ª A LEN Alicia RI 3ª LEN	Alicia 6ª C MAT	Marta Bes. 3ª A GAL Marta Bóv. 6ª B MAT María C. RI 2ª LEN
11:00	CCP	Loli 2ª C LEN Rosa S. 3ª B GAL Alicia 4ª B LEN Isa RI 1ª MAT	Vera 1ª B ENG (Enzo) Manuel 3ª B MAT Iván 5ª A MAT Cris L. RI 2ª MAT	Vera 1ª A MAT	Rosa S. 4ª A MAT Luisa 4ª C MAT Marta Bóv. 5ª B MAT Loli RI 1ª LEN
RECREO					
12:30	Eze 3ª B GAL Marta Bóv. 5ª C MAT Rosa RI 4ª MAT Laura 2ª C MAT 13:00 a 13:30	Marta Bes. 4ª A LEN Marta Bóv. 5ª A ARTS	Rosa S. 5ª B LEN Marta Bes. RI 4ª LEN	Iván 5ª B LEN	Luisa 1ª B MAT Vera 2ª A MAT Manuel 4ª B GAL
COMIDA					
15:30	Vera 5ª C GAL	Alicia 2ª A GAL Yolanda 5ª A LEN Marta Bes. 5ª B MAT	Loli 1ª C MAT Pablo A. 1ª A MAT Pablo M 5ª B GAL	Manuel 2ª A GAL Marta Bóv. 2ª C GAL	Laura 1ª B GAL Vera 5ª B GAL Natalia 5ª A SOC (Jesús)
16:30	Marta Bóv. 3ª B LEN	Pablo A. 4ª C GAL Pablo M. 5ª C LEN	Pablo A. 4ª A GAL Pablo M. 5ª C GAL	Natalia 5ª B GAL	Laura 1ª A GAL Natalia 5ª C GAL

O Apoio Educativo dos especialistas (PT - AL)

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- Por parte do profesorado de PT prestarase apoio específico continuado, de xeito presencial, a 14 alumnos de educación infantil, 36 de educación primaria e 3 de ESO. Cinco destes alumnos (dous de educación primaria e tres de ESO) teñen escolarización combinada coa aula de educación especial, coa previsión de contar a maiores con outro alumno de educación primaria. - Queda aberta a posibilidade de que a maiores se faga seguimento puntual, ben presencial, ben telemático, doutros alumnos que non están aquí reflectidos.

- Por parte do mestre de AL serán atendidos este curso 14 alumnos de educación infantil, 23 de educación primaria, e 3 alumnos de educación secundaria tamén existindo a posibilidade de que a

maiores se faga seguimento puntual, ben presencial, ben telemático, doutros alumnos que non están aquí reflectidos.

A Adaptación Curricular Significativa

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Solicitude de aprobación dunha nova ACS de 2 alumnos de 1º de educación primaria.
- Continuación coa ACS dun alumno e dunha alumna de 2º EP, e dun alumno de 5º de educación primaria.

As Adaptacións de Acceso ao Currículo

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Un alumno de 1º EP, dous alumnos de 2º EP, un alumno en 5º EP e outra en 1º ESO con uso puntual de sistema de comunicación aumentativo por intercambio de imaxes (pictogramas) para anticipación de tarefas, rutinas e horarios da aula.

Permanencia un ano máis no mesmo curso.

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

A Avaliación Psicopedagóxica.

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Inicialmente, están previstas 3 AVALIACIÓNS PSICOPEDAGÓXICAS POR PARTE DA ORIENTADORA na etapa de Infantil e 4 na etapa de Primaria (pendentes do curso pasado). Iranse atendendo ademais as derivacións que envíe o profesorado a partires do mes de outubro.

A atención ao ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES (AACC)

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Durante este curso, organizaranse un ou dous grupos específicos para o traballo co alumnado de ALTAS CAPACIDADES por proxectos, dependendo do curso e número de alumnos com diagnóstico e características específicas. Priorizarase ademais o enriquecemento curricular dentro das materias.
- Alumnado previsto para este curso: unha alumna de 3º EP e dous alumnos de 5º EP.

A Avaliación Inicial

Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2).

Medidas de atención á diversidade recollidas nas PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Concrétanse nas Programacións Didácticas, atendendo ás condicións do alumnado de cada curso.

Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Non hai previsión para este curso de alumnado nestas circunstancias.

Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Polo de agora, non está prevista a incorporación de alumnado procedente do estranxeiro e con necesidades educativas nestas etapas.

Medidas de atención ao alumnado con problemas de conduta e programas de habilidades e competencias sociais

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Ademais de tódalas medidas preventivas ordinarias destinadas á mellora da convivencia nas aulas e no centro, cóntase con medidas específicas de atención ao alumnado que presente condutas contrarias á convivencia e/ou problemas de conduta.

Grupos de DIVERSIDADE, de formación e traballo do profesorado.

Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Etapas de ESO e BACHARELATO

O Reforzo Educativo e os Desdobramentos

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- Reforzo das Linguas Galega e Castelá para o alumnado con exención de Francés de 1º e 2º de ESO.
Profesorado: María Molina e Cler

- Reforzo das Linguas Galega e Castelá como hora curricular en 1º de ESO (1 hora semanal)

- Reforzo de Matemáticas nos cursos de 1º e 2º de ESO como hora curricular, durante 1 hora semanal

- Inicialmente, se é posible contéplase o reforzo en Lingua Galega e/ou Lingua Castelá (ampliable a outras materias, como Física e Química ou Matemáticas) por parte da orientadora como mínimo con 2 alumnos con necesidade específica de apoio educativo de 1º ESO.

- Durante este curso, tamén está previsto contar con desdoblamento na materia de Matemáticas en 2º de ESO. O alumnado da aula ordinaria dividirase en 2 grupos con necesidades pedagóxicas equilibradas e cada grupo será atendido por unha profesora.

O Apoio Educativo dos especialistas (PT - AL)

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- Durante este curso, atenderase prioritariamente a dous alumnos de 4º de ESO que teñen escolarización combinada coa aula de Educación Especial.
- Intentarase atender algunha hora a unha alumna de 1º ESO e un alumno de 2º ESO con AC.

A Adaptación Curricular Significativa

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Continuación coa ACS de 5 alumnas de 1º ESO
- Continuación coa ACS dun alumno e unha alumna de 2º ESO
- Continuación coa ACS de dous alumnos de 4º ESO

As Adaptacións de Acceso ao Currículo

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Ata o momento non temos previsión de alumnado na etapa de ESO que precise desta medida

Permanencia un ano máis no mesmo curso.

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Está prevista a permanencia un ano máis no curso para o seguinte alumnado:
 - 1º ESO: 1 alumna
 - 2º ESO: 6 alumnos
 - 3º ESO: 5 alumnos + 1 alumno e 1 alumna PIR
 - 4º ESO: 1 alumno
 - 1º Bacharelato: 0 alumnos
 - 2º Bacharelato: 2 alumnos

Opcionalidade na Educación Secundaria.

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- En 3º ESO non hai alumnado suficiente para impartir as materias de Cultura Financeira, Oratoria e Cultura Clásica. O resto de materias ofertadas (Educación Dixital e Francés) está cuberto.
- En 4º ESO non hai alumnado suficiente para impartir a materia de Matemáticas A (orientada a ciclos formativos) nin a materia optativa de Música. O resto de materias optativas ofertadas (Francés, Expresión Artística, FOPP, Tecnoloxía e Dixitalización) está cuberto en maior ou menor medida.
- En 1º Bacharelato, hai alumnado repartido entre todas as materias e modalidades ofertadas polo noso centro e recollidas no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2) excepto na materia optativa de Literatura Universal, por non escollela un número mínimo de alumnas e alumnos para facer grupo.
- En 2º Bacharelato, hai alumnado repartido entre todas as materias e modalidades ofertadas polo noso centro e recollidas no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2).

A Exención da segunda Lingua Estranxeira (Francés)

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión de alumnado proposto para esta medida durante este curso (ver anexo V):

- 1º A ESO: 5 alumnos/as propostos, aceptaron 2
- 1º B ESO: 4 alumnos/as propostos, aceptaron 3 (+1 pendente)
- 1º C ESO: 6 alumnos/as propostos, aceptaron 2 (+1 pendente)
- 2º A ESO: 3 alumnos
- 2º B ESO: 3 alumnos/as
- 2º C ESO: 3 alumnos/as

A atención ao ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES (AACC)

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Durante este curso, organizaranse 2 grupos específicos para o traballo por proxectos co alumnado de ALTAS CAPACIDADES e/ou alto rendemento:
- Un grupo de 1º a 3º de ESO: traballarán inicialmente en dous proxectos vencellados a NaturezAula: Horto escolar e Sendeiro periurbán.
- Un grupo de 4º de ESO e Bacharelato: traballarán en diferentes proxectos para participar no Congreso de Jóvenes Científicos de Ponferrada (León).
- Priorizarase ademais o enriquecemento curricular dentro das materias e, se é posible, a participación en proxectos que non supoñan o traballo presencial en grupos específicos.
- Para este curso, a previsión de alumnado de altas capacidades na etapa de Secundaria é a seguinte:

- alumnos e 2 alumnas de 1º ESO
- alumnos de 2º ESO
- 1 alumno e 1 alumna de 3º ESO
- 1 alumno e 1 alumna de 4º ESO
- 1 alumno de 1º Bac.
- 1 alumno e 1 alumna de 2º Bac.

Os programas de diversificación curricular

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Pese a que esta medida de atención á diversidade parécenos moi necesaria e positiva para a atención ao alumnado con maiores necesidades, polo de agora seguimos sen ter a posibilidade de implantala no noso centro.

A avaliación inicial

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2))

Previsión para este curso:

- Para facilitar a coordinación entre o profesorado de 6º de EP e 1º ESO no cambio de etapa, a orientadora facilita aos tutores/as de 1º de ESO as actas da sesión final de avaliación de 6º EP dos tutores/as do curso pasado, co obxectivo de coñecer as características e informacións máis salientables do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A maiores, os tutores das dúas etapas poderán consultar especificamente entre eles as dúbidas que puideran ter.
- Para o resto dos cursos de ESO e Bac., ademais da revisión dos informes de avaliación individualizados realizados por cada profesor/a a finais do curso pasado, o profesorado reunirse por Seminarios coa fin de coordinar os contidos das materias, priorizar obxectivos e adaptar as probas de avaliación inicial.
- As sesións de avaliación inicial da ESO terán lugar os martes 8 (1º e 2º de ESO) e 15 (3º e 4º de ESO e Bacharelato) de outubro .

CONSELLO ORIENTADOR

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- Segundo a aplicación da normativa LOMLOE, este curso entregarase o Consello Orientador para o curso de 4º de ESO, e nos casos que o precisen para a incorporación a un ciclo de Grao Básico de Formación Profesional.
- Seguirán reforzándose as titorías referidas á orientación profesional e académica do alumnado.

Plan de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- O profesorado organizará estas medidas nas reunións de Seminarios e quedarán recollidas nas Programacións Didácticas.
- As datas das probas escritas de recuperación serán en torno ás seguintes:
 - 1ª data: decembro de 2024 ou xaneiro 5
 - 2ª data por determinar (finais do 2º trimestre ou inicio do 3º)

Medidas de atención á diversidade recollidas nas PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- En 4º de ESO recolleranse as medidas de atención á diversidade previstas desde o profesorado correspondente para os dous alumnos con escolarización combinada na aula de Educación Especial.
- As programacións didácticas deberán incluír un Plan de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2023-24.
- As programacións intentarán basearse na medida do posible no DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe), de xeito que sexan o máis inclusivas posible.

Alumnado que se INCORPORA DE FORMA TARDÍA ao sistema educativo

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- Polo de agora incorporáronse 1 alumno e 1 alumna na etapa de Secundaria, e estanse a realizar as avaliacións iniciais para determinar as medidas necesarias se procede.

Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

- Polo de agora, non está prevista a próxima incorporación de alumnado procedente do estranxeiro e con necesidades educativas nestas etapas.

- Incorporáronse en setembro 1 alumno e 1 alumna en 2º ESO procedentes do estranxeiro (Venezuela e Francia respectivamente), e 1 alumna en 4º ESO procedente de México. As medidas concretaranse trala avaliación inicial.

Medidas de atención ao alumnado con TRASTORNOS DE CONDUCTA e Programas de habilidades e competencias sociais

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- Polo de agora temos previsión de 1 alumno e 1 alumna en 2º de ESO con problemas graves de conduta (os dous asociados a un diagnóstico de TDAH). Terán o seguimento oportuno por parte da orientadora.

- No caso de que algún alumno/a teña problemas graves de conduta asociados a algún outro diagnóstico ou circunstancia (TEA, TDAH, situación familiar desfavorecida...), poderá ter certa flexibilidade no cumprimento das normas, acordada previamente no equipo docente e sempre que isto non prexudique a seguridade e integridade do alumno/a ou dos demais compañeiros/as e persoal do centro.

A Avaliación psicopedagóxica

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- Na etapa de Secundaria, polo de agora hai catro avaliacións psicopedagóxicas pendentes de realizar ou completar por parte da orientadora: un alumno e unha alumna de 1º ESO, e dúas alumnas de 3º ESO. Tres delas son por posibles AACC e outra por varias dificultades de aprendizaxe.

Apoio de profesionais externos

(Ver definición, obxectivo, axentes implicados e procedemento para a aplicación desta medida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- Polo de agora, non hai previsión de poder contar con esta medida no centro durante este curso para ningún alumno de ESO con necesidades educativas especiais.

A escolarización na UNIDADE DE EDUCACIÓN ESPECIAL do Centro

O noso centro conta cun Aula de Educación Especial desde o curso 2013-14.

(Ver detalles e organización no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2)

Previsión para este curso:

- O alumnado escolarizado actualmente na Aula de Educación Especial é o seguinte: 1 alumna de 2º EP, 1 alumno de 5º EP, 1 alumna de 1º ESO e 2 alumnos de 4º ESO. Está previsto solicitar a incorporación a esta aula nos próximos meses de 2 alumnos de 1º EP, para os que se solicitará proximamente un cambio na modalidade de escolarización.
- Debido ao elevado número de casos que se están diagnosticando con NEE solicitaremos de novo e por terceira vez consecutiva o concerto dunha segunda aula de educación especial, para prestar unha mellor atención a este alumnado, de xeito combinado coa súa aula ordinaria.
- A atención a este alumnado terá prioridade sobre todos os demais alumnos/as do centro con necesidades educativas especiais.

5. Criterios para a organización de recursos e a aplicación das medidas

A organización de recursos para a atención á diversidade está recollida no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2).

6. Coordinación interna da Atención á Diversidade

O Departamento de Orientación do Centro será o responsable de coordinar o desenvolvemento deste Plan Anual de Atención á Diversidade tal e como se explica no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2).

Previsión para este curso:

- Reunión ordinaria do Equipo de Orientación: martes de 12:30 a 13:30 h. (13:00 a 14:00 h. nos meses de setembro e xuño)
- Reunións extraordinarias do Equipo de Orientación: algún martes de 16:30 a 17:30 (en setembro e xuño segundo o calendario de reunións do profesorado).
- Reunións de paso de ciclo ou etapa:
 - 6º EP e 1º ESO: entregarase material aos titores/as
 - 6º EI e 1º EP: 5 de setembro de 2024
 - 2º EP e 3º EP: 5 de setembro de 2024
 - 4º EP e 5º EP: 5 de setembro de 2024
- Reunión inicial de equipos docentes coa orientadora para a previsión e seguimento da atención á diversidade nas etapas de ESO e bacharelato: 10 de setembro de 2024
- Reunións de equipos docentes para o seguimento da atención á diversidade nas etapas de ESO e bacharelato: ademais das sesións de avaliación, nestas etapas destinaranse algunhas das reunións dos martes de profesorado ao seguimento da atención á diversidade, segundo o calendario indicado desde a Xefatura de Estudos correspondente.

7. Canais de colaboración coas familias e servizos externos ao centro

Tal e como se recolle no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2), na atención á diversidade educativa é prioritario o contacto e traballo coordinado coas familias, así coma con outros servizos externos ou institucións implicadas no desenvolvemento escolar e persoal de cada alumno/a (ver PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2).

Co fin de optimizar os nosos recursos, os especialistas en PT e AL darán prioridade á súa presenza naquelas entrevistas con familias nas que a súa comunicación directa sexa prioritaria ou máis necesaria, ou cando non podan ser resoltas unicamente polo titor/a correspondente.

Durante o curso actual, priorizarase na atención ás familias a modalidade presencial. Só cando esta non sexa posible se realizarán as entrevistas de xeito non presencial.

Para a coordinación cos servizos externos poderán empregarse tanto a modalidade presencial como a non presencial (online ou por teléfono), dependendo das posibilidades horarias.

8. Protocolos para a solicitude e/ou autorización de medidas ordinarias e extraordinarias

Para a solicitude de calquera das medidas de atención á diversidade empréganse con carácter xeral unha serie de rexistros á disposición do profesorado na rede informática do Centro e no repositorio de Drive de que dispón o Centro, tal e como se recolle no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2).

Para o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade recollidas neste documento, dispoñemos no departamento dos rexistros e protocolos correspondentes. Estes protocolos están a ser revisados polo Equipo de Orientación e pendentes de aprobación polo equipo Directivo. Serán incorporados tamén ao Plan de Atención á Diversidade na medida do posible.

9. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

Tal e como se recolle no PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (V.2), o seguimento ordinario deste plan será levado a cabo por parte do Equipo de Orientación, que mantén unha reunión semanal para dita tarefa, entre outras.

A avaliación do plan realizarase trimestralmente por parte do Equipo de Orientación, deixando constancia da mesma nun rexistro elaborado ao efecto ou nun acta de reunión.

Ao remate do curso, os obxectivos e accións previstos no PAD serán avaliados polos distintos equipos implicados no desenvolvemento do mesmo, e as aportacións quedarán rexistradas no documento de Avaliación Interna do centro, onde tamén se incluírán as propostas de mellora a ter en conta para a planificación do seguinte curso académico.

10. Anexos

(Recollidos na rede interna do centro por protección de datos)

ANEXO VIII: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. Características xerais e principios da acción titorial

A acción titorial no noso centro debe ser continua, dirixida a tódolos alumnos e alumnas e a tódalas dimensións da persoa, para facilitar a formación integral.

Terá en conta os diferentes axentes implicados, os distintos niveis educativos, así como as necesidades propias do momento madurativo e educativo do alumnado.

Estará contemplada no Proxecto Curricular, concretándose na Programación anual para cada curso e grupo.

O PAT será tomado como un referente e, a partires de aí, priorizaranse determinadas funcións axeitándoas ás necesidades e contextos.

Tal e como se recolle no noso Proxecto Educativo Inspectorial, desde o noso estilo e conviccións educativas, consideramos como fundamentos básicos de toda a intervención titorial no noso centro os seguintes:

PERSONALIZACIÓN: acollemos, coñecemos e acompañamos a cada alumno ou alumna e á súa familia da forma máis cercana posible.

EDUCACIÓN INTEGRAL: potenciamos o **desenvolvemento** de todas as dimensións da persoa (física, emocional, intelectual, social e ético-trascendente).

PREVENTIVIDADE: preparamos para afrontar as diferentes situacións da vida con madurez e esperanza.

ENFOQUE VOCACIONAL: promovemos, acompañamos e apoiamos **nos nosos** alumnos e alumnas a construción dun proxecto persoal de vida, que unifique, oriente e **dea** sentido á existencia.

ENFOQUE PASTORAL: desde **a nosa** opción de educación integral, educamos evanxelizando e evanxelizamos educando.

FLEXIBILIDADE: adaptamos a acción titorial á realidade, contextualizándoa de forma creativa en función das necesidades.

VERTICALIDADE: entendendo a acción titorial como un proceso continuado que se inicia desde que un alumno ou alumna se incorpora **ao** colexio e finaliza **ao marchar del**, establecemos un plan coherente e unificado para todas as etapas, con obxecto de garantir a formación integral e progresiva.

CORRESPONSABILIDADE: a acción titorial **é** unha responsabilidade compartida na que se compromete toda a comunidade educativa que **intervén** co alumnado.

MELLORA CONTINUA: renovación e innovación en liña co progreso científico e os procesos de actualización do centro.

2. Funcións da titoría

A **FINALIDADE** da acción titorial é a de desenvolver procesos educativos co alumnado, familias e docentes tendentes a :

Favorecer o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas individualmente e en grupo, así como promover a convivencia e a integración na vida da escola.

Realizar un seguimento personalizado dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Acompañar e seguir os procesos de toma de decisións de cada alumno ou alumna vinculados á construción do propio proxecto de vida.

No noso centro distinguimos entre funcións xerais da orientación e da tutoría para os distintos axentes implicados, e funcións específicas para cada etapa, segundo se indica no plan plurianual de Acción Tutorial.

Recollemos a continuación as funcións principais para a etapa de Secundaria.

2.1 Funcións xerais con respecto aos diversos axentes

Con los alumnos	Con el Equipo Docente	Con las familias	Con el Equipo Directivo
<p>Facilitar la integración de los alumnos en su grupo clase y en el conjunto de la dinámica escolar.</p> <p>Contribuir a la individualización y personalización de los procesos de enseñanza-aprendizaje</p> <p>Efectuar un seguimiento de los procesos de aprendizaje de los alumnos para detectar dificultades y las necesidades especiales con la finalidad de elaborar respuestas educativas adecuadas y recabar, si fuera necesario, los oportunos asesoramientos y apoyos.</p> <p>Coordinar el proceso de evaluación de sus alumnos, así como asesorar y orientar su promoción.</p> <p>Favorecer los procesos de maduración vocacional, así como la orientación educativa profesional de los alumnos.</p> <p>Fomentar en el grupo de alumnos el desarrollo de actitudes participativas en el centro y en su entorno sociocultural.</p>	<p>Coordinar el ajuste de las programaciones al grupo de alumnos, especialmente para aquellos con necesidades educativas especiales y/o de apoyo.</p> <p>Coordinar el proceso evaluador que llevan a cabo los profesores del grupo-clase, así como, en general, recabar la información que tengan los profesores de cada alumno.</p> <p>Posibilitar líneas comunes de acción con el resto de los tutores que deben quedar reflejadas en el Proyecto Educativo de centro y, en su caso, también en el Departamento de Orientación.</p> <p>Mediar entre los alumnos y otros profesionales: demandas, inquietudes, conflictos.</p>	<p>Contribuir al establecimiento de relaciones fluidas con las familias que faciliten la conexión entre éstas y el centro.</p> <p>Implicar a las familias en actividades de apoyo al aprendizaje y orientación de sus hijos.</p> <p>Informar, asesorar y orientar a las familias en todos aquellos aspectos que afecten a la educación de sus hijos.</p>	<p>Disponer de toda la información que sobre la acción tutorial llegue al centro.</p> <p>Colaborar estrechamente para optimizar el rendimiento académico y educativo en el centro.</p> <p>Favorecer la inclusión del plan de acción tutorial en el Proyecto Curricular de centro.</p> <p>Hacer propuestas de asignación de las tutorías, teniendo en cuenta criterios pedagógicos.</p> <p>Estimular la consolidación de equipos de tutores.</p> <p>Fomentar el funcionamiento del Departamento de Orientación como ayuda y soporte técnico a la Acción Tutorial.</p> <p>Planificar un tiempo para preparar y desarrollar actividades tutoriales.</p> <p>Promover una evaluación de la Acción Tutorial continua.</p>

2.2 Funcións específicas atendendo ás diversas etapas

Infantil y Primaria	Educación Secundaria Obligatoria	Bachillerato
<p>Apoyar y promover el proceso de adaptación del niño-a a la nueva situación escolar, con la colaboración de la familia.</p> <p>Procurar que el niño-a se sienta a gusto con el grupo.</p> <p>Crear y desarrollar hábitos básicos: limpieza, orden, convivencia, participación, responsabilidad, autonomía.</p> <p>Enseñar y lograr que los niños y niñas asimilen los aprendizajes instrumentales básicos, de acuerdo con las características diferenciales de cada uno.</p> <p>Mantener siempre una actitud preventiva ante cualquier síntoma de desajuste que se detecte.</p> <p>Facilitar la adquisición progresiva de hábitos de autonomía, técnicas de autoaprendizaje y de trabajo intelectual..</p> <p>Actuar de forma coordinada con los miembros del equipo de ciclo y etapa.</p> <p>Educar en la apertura a la trascendencia y a los valores evangélicos con un estilo salesiano</p>	<p>Conocer y comprender el momento evolutivo por el que están pasando los alumnos y alumnas.</p> <p>Facilitar la acogida de alumnos-as que se incorporan nuevos favoreciendo su integración en el grupo.</p> <p>Coordinar el equipo docente para unificar actitudes, metodologías, niveles de exigencia, realización de actividades interdisciplinares, aplicación de ejes transversales, etc.</p> <p>Informar y orientar para la elección de itinerarios, materias, etc.</p> <p>Ayudar en el proceso de inserción laboral a aquellos alumnos y alumnas que concluyen la ESO y deciden acceder al mundo del trabajo.</p> <p>Atender de forma individualizada a los alumnos con necesidades educativas especiales de acuerdo con los planes y estrategias previstos.</p> <p>Continuar promoviendo el desarrollo y afianzamiento de los hábitos de autonomía y procesos de aprendizaje.</p> <p>Hacer efectiva la prevención, con atención especial a la drogodependencia, tabaquismo y alcohol.</p> <p>Educar en la apertura a la trascendencia y a los valores evangélicos con un estilo salesiano</p>	<p>Profundizar en conocimiento de las aptitudes, intereses y motivaciones de cada uno de los alumnos para ayudarles en la toma de decisiones sobre su futuro educativo y profesional.</p> <p>Conocer las expectativas académico-profesionales del grupo y ofrecerles la información pertinente.</p> <p>Conocer los distintos itinerarios educativos y sociolaborales.</p> <p>Orientar y ayudar a cada alumno y alumna a la hora de afrontar su propio proceso y opción de vida, en el ámbito personal, vocacional, académico y laboral.</p> <p>Colaborar con el Departamento de Orientación, equipo docente y otros profesionales para facilitar a los alumnos contactos y experiencias directas con el mundo del trabajo.</p> <p>Potenciar la autoorientación a la hora de reflexionar sobre las propias potencialidades y actitudes a fin de poder elegir entre las distintas alternativas académicas o laborales.</p> <p>Educar en la apertura a la trascendencia y a los valores evangélicos con un estilo salesiano</p>

A modo de síntese, na Educación Secundaria (ESO e Bacharelato), ademais das funcións asignadas á Educación Infantil e Primaria, serían específicas deste nivel educativo:

Reforzo dos procesos de ensino-aprendizaxe e de atención á diversidade.

A orientación ante as distintas opcións educativas.

A orientación para a transición á vida activa.

3. Axentes implicados

Os principais axentes implicados sobre os que recae a acción titorial son:

Titor/a:

- É o profesor que coordina a acción titorial dun grupo-clase.
- É o responsable da dinámica titorial e orientadora do seu grupo.
- O seu papel consistirá en coordinar e desenvolver a acción titorial cos seus alumnos/as a través dunha estreita coordinación con tódolos axentes implicados, especialmente co grupo de profesores que imparten docencia nese grupo.
- Mantén contactos periódicos coas familias, convenientemente preparados e co seguimento oportuno.
- Deberá amosarse cercano/a e sensible ás necesidades do alumnado, desde unha actitude de escoita atenta e capacidade de empatía, sendo para todos un modelo coherente de referencia.

Alumnado:

- Son os destinatarios directos da intervención titorial, non como meros receptores, senón como parte implicada que participa na planificación, execución e avaliación.

Familias:

- Son os principais responsables da formación dos seus fillos. Para elo, han estar en estreita relación co centro a través do titor/a para intercambiar información sobre os seus fillos e aportar todo aquilo que poda resultar de interese no seu proceso educativo. O propio titor poraos en contacto con outras instancias cando fose preciso.

Equipo Docente:

- É o grupo de profesores do grupo-clase chamado a compartir a acción tutorial co profesor-titor. - Calquera situación que se produza durante o desenvolvemento de cada unha das materias é óptima para afrontar aspectos da acción tutorial. Os equipos docentes de cada grupo reuniranse periodicamente, para dialogar e intercambiar información sobre a marcha do grupo, tomando, cando fose preciso, as medidas máis axeitadas.

Equipo de Titores/as:

- É o grupo formado por todos os titores e titoras das etapas de ESO e Bacharelato, que se reunirá trimestralmente para o seguimento do PAT anual baixo a coordinación do equipo PAT-EV.

Equipo PAT:

- É o equipo encargado de coordinar o seguimento das accións recollidas no Plan de Acción Tutorial na etapa de Secundaria, así coma o apoio ao Equipo de Titores. Está formado pola xefatura de estudos de Secundaria, o coordinador de Pastoral e a orientadora.

Orientadora:

- É a profesora especialista en psicoloxía, pedagogía ou psicopedagogía que ten, entre outras funcións, as de dinamizar, colaborar e prestar a axuda necesaria para que o titor/a e o equipo docente podan levar a cabo a acción tutorial con eficacia. Coordina e anima o Departamento de Orientación.

Xefa de Estudos:

- Como responsable de dirixir e coordinar a acción educativa do centro, entre as súas responsabilidades está a de coordinar o Plan de Acción Tutorial, facilitando as mellores condicións para que se poda levar a cabo.

Coordinador de Pastoral:

- É a persoa que coordina e anima a dimensión evanxelizadora no centro. Asistido e asesorado polo equipo de pastoral, impulsa e dinamiza a acción pastoral no centro a fin de que o educativo resulte evanxelizador e viceversa. Asegura que todo elo se leve a cabo desde a acción tutorial.

Coordinadora de etapa:

- É a figura que coordina, dentro do ámbito da etapa, o educativo-evanxelizador. Actúa, de cara ao equipo de titores/as, en sintonía e coordinación coa Xefa de Estudos e co Coordinador de Pastoral.

Equipo Directivo:

- É o órgano colexiado de goberno e xestión do centro cuxa misión fundamental é a animación e coordinación da acción educativo-pastoral do centro. Entre as súas funcións está a de aprobar o Plan de Acción Tutorial dentro do Proxecto Curricular de Centro e de Etapa.

Comisión de Coordinación Pedagóxica:

- É o órgano colexiado que anima e asesora en tódalas actividades e intervencións educativas relacionadas coa elaboración e aplicación do Proxecto Curricular.

4. Obxectivos e contidos da acción tutorial

A meta ou finalidade última da acción tutorial é acadar un desenvolvemento integral e harmónico do alumno que lle permita dar resposta ás necesidades e situacións de carácter persoal, educativo e profesional que se vai ir atopando ao longo da súa vida.

A modo de síntese, os **obxectivos xerais** da acción tutorial son os seguintes:

- Favorecer a integración do alumno ou alumna e da súa familia na comunidade educativa desde un enfoque inclusivo
- Seguir a marcha do proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno ou alumna, prevendo posibles dificultades e dando respostas axeitadas ás súas necesidades individuais
- Promover a formación integral do alumnado, en valores e competencias
- Orientar ao alumnado na toma de decisións e proxecto de vida
- Fomentar a interrelación familia-escola, de tal forma que posibilite unha converxencia na intervención educativa co alumnado

O desenvolvemento dos obxectivos xerais vaise traballar a través de **catro bloques** temáticos fundamentais, que se axeitarán ás necesidades de cada nivel educativo e dos que partirán cada unha das accións deseñadas. Son os seguintes:

a) Desenvolvemento persoal

- É un apartado de vital importancia para todas as persoas.
- Propoñémonos traballar persoal e grupalmente algúns aspectos moi decisivos para un desenvolvemento harmónico da personalidade do noso alumnado, principalmente os seguintes:
 - Autocoñecemento
 - Autoestima
 - Desenvolvemento emocional, afectivo e sexual
 - Autoeficacia

b) Desenvolvemento grupal

- Este bloque está encamiñado ao desenvolvemento da dimensión social da persoa, incidindo na aprendizaxe da convivencia e o autocoñecemento e mellora persoal nos seguintes aspectos:
 - Habilidades sociais
 - Crear e consolidar o grupo (coñecemento, identidade, regulación)
 - Aprender a convivir (cooperación, resolución de conflitos, toma de decisións, responsabilidades)
 - A vida do colexio
 - Todo isto a través da relación educativa, a observación, dinámicas...

c) Aprender a aprender

- Aínda que a orientación na aprendizaxe é tarefa fundamental do profesorado nas diferentes áreas ou materias, desde a titoría complementábase, por ser de grande importancia para a boa marcha escolar e un proveitoso rendemento académico. Son contidos propios desta área:
 - Motivación cara á aprendizaxe
 - Coordinación/supervisión da planificación
 - Aprender a aprender: autorregulación xeral da aprendizaxe
 - Seguimento individual e grupal do proceso e clima da aprendizaxe

d) Orientación vocacional

- Cada educador/a coñece aos seus alumnos/as. Ao estar cercano pode orientalos e aconsellalos na súa vida persoal e profesional, axudándolles a coñecerse e a construír o seu proxecto integral de vida.
- Hai idades e momentos onde esta orientación cobra maior importancia porque é preciso tomar decisións; neses momentos establécense programas axeitados de acompañamento/asesoramento para o alumnado e as súas familias.
- Este labor exercece na titoría complementándose co Departamento de Orientación.

- Son contidos propios deste bloque:

- O sentido da vida
- A relación co entorno, a sociedade e o mundo
- A exploración de necesidades e intereses
- A orientación escolar e/ou profesional
- A formación na toma de decisións
- A construción do meu propio proxecto de vida

5. Planificación de obxectivos e accións para o curso 2024-2025

Indicamos a continuación os obxectivos relacionados coa acción titorial previstos para este curso no centro:

- Ampliar a dúas sesións o traballo sobre a campaña “Ambiente Seguro” (Benestar e protección de menores) nas titorías de ESO (en 1º Bac. se é posible), e dinamizar en Infantil e Primaria o uso dos materiais dispoñibles.
- Seguir ampliando a colaboración de entidades externas nas titorías de educación afectiva e sexual buscando novas propostas para 6º de EP e 1º e 2º de ESO.
- Completar as actividades e recursos do novo Plan de Acción Titorial Inspectorial, realizando as achegas oportunas no equipo de traballo inspectorial correspondente se procede.

6. Titores/as para o curso 2024-2025

